

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 100 * DO 28 DE MARZO AO 10 DE ABRIL DE 1980 * 60 PESETAS

especial
numero
100



GOBERNADOR OPERATIVO


Acontece que no axuntamento gipuzkoano de Errenderi (oficialmente Rentería) teñen alcalde de Herri Batasuna. Resulta que o señor alcalde, e con el de de supor que boa parte dos concellais, acordaron, segundo "Egin" do día 20 de marzo, "en el concurso-oposición para siete plazas de policías municipales, considerar como "mérito preferente" el conocimiento del euskara, así como ser vecino de Rentería". Seica tampouco tiñan previsto os bos dos municipios a presenza no Tribunal calificador de ningún representante da dirección xeral da Administración Local. E aparece o señor Gobernador Civil da provincia. "Según, la Constitución, el castellano es la lengua oficial del Estado, y todos los españoles son iguales ante la ley". Xa qiue logo, "la resolución queda suspendida".

E segundo a tal Constitución (lémbrense, "el deber de conocerla") un lisasco que só saía basco (que como saben, tén pouco que ver co español) podería ser declarado anti-constitucional.

E a policía que non entende basco, tan tranquilo.

SEICA DAMOS QUE FALAR

Hai en "La Voz de Galicia" unha sección, "Lo que se filtra", que vén sendo coma "En



poleiro-alleo" versión R. Nelle. Un destes días de atrás, recollía un retallo de crónica do corresponsal de "le Monde" en España, que viña decindo que "Los gallegos dan poco que hablar. No tienen ni guerrilleros ni un gran movimiento nacionalista. Se encaminan hacia el autogobierno sin demasiada prisa". O comentario de R. Nelle é que "según la tan pacifista teoría del corresponsal francés, o los gallegos se ponen en plan beligerante, metralleta en mano, o tienen poco que hablar. Bonito diálogo ese".

Pois señor, é clase de diálogo que se enxendra cando os interlocutores veñen sendo repetición un do outro. Que todo o mundo cansa de que falen por el.

BERRAN POR ALGO.....

Dixo a "Hoja del Lunes de Lugo" do día 24. Anunciábase un acto militar para non se cando. E o comentarista apunta que "Bienvenidos sean los actos castrenses, pues nuestro pueblo está bien necesitado de actos que acrecienten el fervor en lo patriótico".

Sí, que dun tempo a esta parte parece que iso do patriotismo está perdendo relación con iso do "volveran banderas victoriosas, ¿eh, amigo comentarista?".

XEITOS DE SAIR DA CRISE

Chéganos via noticia de

axencia. Marlon Brando, no vindeiro certame ou algo así de artistas a celebrar en La Vegas, vai locir unha elegantísima corzoa de palla que lle veñen de comprar na provincia de Ourense por 5.000 pesetas. E seica a non sei quen lle deu a idea de empezar a promocionar produtos da artesanía galega, coma un xeito de fomentar á industria nacional.

Sabemos de boa fonte que na provincia de Lugo teñen proyectada unha fábrica de aradiños de pau. Dáralle traballo a varias comarcas, e xa se teñen pedidos para os USA, Alemaña Federal e máis o Xapón.

ONDE ACABAN AS SIGLAS AUTONOMAS

Carrillo falou no "Club Siglo XXI". Era pouco antes das eleccións ao Parlamento basco. Tiña que pasar. Houbo quen lle fixo a agardada pregunta: "Todo parece indicar que las elecciones al Parlamento vasco las ganara PNV, HB y EE. Y si fuera así y estos partidos pidieran la independencia del País Vasco ¿que haría el PCE?". A resposta de Carrillo non tardou nada. No creo que el PNV haga tonterías pero si lo hiciera, mi respuesta y la de mi partido será la Constitución y España".

Bo é que que están afora boten luz sobre as posicións e decires dos que temos dentro. Non esquecer que o "demócrata" Carrillo lle resposta a unha "maioría electoral".

28 de marzal, clausura da mostra de outono



Dentro de 2 semanas

NO NUMERO 101

Cambre Mariño O FRAUDE DA AUTONOMIA POSTFRANQUISTA
 Domingo Prieto A LINGUISTICA APLICADA E O ENSINO DO GALEGO
 Adela Figueroa SOBRE A XEOLOXIA DE GALICIA

Para o número 100, tiñamos a teima de lles ofrecer aos nosos lectores unha a modo de recapitulación da historia e estado actual da cuestión autonómica do país dende o 77, posto todo nas plurais bocas dos grupos que levaron a batuta nesta dinámica, xa fora a prol ou a contra da Autonomía. UCD, CD, PSOE, PCG, POG, PG, AN-PG e UPG recibiron o correspondente convida, e nas súas respostas houbo de todo. Dende un dirixente do POG que manifestou o seu desagra-

do (e conseguínte incomprensión) pola nosa liña informativa a seu respecto, pasando por outro do PG que pediu "pelos y señales" dos asistentes para acabar non aparecendo, astra os que non deberon ver comenente nen responder. No medio, houbo a quen lle merecemos un respecto, e o PCG dunha banda e a UPG e AN-PG doutra, desenvolve ron as posturas autonomista e anti-autonomista nunha discusión na que foi saíndo case todo. É fácil que, inda sendo poucos, non houbera quen tivera moito mais que decir.

CUESTION AUTONOMICA, CUESTION BIPOLAR

A NOSA TERRA, quixera que definades a vosa concepción da Autonomía. Non do proceso autonómico senon do seu papel dentro dunha estratexia digamos "de liberación de Galicia".

Carlos Barros. O PCG entende a loita por unha verdadeira Autonomía como un paso decisivo na transformación do Estado Español, no que estamos enclavados, nun sentido de Estado de Autonomías e de Estado federal. O paso a un Estado de Autonomías en España é difícil. O xiro involucionista da UCD, a reacción de Andalucía Euskadi e a ver se Catalunya, proban que a batalla entre a inercia do Estado centralista e o Estado de Autonomías está sen decidir. As Autonomías non están a ser outorgadas senón conquistadas e en Galicia inda está por ver, agardamos que si se imos dar derrotado a UCD e CD no Referendum e acadado un Estatuto dentro da legalidade constitucional que queda moi por riba do que a UCD lle quer impoñer a Galicia.

ANT.- Falaches de federalismo. ¿Concretasme de que tipo?

Carlos Barros. Pensamos que a Federación de Naciones pasa por un desenrolo da Constitución do 78, cunha fase de aplicación das competencias do art. 151, outra de traspaso de competencias de titularidade estatal aos poderes autonómicos e cunha correlación de forzas favorable en todo o Estado a reforma da Constitución, que se prevé na actual de cara a Galicia Euskadi e Catalunya, en igualdade de condicións e trato encetaren a súa reconstrucción nacional. Pero vaia isto e algo estratéxico

Francisco Rodríguez. Para a UPG a Autonomía forma parte do entramado de adaptación do Estado español ás novas canles que lle compren, á burguesía e ao imperialismo. O importante e conservarmos a capacidade de seguir actuando neste contexto imposto e levar unha alternativa revolucionaria, ou seña, anti-monopolista. Así, para nos a Autono-



mía non é desexabel nen perfeccionable, senon un marco imposto no que temos de actuar desestabilizando e amosandolle ao pobo por onde ir. Nós defendemos a soberanía nacional abogamos polo proxecto das Bases Constitucionais, e anque actuemos politicamente non estamos para avalar unhas alternativas do Goberno, do Estado colonial que son, e os feitos velai nefastas para o noso país, e tamen para Euskadi ou Catalunya. Nós aspiramos, e velai a nosa actuación, a que o noso pobo non caia nas trampas do colonialismo.

M. Carme García Negro. O obxectivo da AN-PG é a liberación nacional, que o pobo galego dispoña de si en todos os campos, a súa soberanía. Isto concretase nunha situación de autogoberno, para a que é imprescindible a ruptura da dependencia colonial, e isto recólleo o noso programa das BB.CC. As Bases tamen recollen que, se algunha competencia se delega nun posíbel orgao federal,

sería unha cesión emanada da nosa soberanía nacional. E a Autonomía supón xusto o contrario, freno e aferollamento de calisquer proceso de liberación. Xa a Constitución, que é nai do año, di claro no art. 1 que "La soberanía nacional reside en el pueblo español". Xa me diredes que Estatuto pode dar algo de si, dependendo sempre dese abstracto "pueblo español".

C.B. Nos propoñemos unha reforma do Estado, coas nacións como unha importante forza matriz, que implica momentos de ruptura. As voltas atrás non benefician a ninguén, e todos loitamos dentro da Constitución e imolo facer no marco autonómico. O PCG pensa que é máis construtivo loitar porque se amplien as competencias, que defender, fora da legalidade na que estamos de todas as alternativas que sabemos irrealizables. A Autonomía vese que non lle interesa nen á UCD, nen ao caciquismo nen a oligarquía, se se entende como

un espazo de autogoberno que pode ser anti-monopolista pola súa composición de clase. Torante a Constitución, nos dixémoslle "si" por entendermola superadora, lo franquismo e polo perigo de involución que supoñería o non ter saído aprobada.

M. C. G. N. Eso de "Autonomía auténtica" é unha falacia. No marco da Constitución, Autonomía non hai mais que unha, e nunca, por defición, pode ser anti-monopolista. Declaracións así só se entenden por un afán electoralista ou de "colarse" no espectro político galego. ¿Ula a construción de algo que non acaba coa dependencia? E a Constitución, que sempre se compara co pasado franquista, ¿deu de feito algun paso de cara a construción da democracia en Galicia? Eu penso que a súa aplicación está significando todo o contrario.

F. R. O sintomático é seguir o proceso de aplicación da Constitución Estatuto do Traballador, da Función Pública de Centros Docentes, de Autonomía, Decretos de Bilingüismo, reforma dos Códigos Civil e Penal, todos eles perfectamente constitucionais, e perfectamente reaccionarios e anti-populares. Nos, en tanto que facemos, política real, estamos bordeando a ilegalidade en tanto que nos opoñemos, e isto é imprescindible para quen pretenda ser oposición cun mínimo de coherencia. O que non se pode e decir que se nos opoñemos ao que nos presentan fomentemos a involución, cousa que fai tamén o ministro Otero Novas, e que responde ao criterio do terror exercido contra a práctica anti-constitucional. Se nos na práctica avantamos, e porque nos opoñemos, e o arrecuo que se está dando nalguns campos e precisamente por non facelo.

C. B. Bueno, a nosa alternativa de agora é perfectamente coherente co noso pasado e obxetivos. Nen somos electoralistas, e proba e que non agachamos a fouce e o martelo cando as eleccións, nen alcumamos a ninguén de fascista por non defendere as nosas posturas. Logo, non é certo que

a Autonomía seña unha. Velai os Estatutos basco e catalán. A Constitución permite diversas lecturas, neste distingue entre a vía da Disposición Transitoria segunda, a do art. 151 e a do art. 143, e é a UCD quen debe cargar coas súas responsabilidades. Tampoco cremos que a Autonomía acabe coas problemas galegos, coa emigración ou o subdesenrolo, e nefuto non marca automaticamente unha dinámica anti-monopolista. A solución ven da transformación da economía española, de superar o capitalismo de cara o socialismo, e a Autonomía non é mais ca un paso. Si, hai que avanzar opoñéndose, pero ocupando todo o espazo posíbel, ou seña, conseguir a hexemonía nas institucións das forzas de esquerda e nacionalistas. Eu pregunto, bordear a legalidade, ¿como? Eu creo que o Bloque non o fai. ¿As BB.CC.? Pois non son constitucionais, nen hai sinalado na práctica como chegar a elas. E máis positivo, penso, traballar dentro do marco constitucional, que é a mesma práctica do Bloque, diga se o que se diga.

F. R. A UPG, e podemos decir que o BN-PG, entende que os tres Estatutos, cualitativamente, son iguais en tanto que a soberanía reside no Parlamento español. Non entendemos a quen se alporiza porque se faga constar que todas as decisións lle competen a éste, maiormente cando a causa e o de a UCD non dispoñer, nen telos creado de momento, de interlocutores válidos da súa laia, coma en Catalunya e Euskadi. Aquí están eles duplicados, pode haber desestabilización... E unha cuestión de táctica e o problema seguira sendo non dun Estatuto ou outro, seño de correlación de forzas a nivel social e real. E para vermos un pouco as diferencias da práctica do Bloque e o PCG, un exemplo, no ensino, estamos contra as subvencións ao privado (plenamente anti-constitucional), non o imos conseguir, pero é a única alternativa de traballo honrada. Estamos contra o deterioro dos servizos sanitarios públicos, pola munic-

(Pasa a páx. seguinte)

Edita: Promocións Culturais Galegas S.A.

Comisión de Fundadores: Acosta Beiras, Xoaquín; Fontenla Rodríguez, Xosé Luís; López Gómez, Felipe Senén; Morales Quintana, Xosé Enrique; Varela García, Cesar.

Directora: Margarita Ledo Andión

Redactores e Colaboradores: Xosé L. Corral, Alfonso-Eyré,

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

X. M. González, X. Ramón Pouso, Lois Celeiro, Pablo Viz, Paco Arrizado (Lugo), Fernando Franco (Vigo), Suso Piñeiro (Ferrol), X. A. Suárez (O Condado), Vázquez Pintor (Morrazo), Ignacio Brisset, F. Cusí, M. Merçe Marçal (Países Catalans), P. Ipa-

rraguire, Maialde (Euskadi), Xosé Luís G. Labandeira (España), Carlos Durán (Londres), A. P. Dasilva (Porto), J. J. Navarro, Llatzer Moix, Piñeiro, Patiño.

Diseño e Confección: Xurxo Fernández

Fotografía: Brais, Carballa, Fernando Bellas, Xurxo Fernández.

Dibuxos: X. Marín, X. Maside, A. Sucasas, Fiz Valcárcel, P. A. Estevez, A. Lamela, Alexandro, Loquis, C. Corredoira, X., Xoxardo.

Publicidade: Antonino Torrón Fernández. Telf. 582613.

Redacción e Administración: Troia, 10-1.º - Santiago Redacción: Teléfono 582681. Administración: Telf. 582613.

Imprenta: "La Región, S.A." Offset, C. Quiroga 11-15. Ourense. Dep. Legal: C-963-1977.

Distribución: A Coruña Librería Colón, Telf. 222206. Santiago, Prensa Nacional, Telf. 583456. Pontevedra, Librería Cao, Telf. 855374. Vigo, Distribuidora Víguesa, Telf. 414570. Ferrol, Distribuidora Velo, Telf. 357707. Lugo, Souto, Telf. 213425. Ourense, Vda. de Lisardo, Telf. 230218. Bilbao, Distribuidora Vasca, Telf. 4231933. Barcelona, F. Ráfales Artal, Telf. 2433658.

(Ven da pax. anterior)

palización dos servizos cidadáns, loitamos na práctica pola implantación do idioma, a nivel internacional, loitamos contra a entrada no Mercado Común e na OTAN e combatemos a propaganda do imperialismo, que dende unha postura comunista, ou xa democrática, e o menos.

C. B.- A clave do Estatuto e, feito que a UCD non ten interlocutor. Entón, nós estamos pola consolidación dunha nova maioría, poderemos negociar o máximo de prerrogativas para Galicia. Hai que suliñar os puntos que saen aquí de afinidade. A negociación, si, é co Goberno, igual ca a dos traballadores e coa patronal, pero, claro, non en base a este Estatuto. E o do Parlamento español, depende da súa composición, nos, que estamos artellados a nivel estatal, por esixencias da liberación de Galicia, e da clase traballadora, sabemos que hai grupos no Parlamento que apoian as reivindicacións nacionais. O grupo comunista apoiou no tema autonómico o mellor para Galicia, cousa que non fixeron os grupos basco e catalán. E rematar decindo que estamos polo ensino público e contra o privado, por unha sanidade popular, contra o Decreto de Bilingüismo (e penso que os Decretos basco e catalán non reflexan estas discriminacións) e por suposto, contra da entrada na OTAN nen en ningún tipo de bloques. E isto todo e

partí da nosa estratexia.

M. C. G. N.- Eu penso que hai que baixar ao concreto. E a Autonomía non é un paso cara nada. E unha concesión que se lle fai a unha rexión por mor dunha descentralización administrativa. Pero cousas concretas, cun Estatuto calquera, ¿poderíanse negociar as licencias de pesca coa CEE? ¿E os prezos dos produtos agrícolas? ¿Poñeríanse as bases da normalización do idioma? ¿Dariase impedido a industrialización de enclave? Non. A Constitución prevé que isto todo lle toca á política xeral do Estado. Eu preguntaría astra qué punto chega a vosa oposición ao Decreto de Bilingüismo, conflito no que nos, pola coherencia da nosa postura, estamos na ilegalidade. E vemos a política municipal do PC, que non pasa de xestionar o que esta previamente marcado.

C. B.- Nós sabemos que a panacea non é a Autonomía, nen moito menos as BB.CC., que a súa aplicación é pura ficción. Pero tamén sabemos que a UCD quer descentralización e o PCG Autonomía. O que non se pode é dúbida das nosas intencións, que estamos a mobilizar ao pobo e o noso traballo nos costa. Aquí, en

Galicia, dun mínimo a un máximo podese conseguir moito, depende da composición das institucións, no das licencias, no proceso de normalización dos prezos. Hai que distinguir entre as



CARLOS BARROS

nosas propostas e a "Autonomía" que defende o caciquismo.

ANT.- O 4 de Nadal do 77 apareceu un bloque autonomista que non ia rachar deica fins do 79. Neste tempo houbo moitas convocatorias que o bloque autonomista por un lado e o anti autonomista por outro, encararon compactamente. "Festas da Crise" do Ferrol e A Coruña primeiro de Maio. 25 de Xulio.

C. B.- A ampla converxencia que houbo do 15 de Xunio a Santos do 79 respostaba a unha situación moi especial, híbrida cun pé da Dictadura e outro na Democracia, en que PCE e PCG pensamos que urxía un amplo fronte cara as liberdades. Asegurado coa Constitución este mínimo a UCD derivou de cara a súa base e sostén natural, as clases dominantes e o PC pasou a ter unha posición contradictoria con eles, polo noso carácter de partido de clase e nacional no caso de Galicia. E dai a ruptura. O que fixo a UCD non foi senón facernos vítimas aos galegos do seu arrecuamento na cuestión autonómica, e nos respostamos. Agora, habera que ir a acordos unitarios coas forzas que están pola auténtica Autonomía. PSOE, UG e máis nós, sen excluírmos acordos puntuais co Bloque.

ANT. ¿E a coincidencia naquelas convocatorias "Salvemnos Ferrol 25 de Xulio"?






M. C. G. N.- Eu preguntaría por que se solicitou o Estatuto co UCD, que mesmo recabou a definición dos axuntamentos, fíxose a campaña con eles e nun momento cofecendo como se coñecía a Constitución, cambiar.

C. B.- A que cambeou de táctica foi a UCD. ¿No caso do Ferrol? Conservar a industria interesáballe a traballadores e empresarios e o PCG pensaba que había que presentarlle un fronte amplo ao Goberno da UCD. O contradictorio foi que a propia UCD participara na mobilización. ¿O 1 de Maio? Ese día as forzas de esquerda pensamos que debían ir unidas. Todo consiste na adaptación da estratexia a cada momento. E antes da dereitización da UCD pensamos que era importante contar co seu concurso.

F. R.- UCD é a única dereita que hai en Galicia con CD como intercambio posíbel. E non vemos propio dun partido obreiro mesturarse coa dereita nunha campaña tan caciquil como foi a

preautonómica que mesmo se tentou cargarse o 25 de Xulio como reflexo do intento de cargarse ao Bloque. Xa se sabe que o PCG, obedece a unhas necesidades do Estado e a algunha miúdoza a nivel galego no que razóns electorais urxen unha galeguiza

(Pasa a pax. seguinte)

AS CERAMICAS DO CASTRO  E AS DE SARGA 
 DE LOS  ESTAN FEITAS
 CON TERRAS GALEGAS,
 AS IDEAS E A CIENCIA
 QUE LLES PROPORCIONA
 O LABORATORIO DE
 FORMAS DE GALICIA 
 E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS 

ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR
 AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER
 UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEI
 TANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS

(Ven da páx. anterior)

ción formal. Así e todo, mesturábase nunha campaña que mesmo se financiou en parte con fondos públicos non nos parece democrático.

C. B. Nos fuximos do testimo nialismo. Podiamos propoñer coma o Bloque, unhas BB.CC. que ninguén sabe como van ser, opo pemos a todo, non nos comprometemos en nada e quedar moi ben co electorado pero así Galicia non avanta. Temos de comprometernos e aquí criticamos o purismo do Bloque. No proceso autonómico, sentámonos co demo na mesa, e conseguimos a igualdade de Galicia na Constitución con Euskadi e Catalunya e mais a formación da Comisión dos 16. A UCD crebou o acordo nos reivindicamos aquel Estatuto e o que se demostrou e que o aparato caciquil non quer a Autonomía. Nos non nos quixemos cargar, o 25 de Xullo senon por riba de denominacións, convertilo en día de todos os galegos. ¿Que coincidimos coa UCD? Ben. E de illar ao Bloque nada. Se acaso, illar ao adversario común agora mesmo, do que, por certo, inda non falamos nada.

ANT: As forzas do BN-PG, ¿cómo vichedes este proceso?

M.C.G.N. Se as forzas autonomistas lle seguían decindo "SÍ" ao Estatuto actual, quedarían avalando un texto que non lles ía dar resposta a ningún dos problemas básicos de Galicia; e entón, coa contradición sempre na rua, ás clases populares non lles ía quedar para onde bascularen máis ca cara as Bases Constitucionais. Isto o PCE valorouno moi ben a nivel do Estado, e dise que "Non" para quedar en Galicia como forza da oposición, creando na mente popular a idea de que outro Estatuto ía solucionar as cousas. Tocante ás BB.CC., son algo que non se pacta, senón que se impón. E postos a preguntar, eu preguntaría que cómo se impón o Estatuto dos 16, tan irreal coma podan ser as Bases.

F. R. O Estatuto dos 16 era totalmente anti-constitucional, e proba de que non era máis ca un slogan publicitario é que houbo



M. CARMEN GARCÍA NEGRC

por as autonomistas que o axían donaron, moi axiña; a súa defensa non tivo coerencia, e todos temos presente a dinámica extrañísima de discusión que fora xurdindo. Todo este tinglado fíxolle un gran favor á UCD, e se hai algunha política-ficción, velei que esta situación de volver encetar con outro proxecto, etc.

C. B. O Estatuto dos 16 é perfectamente constitucional, a diferenza das BB.CC., e redactouno unha Comisión que nomeou a Xunta, o que lle dá maior forza á hora de defendelo. Non é ningún servizo á UCD, e a proba é que o seu Estatuto só lle garda un parecido formal; é un servizo á oposición de quen o elaboramos, e máis a Galicia.

ANT: O Bloque non falou moito do seu "Non"...

F. R. Dixemos que estabamos pola participación, para avanzar. Aquí trátase de que o noso pobo seña tamén disciplinado no electoral, e que lle diga Non ás alternativas coloniais, e xa que logo a todo o proceso autonómico, e Sí á soberanía nacional.

ANT: O PCG, ¿qué diferencias ve entre os Estatutos galegos, catalán e basco?

C. B. Xa falei da transitória terceira, que remite a decisión última ao Parlamento español. Isto anula as posibles competencias do Estatuto galego. Logo, o de necesitar o 3 por cen de votos sobre o censo para poder ir ao Parlamento, a redución do número dos parlamentarios, bon índice do medo a perderen a influencia caciquil. Logo, o poder paralelo que se lles apón ás Diputacións, que aniquila o poder autónomo. Ou os recortes en materia lingüística, ou na das competencias económicas, que se fan compartibéis co Estado algunhas moi importantes que son exclusivas do poder autónomo en Catalunya e Euskadi. Non é máis ca un Estatuto caciquil.

F.C. Sí, a redacción varia. Pero as referencias coercitivas, as referencias á Constitución, fican nos tres, máis arriba ou máis abaixo. O caso é que ningún dos tres, aplicado, ía cambiar nada cualitativo no noso país, e campañas

montadas coma a actual non fan máis ca incidir negativamente na nosa psicoloxía colectiva. A cuestión lingüística por exemplo, está contemplada igual, e o Decreto de Bilingüismo está copiado ao pé da letra do catalán, que se aló non crea problemas, é por mor da súa estrutura social.

ANT: ¿Cómo vedes a correlación de forzas?



FRANCISCO RODRIGUEZ

C. B. En transición. ¿Cara onde irá? Confiamos en que UCD e CD perdan a maioría. E a dinámica non vai ser Autonomía si ou non, neñ Constitución si ou non, senón Estatuto da UCD si ou non.

ANT:

ANT: Parece que entendedes que a correlación de forzas pasa pola cuestión autonómica...

C. B. E moi importante, pero non único. Están as mobilizacións populares, pero no político o Referéndum é moi importante, e logo as eleccións ao Parlamento.

F. R. Para nós, a correlación de forzas non é electoral, inda que ésta clarifique. Aos nemigos de Galicia inda se vai tardar en debilitalos. Van xogar moitos resortes no desenrolo da contradición entre o aparato dos monopolios, que hoxe representa a UCD, e o movemento social que vén representando o Bloque. Imos utilizar o referéndum, pero para derrotar á dereita económica inda queda moito por roer.

ANT: O nacionalismo vai para riba. ¿Qué papel lle vedes?

C. B. Se vai ou non para riba, eso xa o veremos. En Euskadi, xa se sabe, a tradición da burguesía, a actuación de ETA... En Galicia, ¿Cal nacionalismo? Hai máis dun. Nós, en todo caso, somos un partido nacional, e xa veremos o que pasa...

F. R. Euskadi denota un proceso moi positivo cara ao deterioro do Estado español. Hai unha gran forza potencial, Herri Batasuna, que deberá decantarse cara a constitución dunha forte esquerda nacional. En Galicia, pensamos que nacionalismo, sensu strictu, non hai máis ca un, e irá para riba, non en función da dinámica electoral, senón do movemento social, pero a modo, que é o xeito dos movementos que teñen de verdade madurez e futuro.

X. M. GONZALEZ

crónica política

As eleccións ao denominado Parlamento Catalán trouxeron un certo matiz innovador indicativo. Amplos sectores sociais votaron unha alternativa burguesa, de dereitas, pero cunha fasquia e lexitimidade catalanista, anti-sucursalista. Foi CIU (Convergencia i Unió) de Jordi Pujol, o partido que ascendeu por enriba do PSC-PSOE e do PSUC-PCE, tradicionalmente hexemónicos en todas as eleccións precedentes, na orde enumerada. Polo tanto, inda que se votou europeísmo, social-democracia, pactismo e entendimento de clase con Madrid, houbo certa dose de anti-sucursalismo sentimental e pragmatista tamén. Mágoa que non se clarifiquen máis estas institucións anti-sucursalistas, que poden explicar o medre espectacular de CIU, e non soio o voto dereitista útil, como pretendeu o PSOE na súa esquemática e interesada interpretación dos feitos.

Compre lembrar, a maneira de exemplo sintomático, que tamén foi evidente o ascenso de ERC (Esauerra Republicana de Catalunya), grupo moi afeito a declaracións e cabriolas oportunistas e declamatoriamente catalanistas. En Catalunya hai moita confusión en canto ás coordenadas ideolóxicas, organizativas e de alternativa política que deben sustentar un nacionalismo que mereza o nome de tal, pero escomenza a haber unha certa arela de potenciar saídas que non teñan, polo menos, ningunha relación formal cos partidos estatalistas.

Non obstante, precisamente polo carácter burgués e afín das forzas trunfantes, o Goberno español non mira con inquietude o trunfo do eufemisticamente chamado nacionalismo catalán. Está máis preocupado o sucursalismo de esquerdas que escomenza a comprobar cómo se reduce a súa credibilidade social e a súa forza electoral de maneira elocuente. Para o nacionalismo galego, o problema está en que un nacionalismo real, de base popular cun programa coherente, sen ambigüedades, non teña inda xurdido nos Paisos Cataláns, anque fose tímida e dificultosamente, pero cun avance tansíbel. Catalunya, hoxe por hoxe, non soio é gobernábel desde Madrid, senón que é tamén un factor fundamental, básico, no éxito e continuidade da política española.


Ven de anunciarse que posibelmente o referéndum do Estatuto Galego se celebre en Outono. Tamén se anunciou complementariamente, desde o campo da propia UCD, a urxencia de crear o Comité Rexional do partido de cara a pactar con algun outro grupo a defensa do SI ao Estatuto. As declaracións do Comité provincial da UCD de Lugo, precisamente o mesmo día en que se conoceron os resultados das eleccións catalanas, non deixan de seren indicativas de toda unha operación que, como xa indicamos noutras ocasións, vai destinada a crear unha opción de dereita "galeguista". Para esta tarefa necesítase un tempo, uns compromisos e o visto bo do Goberno de Madrid. Velaí por qué, desde os sectores da UCD proclives a esta manobra, repítese a tese de que os intereses do partido deben estar por riba dos intereses pessoais dos que se opoñen a ese primeiro paso que consistiría na estruturación "rexional" do Partido.

As eleccións aos Parlamentos Vasco e Catalán parecen ter removido estas aspiracións e necesidades, lentas e problematizadas, que sempre evidencian a incapacidade da burguesía intermediaria para actuar por sí sóia, cunha mecánica independente dos desígnios da burguesía española.



curros enrriquez • LIBROS
Cánovas del Castillo, 22- VIGO ☎ 212975

LIBRERIA



Vila de Negreira, 3
Tif: 261975
A CORUÑA

OURENSE

Asi e todo, quitaron as multas

Un domingo de mediados de xaneiro do 79, un fato de militantes da Asamblea Nacional - Popular Galega realizaba en Ourense o troque simbólico dos nomes de ruas do centro da cidade de Ourense. A acción enxertábase dentro da campaña de rexeración da toponimia que o Frente Cultural da organización nacionalista realizara en toda Galicia, e tiña unha dobre vertente: ben de recuperación ou axetamento á nomenclatura tradicional e popular ("Rua do Paseo" por "Calle José Antonio", "Eirociño dos Cabaleiros" por "Plazuela del Cid"), ben de substitución de nomes fascistas ou de mingoados, e particularmente ourensáns ilustres.

NON HAI PROBLEMA.

O caso é que xa chegaran á Praza Maior, e velai aparece a Policía que como xa informados, conduciu á Comisaría a declarar a Millán Picouto Iglesias, e acompañándoo a María Caterina Baltar, declarando en todo momento que a detención non tiña carácter oficial, e que so tiñan que parar a pega de carteis (pois outra cousa non eran) por non haber permiso legal. Era, polo que parece, a primeira vez que na cidade se pedía permiso.

.....PERO CAI O LEVAZO

O caso é que con data do luns seguinte, estes dous militantes, dos que a segunda nen xiquera prestara declaración, reci-

ben notificación de senllas multas de 500.000 e 250.000 pts. cada un. Antes que os encartados, noustante e solpreendentemente, enterouse a "Hoja del Lunes de Orense", que publicaba a noticia nun retallo que foi merecente no seu día dun espácio no noso "Poleiro Alleo". Cúrsase o recurso pola vía administrativa, e o Ministerio do Interior ratifica a senténcia. Encétase a vía do contencioso administrativa, e non hai quince días recibíuse a senténcia da Audiencia Territorial da Coruña. Esta é a absolución, e entre outros sete, aparece un considerando realmente case insólito: "...Con lo que la conducta de los sancionados, que sólo va encaminada a denunciar de forma simbólica la agresión cultural de que es objeto Galicia, y consistente en traducir al idioma gallego el nombre de una plaza y reafirmar el tradicional de las calles y una de ellas al cambiar el nombre por la persona de más relieve, acaso, de la historia político-social de la Galicia contemporánea, no puede calificarse como de alteración de la convivencia social ni del funcionamiento de los poderes...", todo acompañado dun despliegue de referencias á Constitución. Polo que "Debemos declarar y declaramos la nulidad de dichos acuerdos (as senténcias) por no ajustarse al ordenamiento jurídico". Total, que lle viña de enmedar a plana, mesmo con certa alevosía, ao Goberno Civil e ao Ministerio do Interior.

COUTO

carta entreaberta

Querida Directora:

Desde hai tempo viña pensando que pro número 100 da A NOSA TERRA tiña que facer unha carta entreaberta na que falara de toda a tola aventura que significa facer un periódico nacionalista nuha colonia europea. Sóbor de todo, tiña pensado falarche de cando o Pepiño Barro e máis eu colliamos pola mañá cedo aquel vello cacharro — que aínda me sigue facendo bon servicio — e arrincabamos a tumbadiós de Santiago prá Coruña cos orixinas do periódico. Máis, como din os americanos do sul, a análise da conxuntura actual impón a sua lei, e teño que falarche doutra cousa.

Estes días recuou a loita dos labregos galegos contra o Estatuto español. Aquí por Lugo foron embargar a varios sitios, os recadadores acompañados do que poden chamarse agora máis ca nunca forzas de ocupación. Nunha parroquia de cerca da biminaria cidade, arredaron unha casa, con só unha muller dentro, vintecinco policías con equipo antidisturbios pra precintaren un tractor. Esto parece Zimbabwe antes da vitoria do Mugave. Precintaron, máis os labregos xa os avisou de que o tractor lle facía falla para botar as patacas, e o millor que lle puñeran candados, pois aínda lle podían servir pra una cancela. O certo é que este labrego que digo non debeu poñer ningunha cancela, pois estoutro día, con outros corenta ou cincuenta, foilles devolver as cadeas á diputación a todos os deputados menos a un, que era o Castiñeira do Bloque, que andiveran moi lixeiros pra urxir o embargo.

Paréceme a min que desta volta os labregos non queren coñas. Xa viche que lixeiros ocuparon as diputacións e máis o palacio da Xunta, e aínda, me parece que senon paran cos embargos hamos ver as estradas cheas outra volta de tractores. Aínda que lles pese ós caciques e caciquiños que esborracan na prensa española de Galicia, que non son poucos nen ben intencionados.

Aquí en Lugo témolos por partida dobre. Hai un deles que lle chamaban nos seus tempos de estudante o "carro-cero", porque se chama de seu Carro e a segunda parte era polos decas sen o un eran as suas notas máis brillantes. Este señor empeñase en decir que hai que ser de-

mocratas por enriba de todo. Teño pra min que hai uns cantos anos non falaba así, máis é auga pasada. O conto é que, se ben el non é de por si a oligarquía, élle bon defensor nas suas periódicas paridas no diario local, en plan agrarista da comenencia, pois trátase dun señor "moi vinculado ó agro". Vinculado ó agro tamén che está o intermediario e o cacique, o capitalista rural e o mesmo ministerio de agricultura de España. Este Carro vénche sendo, a un nivel moi local ou todo o máis provincial, o mesmo eterno paridor de paridas que don Augusto Usía, señorito de Xanceda.

Tamén o gobernador civil, primeiro representante do goberno imperialista na demarcación colonial de Lugo, puxo o seu gran de area no cúmulo de paliadas que estes días se están a dicir. O señor gobernador civil éche un señor que debe andar algo na berza, pois aínda pensa que os labregos son empresarios. O señor gobernador civil de Lugo, que é moi inxenuo e moi artista, confonde catro leiras e tres vacas coa factoría de Bazán ou de Barreras. Polo tanto, asimila traballador por conta propia con same-suga capitalista, remaxe autónomo resistente con monopolio do leite. Estes da UCD sonche a coña. Se estudiaran ciencias empresariás, non facían a carreira en vinte anos. Por sorte pra eles, teñen un chupe millor enganando o público e intentando que o obreiro urbano seña insolidario co traballador de agro. Pero mal lle salíu a xogada ó bwana de Lugo, polo que soupen de varias asambleas obreiras que moi clariño dixeron que era a sua e a labrega a mesma loita. O millor, cun pouco de sorte, vaise reduciendo o chupe ucadoo de dedicar á política os que non sirven pra outra cousa, e así lles vai.

A parte destes máis notorios, non é aquí onde remata o censo de pallasos e burros, de analfabestos comedores de trebo, de paliados e pailáns, de macacos e macaquíños en venda perpetua, dos que me podía falar agora. Pero tampouco non quero convertir esta carta nun tratado de bioloxía paleta, pois a miña pretensión é tan só facer algunha que outra monografía sobre o tema pra divulgar o coñecimento dos espécimes que máis salientan, tal coma o Otero Normás. Non che están os tempos pra gastos en xustificacisuns de-

famacións, senón pra autodefensa contra a constante agresión.

O certo é que os labregos galegos levántanse de novo. A loita heroica das Encrobas e de Baldaio, a inmensa asamblea do pabellón de deportes de Lugo, a impresionante procesión dos tractores polas estradas da nosa nación, enlazan con esta resistencia desesperada e férrea dos compañeiros labregos hoxe. A clase labrega resístese a morrer de morte matada. A brutal política española de esterminio do agro galego, vai tropezar cunha clase posta de pé, unha clase e un sindicato, unha moitedume inmensa de ameazados coa emigración, coa fame, coa miseria máis negra, coa espropiação das suas terras a mans do capitalismo invasor que pretende converter Galicia en trinta granxas pra servir de despensa ó Mercado Común, á Europada brutalidade, ó Ocidente da explotación do home polo home e das nacións polas nacións.

Pero un millón de labregos da nosa Patria van resistir, concentrados e unidos coma un puño xigantesco. A forza e a brutalidade, as metralletas e a barbarie autocalificada de democracia, están hoxe nas mans do inimigo. En nome da democracia pretenden castrar e domear un pobo. En nome da democracia pretenden imponer a inxusticia. En nome da democracia pretenden destruír unha nación. En nome da pobre democracia burguesa e represiva, en nome dunha democracia que non é máis que a ditadura dos monopolios, pretenden que os labregos galegos rendan a sua loita. Con grandes palabras coma "civilización", "occidente", "Europa", pretenden quitarlle a razón a quen está cheo de razón.

Pero o vento da historia asopra da nosa banda. A libertade avanza no mundo: claros e ilustres exemplos Cuba, Angola, Mozambique, Nicaragua, Iraán, Afganistán, Zimbabwe. E un día tamén esta Europa pobre, baseada na inxusticia e no roubo, ha de reventar, e Euzkadi, Bretaña, Sardeña, Galicia, entrarán no concerto dos pobos libres do mundo, e a clase labrega galega terá que ver na hora da liberación. A loita é longa e difícil, pero a vitoria é nosa.

DARIO XOHAN CABANA

Arcova

COLON, 19 (Galerías)
Telf. 21 23 49
VIGO

LIBROS
DE
HOXE



boutique
TERUCA

José Antonio, 25, 1º - Tel. 21 53 19 - LUGO

Bazar Quico

Plaza de Santo Domingo, 4
Teléfono: 227804

LUGO

pantalones

corbys

REINA, 9-LUGO
MODA XOVEN

Bar LINO

COMER, BEBER E FALAR
NUN AMBIENTE GALEGO E POPULAR

LIBERTAD, 17
OURENSE

Dos históricos do galeguismo, preso no 46, Director de Galaxia desde a súa fundación, abandeirado da corrente culturalista, deu pé a que tamén fora coñecida como "piñeirismo" xunto con certas claves como a visión que el denomina Peninsular de Galicia e o europeísmo porque, como tamén di, "non teño tendencia a me definir nacionalista".

RAMON PIÑEIRO

Mais aló do ben e do mal

No 1950 vostedes desfán o Partido galeguista, aquí non resta organización política propia al-gunha, mesmo se fala da diferen-cia de criterios entre o interior e Buenos Aires.

Aquí, na clandestinidade, houbo dúas etapas. No 43 si e verdade que nós reconstruímos o partido galeguista para tomar contacto coas outras forzas políticas e cos vascos e cataláns. Nesa fase a crencia que tiñamos e tiña toda a oposición da democracia no mundo restaraba a democracia en España. Funcionamos nesa previsión e para iso reconstruímos o partido. A nosa intención era que en Galicia estivera preparada a instauración do Estatuto, as forzas de aco acabaron mais ou menos por aceptar. Pasou que trunfou a democracia no mundo pero.....Polos anos 49 decatámonos de que non había nada que agardar da conferencia de la paz, estaba visto que ía durar e non viamos mais contixencias para abatilo que unha crise internacional —xa estaba a guerra fría— ou, "se isto economicamente segue a empiorar.....", un cataclismo social. E como pasara moito tempo e as nosas xeracións carecían da menor formación galega, plantexámonos orientar de outro modo a operación ao ter conciencia de que a oposición clandestina era testimonial e non íamos derribar a Franco, aínda que mantivemos os contactos pero xa non como partido galeguista senon como galeguismo. Daquela a preocupación en América era converter ao Consello de Galicia nunha especie de Goberno galego e a razón para nos de prescindir do partido viamola así: "nos o que temos é que galeguizar e non afiliarse a un partido" non queríamos reducir o galeguismo a un partido, senon galeguizar "todas as ideoloxías" e os rapaces ían uns ao cristianismo, outros ao socialismo..... Démonos conta que había que actuar publicamente, a única maneira era pola vía cultural: Galaxia.

E as súas primeiras edicións eran alemáns Heidegger, había un certo xermanofismo.

Non era xermanofilia; Heidegger era daquela o filósofo mais recoñecido de Europa e traducí-molo por unha política de prestixio cultural da lingua. Pensamos, Celestino Fernandez de la Vega e eu, en coller un texto que non estivera traducido ao castelano e conseguir un prólogo del. Tiña que ser un texto breve, unha conferencia, e conseguimos unha carta para esa edición galega e eso, claro, causou sensación.

Prescindiron, astra, da ideoloxía personal de Heidegger?

Non, tiña nada que ver coa ideoloxía senon co prestixio da lingua "se se pode Heidegger expresar en galego entón a capaci-

dade cultural da lingua estaba..." causou sorpresa; astra Zubiri pediu a tradución. A finalidade cumpriuse. O texto non era doutrinal, e rigurosamente filosófico, pero en Madrid déronse conta e non o autorizaron.

¿Non? pois era un home vencellado ao nazismo.

Fora rector na época de Hitler, si, despois dimitiu pero era porque estaba traducido ao galego. Tivemos que agardar a que España ingresara na UNESCO, foi en Montevideo, e aínda aí pasou unha cousa ben curiosa. alá foi Ruiz Jiménez cun equipo de intelectuais -Lain, Tovar, Legaz, rector de aquí, Stelrich, un catalán franquista que antes fora da Lliga... e un galego, porque antes recorrían Venezuela, Buenos Aires... levou a Fraga Iribarne. Os de Buenos Aires querían organizar protestas públicas contra a delegación española e nós dixemos-lles: facede o que queirades, agora, nós enviamos un documento (entregueillo eu en man en Madrid a un vellote de Betanzos, Abarra-tegi Paradela), traducídeo e entregadello a cada un dos delegados da UNESCO. "Pero esto denuncia pouco, tiña que atacar máis". "Pois atacade vos". Nos sabíamos o reglamento da UNESCO, ali esta prohibida toda política, (claro, senon como ían convivir os rusos e americanos) e redactamos a persecución idiomática "non se pode publicar en galego nada en ningún dos oito periódicos que hai en Galicia, non se poden publicar traducións de linguas modernas, non se pode traducir a Bernard Shaw, a Goethe... esto ocorre na segunda metade do século XX, no Occidente de Europa, cunha lingua milenaria, cunha historia cultural e existindo no mundo a Unesco". Pedíamos a súa repudiación moral. Aguirre, como presidente do Goberno Vasco, tamén escribiu unha carta denunciando atrocidades: en tal data o Gobernador Civil, fulano de tal, mandou suprimir nas lápidas todos os escritos en euskera ¡fixate que barbaridade! pero como era xefe do goberno vasco metérono no caixon. Os cataláns fixeron un manifesto que firmaba o dr. Trueta, Pi i Sunyer, Pau Casals... pero os posos cumpiron ben o encargo, a Ruiz Jiménez deronllo no Hotal. Quedouse palido. Fraga díxolle "deixame a min". E ao chegaren a sesión -sempre hai algún romántico-un brasileiro ou non sei que, foille preguntar a Ruiz Jiménez que qué era aquel, e entón interviña Fraga: "non, e unha cousa de exilados, aí falan da persecución do galego, pois o xefe do Estado é Galego, ¡cábelles na cabeza que vai perseguir a lingua dos seus antepasados?. Mire, eu estou representando aquí ao Goberno español e son galego..." Quedaban convencidos. Logo Ruiz Jiménez recompénsallo nomeándoo secretario xeral técnico do Ministerio



de Educación con estes métodos empezou a súa carreira política e ao vir, presionou no censor para autorizar a tradución de Heidegger.

Vostede ao inicio dos anos sesenta viaxou a París para contactar coa oposición española, con ramas do PSOE, e empezou a influir acá para formar a democracia cristiana, o socialismo ¿non si?

Boeno, tiven entrevistas con políticos alí, o que fixen foi conectar... aquí xurdía, empezaba a se diferenciar ideoloxicamente o galeguismo, uns eran mais ben democratas-cristiáns, outros xa tiñan unha inclinación máis socialista e tal... eu puxen en contacto a estes núcleos que ían xerminando porque eran eu quen realmente tiña contactos e fixen de enlace: os democrata-cristiáns cos democrata-cristiáns, os socialistas cos socialistas...

Concebía, pois, influir en formacións estatais e que non se crearan formacións independentes política e organizativamente.

A nosa aspiración era que existira un socialismo galego para que fixera innecesario a penetración do socialismo estatal, igual coa democracia cristiana. O PSOE no interior estaba nunha crise moi grande e houbo un intento de formar un movemento socialista federal -socialismo catalán, castelano, valenciano... con comisións internacionais para lle dar batalla ao PSOE... o que ultimamente tentou a FPS... eu axudei a eso tamén, e a que aquí existira unha democracia cristiana como o PNV -viñeron aquí, eu acompañei-os pero ao final o PSOE conseguiu o apoio internacional e quedou esa batalla perdida. Eu estou convencido de que se o PSG tivera obrado con axilidade, como Raventos en Catalunya, podería ter impedido a dualidade PSOE-PSG.

A súa concepción do socialismo é non marxista ¿ou?

Evidentemente eu non militei en ningún partido pero non teño incoherentemente en explicávos o meu pensamento ideolóxico. Eu creo que neste tempo unha política que seña axeitada ten que ter un sentido de xusticia social pero non a identifico co marxismo, personalmente non són marxista; na orde política máis formal, són federalista penso o problema en termos peninsulares, porque estou convencido de que non hai hoxe posibilidades de illacionismo, que os problemas de toda Europa están ligados, que ningún país de Europa é soberano e creo que temos que pensar os problemas en termos peninsulares e re-

(PASA A PAXINA SIGUENTE)

(VEN DA PAXINA ANTERIOR)

solver a vinculación da Península e o respecto á pluralidade de unidades que a constitúen.

Pero se se prescindir da soberanía política en termos de poder decidir sobre cuestións fundamentais para unha sociedade, por exemplo o aproveitamento dos recursos ou a entrada no Mercado Común con costes ben diferentes para nós que para Europa...

Si, pero as garantías máximas para conciliar eso é a estrutura federal. Pódese contraponer: pois Galicia é un Estado soberano que fai o que lle convén nestes termos. Teóricamente é correcto, o que pasa é que non creo na súa viabilidade real, pola forza dos feitos.

Nos feitos tamen está que no 64 aparece unha forza nacionalista, Marxista, a UPG. O propio PSG se marxistiza ¿que lle pareceu?

Non, o PSG era ambiguo pero confesaban a inclinación marxista... Estos grupos, o demócrata-cristiano, que teóricamente era o que tiña máis posibilidades, máis tolerancia, que se movía nunha zona máis ambigua, nembargantes non actuou, quedouse. O PSG empezou ben, con boa xente, eu coñecíaos a todos, despois tivo unha etapa longa en que estivo pasivo. En troques a UPG, dende que empezou, tivo un activismo constante e foi a un ritmo crecente. Inicialmente presentábase como agora a Asamblea, por táctica máis constante, o PC tamén pero máis reducido, moi esquematizado inicialmente, a UPG tivo sempre un nacionalismo moi combativo e creo que influíu en toda a esquerda como a outra forza galeguizadora foi o galeguismo cultural, entón non tería nada de raro que en certo modo influíra na radicalización do PSG, anque ás veces depende de factores persoais, dos líderes...

Que non callara un PNV pode deberse ao que tantas veces se dixo da inexistencia dunha burguesía nacional, e hoxe galeguista reclamase astra a UCD, o grupo Rosón.

Non hai esa burguesía industrial, e a comercial, menos poderosa, é moita de orixe non galega, pero hai unha burguesía media profesional, pequenos comerciantes, rendistas que fai o papel de burguesía, que vota á UCD, é a que debería recoller hoxe o PG, todo o que tén a UCD en canto a opinión e agardo que chegue a teta, e o outro é froito dunha galeguización que houbo no país. Rosón é distinto, eu coñezoo moito, sobre todo á súa nai, á familia, presentoume Fole no 35, e sempre tivo un sentimento galeguista. Polos anos 49-50 eu iba tomar café ao Nemésio e el viña tomar café conmigo, viñan de nomealo presidente da Diputación, e estou seguro de que era unha forma de elegante protección. Eu estaba en liberdade vixiada e xa daquela chegou cunha carpeta "mira quero facer unha mancomunidade de municipios, ao cabo do tempo sería unha experiencia moi interesante para unha futura autonomía íeso no 49! Non é oportunismo o de agora, era suscriptor



de Galaxia, da revista de economía.

Volvendo ao sesenta e pico e aos cursos de vran que deu nos EE. UU. xa antes se falara dos seus contactos coa administración Kennedy...

Si, fun alo do 66 ao 70, bueno, daquela decíase por exemplo en xeral a Galaxia e a min atacábase nos moitos, primeiro os franquistas, logo os outros decíase que era da CIA, esas cousas. A razón de ir a América era moi circunstancial, estaba aló Emilio González López, amigo meu, e unha amiga irlandesa que viña por aquí suxeríulle que me convidara. Alí tiven sorte cos alumnos, porque a un do estranxeiro cambéano cada ano, unicamente que os alumnos se interesen e eles interesáronse.

Vostede, que é autonomista, ¿qué opina da cativa aceptación que tivo a Autonomía, a pesares dos moitos esforzos?. Lembrará, cando, estando Rosón a Xunta, convocara o Día Nacional no Obradoiro fronte ao Día da Pátria e aquel non fora precisamente un éxito...

Creo que nas manifestacións nunca as organizacións oficiais... a base da convocatoria eran os partidos vinculados á Xunta, PC, PSOE, algun dos pequenos e sindicatos correspondentes, e deberon confiar que viña a xente espontaneamente. Créoche que aquí en xeral hai certa apatía política nos sectores non militantes, sen ideoloxía, electores pasivos que se automarxinan da vida política, son escépticos: qué máis lles da Felipe que Adolfo, nada vai cambiar; é a súa experiencia histórica e eso proxéctano sobre toda a política. Nos sectores militantes hai os anti-autonomistas, pero cando fora o 4 de nadal halgun sitio houbera gran mobilizacións...

Esa sí que foi amparada institu

cionalmente, autobuses e demais. ¿Por qué cisman tanto en decir que aquí falta concencia colectiva?

Nós temos a experiencia dobre de clandestinidade e do labor de galeguización político-cultural. A experiencia de 30 anos de Galaxia e a seguinte: que en Galicia actualmente hai grande parte de galegos que o son emotivamente pero non intelectualmente por que os formaron do Estado Español, non saben nada da historia, da cultura de Galicia. Hai uns cantos que estamos convencidos de que, aparte do que fan os partidos -movilizar aos mentalizados-, hai un gran sector que hai que facelo galego a través da acción cultural, unha política de pedagogía galeguizadora.

Ai vén Realidade galega. ¿Non é un recambio, ao millor, a pouca efectividade do PG?

Non, que non ímos actuar electoralmente. E a ampliación de Galaxia, porque o seu ámbito permitido era a cultura humanística. Agora hai que dar un coñecemento dos grandes problemas pero sen enfoque ideolóxico... cada partido xa ofrece despois un ca miño...

Nos seus obxetivos entraria coordinar as institucións culturais oficiais.

Non tanto eso como aproveitar a súa colaboración... Non, os nomes que aparecen e casual.

¿Por qué foi tan necesario que saisen apoiar a opción autonómica?

Nós non falamos para nada do proceso actual, falamos dunha Galicia autónoma, e é que desde hai un tempo, sempre ocurría xente que acudía a nos ¿como vai isto, que vai ser? - nestes últimos meses fomos obxecto dunha presión crecente dun sector

da sociedade que non milita e en troques esta preocupado polo futuro de Galicia e acode a nós ¿Qué facedes, que pensades? e demos unha resposta no noso terreo.

E coidan que a solución dos grandes problemas que a nosa sociedade ten plantexados caiben no marco autonómico? Pola contra ¿qué pensa das teses da colonización de Galicia das que por certo, o primeiro en falar foi Beiras?

Bueno, do colonialismo interior en Galicia falei eu mesmo antes que Beiras, si, nunha conferencia na Coruña... Eu creo que tal como esta politicamente Galicia, o nivel sociolóxico-político pois os plantexamentos así máis radicais a min paréceme que son idealistas respecto das posibilidades reais de transformación de Galicia, e creo que a autonomía é un paso importante, cambiar a mentalidade, dárles unha responsabilidade que nunca tiveron.

As veces ese pesimista de mais verbo ao noso pobo porque o movemento social está aí, no agro contra a cuota, no ensino na industria polos convénios...

Eu penso que e pasivo respecto das ideoloxías e os programas políticos pero non e pasivo fronte a defensa dos seus intereses. Esta é unha ventaxa da autonomía, porque lles pón o marco das responsabilidades de Goberno no seu ámbito ante Madrid síntese impotente, agora díslles que esta aí, no Obradoiro e que aí van discutir o problema dos montes e baixan todos os campesinos da Fonsagrada coas fources ou os mariñeiros de Arousa.

Pero detrás da mobilización hai sempre organización e política.

Política non, problemas.

Problemas vistos dende unha política porque tamén os feitos dinnos que son os sectores orga-

nizados baixo un norde político os que se mobilizan ¿Como pode desligar a mobilización polo problema concreto da propia política?

Pero esa mobilización podena facer todos os partidos, e que agora non se propoñen facela, só se propon UPG; enton farana todos os partidos porque será unha maneira de incorporar aos electores. E a autonomía rompe esa omnipotencia lonxana, esta e a ventaxa da autonomía tendo en conta que calqueira outra meta vexoa lonxana ás posibilidades actuais.

¿Que diría do interese do poder, das forzas dominantes, na existencia de RG?

Home, non sei se lles parece interesante, como tal non tivemos contacto ningún. Algun partido da oposición ocasionalmente preguntou pero UCD non... a Totorra, en troques, fixo unhas declaracións en Sada "eso é moi interesante, son amigos meus..." Dos máis naide dixo nada.

No tocante aos apoios económicos do Pastor, o Banco Atlántico...

Que é unha barbaridade, astra nen se plantexou ese problema.

Pero os proxectos son moi ambiciosos para os facer sen apoiatura económica...

E que a medida que os vaíamos tendo preparados teremos que buscar médios por agora a cuestión é estruturar o traballo. Por outro lado eu teño confianza no propio entusiasmo e colaboración da xente ¿comprendes?

Non se define nacionalista ¿pois non?

Bueno, non me defino, non teño a tendencia a me definir nacionalista porque teño moi claro, para min, que o problema non é racional plantexalo en termos particulares. Paréceme que o nacionalismo é unha etapa necesaria na autoafirmación da personalidade, pero non é a solución. E imposible, para min, pensar unha Galicia independente e soberana. Paréceme que eso é irreal. Penso na fórmula equivalente que a min me parece real, que é a fórmula peninsular, nese sentido són federalista.

¿E do papel das loitas nacionais no Estado, mesmo do recen proceso electoral basco?

Si, a min paréceme que está ben, que é comenente... claro, hai que romper un estado centralista; se existira un estado federal xa non tiña sentido ese ultranacionalismo alí, tiña sentido ao servizo de outra cousa: do leninismo, de ETA, xa era utilizar ao nacionalismo para outros fins ideolóxicos. Pero como non estamos nun estado federal entón o nacionalismo si tén sentido... se en Galicia non tivera habido unha reacción nacionalista estaría pasiva. E necesaria pero non e a solución.

**MARGARITA LEDO ANDION
Fotos: XURXO FERNANDEZ**

O GALEGO, ROMANCE ATLANTICO AILLAMENTO E COOPERACION

RICARDO CARBALLO CALERO

A restauracion do galego literario despois da guerra de 1936 a 1939, repuxo os vellos problemas sobre a planificacion do idioma, matizando-os con conotacions que os insciberon tanto no circulo do fundamentalmente lingüístico como no circulo do fundamentalmente social. De xeito que o problema - como foi realidade básica - e agora paladinamente técnico e político asemade, ou ten unha manifestacion técnica e unha manifestacion política claramente deseñadas, aínda que vinculadas estreitamente. E xeral a adopcion da postura normativista atinxida xa con anterioridade, de contra o inxenuo ou priguiceiro liberalismo favorecedor da dialectalizacion e conseguinte castellanización da fala. Mais debemos perguntar-nos se o galego normal ha constiur-se independentemente de toda influencia das demais modalidades do iberrománico atlántico ou ha te-las de algun xeito en conta. Ou sexa, se o galego normativo ha facer-se en contacto co portugués normativo ou de costas a el.

A posicion que chamamos isolacionismo pretende conservar as esenciais do galego fronte ao portugués. Na súa forma máis radical sustenta a opinion separatista, segundo a cal o galego e o portugués son linguas distintas desde as súas orixes. En forma máis moderada, admite que existiu unha lingua galego-portuguesa -ou galega primitiva- da que a partir de fins da Idade Media abrollaron o galego moderno e o portugués. Hoxe, o galego e o portugués diferenciarían-se substancialmente, e para formar o galego padron temos que nos basear no galego falado, por moí castellanizado que apareza, e rexeitar todo lusitanismo, é dicir, toda expresion -como dicir, pero tamén Galiza, Deus, carnizaria, xuízo- que, comun un tempo ao galego e ao portugués, non é hoxe xeralmente usada polos galegos falantes espontáneos, ou sexa os que falan galego por tradición familiar, ininterrompida, ou sexa os que falan galego por tradición familiar, ininterrompida, e non acompañada de disciplina docente ou literaria, durante varios séculos. Se non se quer con este isolacionismo verbo do portugués precipitar a dialectalizacion do galego con respecto ao castelán, pretendera-se soster o galego independente fronte aos seus dous poderosos veciños, como un David heroico, ou heroicómico, que coa súa funda de pegureiro mantívese a raia os dous poderosos Goliath, de moderna e esmagadora panoplia, que abalan as súas mazas de ferro nos li-

mites -ou máis ben dentro dos límites- do pequeno cantón lingüístico do belicoso pastor.

O que se propón, pois, e unha actitude de aillamento total, como pode cumprirse ao eusquera, que, por non ter parentes nas súas fronteiras, pode elaborar unha normativa enteiramente autárquica. Mais o galego que peche os ollos perante as formas variantes do sistema ou diasistema hispanico atlántico, renuncia a aproveitar para a resolucion dos seus problemas unha serie de solucións codificadas que lle aforrarian moitos esforzos antieconómicos, e, de outra banda, ao explotar a man- tenta as diferencias que o influxo da colonizacion lingüística castelá determinou entre as dúas ponlas do iberrománico occidental, está propiciando a súa castellanizacion.



Dibuxo TUDO

Por iso existe unha corrente de opinion favorábel a cooperacion co portugués. Os flamencos non pechan os ollos perante o holandés; os valons non pechan os ollos perante o francés. En Suiza hai cantóns que falan francés, italiano ou alemán sen deixaren de sentir-se helvéticos. A cooperacion co portugués favorecería a difusión dos nosos textos literarios nun horizonte crecentemente extenso. A reintegracion do galego na súa integridade, mediante a liberacion da presion do castelán. Non se pretende nen asumir o portugués como lingua de Galiza nen adoptar como galego de hoxe o do século XIII. Sinxelamente, o reintegracionismo supón o razoabel ingreso do galego na comunidade lingüística á que realmente pertence, único xeito de evitar a súa absorcion polo hispanico cen-

tral. Isto implica, certamente, unha osmose entre os distintos representantes do antigo romance occidental; ósmose na que, segundo o meu sentir, o galego non se pode manter as súas fronteiras políticas, como pode aceptar outras que, procedentes de outras normativas, acaian ao sistema e non sexan estrañas a estrutura do galego. O que non parece lóxico e dar as costas as formas normativas irmas, en troques de aproveitar o que delas nos conveña e mesmo aspirar a aportarmos-lles o que talvez pode convir-lles, sequer como variante estilística.

Se non temos o menor desexo de manter a identidade de Galiza, e excusada a nosa preocupacion pola lingua. Mais se queremos manter aquela identidade, na lingua temos o mellor instrumento para conseguilo. A lingua é un sacramento, e dicir, un signo visíbel de comunión nunha determinada fe. Evidentemente, a lingua non confere a nacionalidade. Hai moitas nacións de lingua española ou portuguesa que non se confunden coas antigas metrópoles. En troques, hai nacións plurilingües. Unha nación é unha vontade colectiva de destino comun. Como dicia Renan, un plebiscito incesantemente renovado. Mais cando se dispoñ dunha lingua propia, non se comprende o seu abandono polos que desexan manter a identidade do pobo que a fala.

Podemos, en consecuencia, imaxinar unha Galiza que non fale galego. Por exemplo, unha Galiza absolutamente castellanizada. Ou, se queremos pensar nunha situacion menos radical, unha Galiza onde o galego sexa respectado, mais non promovido. Ou mesmo unha Galiza onde o galego sexa considerado como unha reliquia histórica, ou como unha típica modalidade folclórica que a fins turísticas conveña conservar. Poderíamos establecer reservas nas que un fado de labregos é intelectual, vestidos os homes con mouteira e cirolas, e as mulleres con cofia e mantelo; vívesen subvencionados polo Estado, consagrados a falar, escribir, cantar, rir e chorar en galego con acompañamento de gaita, ferreñas e pandeiro. Cousas semellantes via-se -e ven-se- en certas latitudes. Mais hai unha tradición que aspira a outra fortuna para o galego. Esa tradición propugna o galego como lingua de Galiza e a tradición das Irmandades da Fala, de Nos, do Seminario de Estudos Galegos, e a tradición de Viqueira, de Castelao, de Buza Brey. Esta tradición pregou sempre a cooperacion das distintas ramas do galego-portugués. Esta tradición é a nosa tradición.

don augusto



LUGO

Asi quixeron facer pagar

Na casa Sindín, na parroquia de Adai, perto de Lugo, tiñan pendentes de pagar varios recibos da Cuota Empresarial. Entón o venres, día 14, apareceron vintecinco policías e sete paisanos que chegaron astra o lugar nun autocar, nun Land-Rover e dous taxis. O Sindín, un pouco con humor, e as veces con calor, contou os feitos daquel día.

"Nun principio vin unha parella e pensei virán de paseo", pero logo empezaron a aparecer máis. Unha parella por xunto daquel palleiro, outros por alí... viñeron máis policías que xente hai na aldea. De seguro que pensan que somos como feras ou cousa así.

Eu estiven a negarme a que lle tocaran ao tractor para poñerlles a cadea e o candado. Despois puxérona, pero eu advertínlles que a ía quitar logo, e mesmo un sarxento díxome que despois fixera o que quixera...

Asimismo, a muller do Sindín apostilloulles que deixarán a chave porque lles podería servir de candado para alguha cancela.

"¿Cómo lles vou deixar levar o tractor se é meu. Teño pago e non lle debo nada a ninguén por el!"

Ao presentarse o sr. Cruz, recaudador, na casa de Sindín, decía que ao non pagar teríanlle de precintarlle o tractor. O tractor está ao seu nome, pero as terras de que dispón a casa están a nome do sogro (xa morto),

da sogra, da muller e dos demais herdeiros da casa. Foi por iso que a medida amenazadora de embargar o tractor causoulles extrañeza.

"Cando foi que quixen pagar a cuota no ano 77 negáronse decindo que se non pagaba a do 75 non podía abonar a do 77. Eu daquela debín levar dous testigos. E por iso que agora veñen desta maneira. Chegáballes ben que demandaran polo xuzgado se querían e sen vir con este espolio. Non podo pagarlles e non pago. Eu xa lles dixen que me podían pór pernas arriba que non me ía cair un peso do peto. Ao me ver firme, mesmo o sr. Cruz dediame "ande, pague as sesenta mil pesetiñas, se quere en dous ou tres meses e se non ten cartos préstollos eu". Despois seguínme a decir:

- O gado e o tractor temos que escribir

- Pois escriban o que queiran.

- Pague, que senón vimos polo gado e polo camiión.

- O gado non o toquen. Antes cortanme a man e o pescozo, eu vivo dos animais".

Ao remachar tanto os que chegaron de paisano como os policías que eles cumplían ordes, o Sindín díxolles: "quédense co gado e con todo o que hai na casa. Pagan vos eles os recibos e todo o demais. A mñ déanme unha soldada e aí lles queda todo. Leven vostedes a contabilidade de todo e xa me diran..."

PACO ARRIZADO

MONFORTE Problemas, problemas e.. problemas

Problemas importantes e variados ten neste momento Monforte, e, por extensión, case todo o Val de Lemos. Poucos pontes que atravesan o Cabe, pola contra moitos pasos a nivel, ponte de Ribas Altas, os accesos a San Vicente, o tráfico, a falla de Hospital-Residencia... Nesta crónica de urxencia, noustante, detarémolle unha ollada aos tres que son máis noticia, e que tran máis "de calle" aos habitantes e de cidade e val: a estrada Lugo-Monforte-Ourense, o Regadio do Val Patronais, dos que xa falou A NOSA TERRA, e que agora, a cinco meses vista, xa volveu estar ao día.

O ACCESO NON ACCEDE

O chamado "Acceso Centro", dos "Accesos a Galicia", chegaría a Pobo de Brollón. De alí, un ramal colliería de cara a Lugo, e o outro, por Monforte, cara Ourense. E deste tramo é que imos a falar.

De momento, só o que vai da Rúa a Monforte está a acabado anque a esplanación xa avanzou 6 kilómetros máis, deica Canabal. O alcalde, nunha sesión municipal, explicou que de momento a obra vai quedar morta, e que o presuposto de Obras Públicas vaíse empegar na conservación do xa acabado. E a cousa é importante, xa que un tráfico pesado de mercancías procedentes de Vigo, que faría normalmente o camiño via Ourense, por mor das dificulta-

des está seguindo a vía Lalín-Lugo-Becerreá-Ponferrada. A parte de que en Monforte, que fai moita vida con Ourense, é ben necesario o acabamento de todo o tramo.

LAVADO DE MANS

O ruído das Festas Patronais de Monforte aínda chega astra aquí. Un morto, sete ou oito persoas pendentes de procesos, a cidade aterrizada quince días e manipulacións dos feitos pouco claros, foi o ronsel que deixaron. E hai pouco, o alcalde plantexou para un Pleno, que resultou excepcionalmente concurrido planificación a cinco meses vistas das deste ano. Ninguén tivo moito que decir, e en sucesivas xuntas falouse do tema, presentado o PSOE un programa para 4 millóns e medio de pts, e acordándose facer unha enquisa de se os cabezas de familia se querían facer cargo da financiación. Nun programa radiofónico máis tarde, o BN-PG, que non asistira ás xuntas previas por seren porta pechada e entenderen os nacionalistas que o pobo debía der testigo das discursións, deu unha alternativa, concretada para que sea a Comisión de Festas a que se encargue da organización, non subvencionadas a base de polémica e clasista "Pista", que non se lle adiquen as subvencións festas galegas e populares.

ANTON DO MOURIN

O CONDADO Amores e desamores

Paso e morada de romans, arabs, irmandiños, vencedores, irmandiños vencidos. Fortalezas, castelos, pazos. Pedro Madruga, doña Urraca, o padre Sarmiento. Historia, historia dos asoballamentos e represións pecha en si a comarca do Condado. Por pouco tempo moi pouco disfrutou da ledicia irmandiña e vencedora. Eternidades, séculos infindos de Pedro Madruga, Urracas, Sarmientos, inquisicións, caeas. E aquí estan como testemuñas imborrábeis, mudos os monumentos construídos polos nostáxicos do imperio da castración, da liberdade parede da Inquisición (ruínas do Pazo-Salvaterra), castelo de Pedro Madruga (Salvaterra, practicamente derrubado), fortaleza de vila Sobroso (Mondariz) son os vestixios deixados polos devanceiros do poder, son a xustificación do poder de adaptación dun pobo a unha situación social inxusta. E a historia do Condado e é a historia de Galicia.

AMORES

No extremo sur da nación, entre o baixo Miño e o Ribeiro, 40 kms. de fronteira marcados polas nidias augas do Miño, tres vilas nas suas beiras Arbo, As Neves e Salvaterra e cinco en continente Pontearas, Salceda, Mondariz-balneario, Mondariz e Crecente, que lle dan nome aos oito concellos, 60.000 habitantes, 91 parroquias, 478 kms. cuadrados de terra, O Condado.

Viños nados das vides romanas evolucionadas astra o punto de ter unha personalidade propia, cepas galegas con nome galego que dan viño galego, Alvaríño, Torrantés, Loureiro, Pedral, Espadeiro que loitan desesperadamente pola supervivencia, contra o intrusismo das clases foráneas, Jaca, jerez francés, barcelonesa, etc.

Miño espléndido asoballante conquiere a admiración ou recoñecemento. ¿Tanta fame mataches, vello compañeiro?, nen o maxinas. Lamprea, anguila, sabalo, troita, sabella. Gastronomía

propia e compartida. Tamén o Tea herdeiro das virtudes do Miño, como afluente que é baña as ribeiras dos dous Mondariz, Pontearas e Salvaterra, no seu leito en Mondariz as veas das augas minerais, base dunha das maiores industrias hoteleiras do país.

DESAMORES

No corpo máis san xurde o mar. No rostro máis belido un ecema. Hai corpos sans rostros fermosos que portan enfermidades endémicas. Galicia padece esa enfermidade e no Condado os síntomas son manifestos. E o caciquismo e a corrupción. Os lacaios do poder. O servo da inxusticia. Xueces e partes.

Os viños do Condado durmen nas bodegas os soños dos marxinados. Nas cidades e vilas, cafeterías e tascas indiscriminadamente véndense cantidades de viño que por si soas duplican a colleita de toda a comarca pero que da bisbarra somentes teñen a etiqueta. O labrego veise na obriga de vender ao precio que se lle

marca. Non ten opción, ou si a ten emigrar. Ou a tiña, Europa xa non precisa do sudor galego para convertilo en enerxía. De todos xeitos a realidade verificase inapelabelmente, a colleita baixa nas viñas e sube nos armacéns. A química vaille gañando a batalla a natureza.

No Miño van nacendo chagas decotio. As areiras abren feridas de morte no seu leito e no do Tea. Leván a area e con eles os desoves do peixe. As especies van desaparecendo. O sabalo e raro, a lamprea pescase nun 25 por cento da produción de hai dez anos, a troita vai escaseando de xeito alarmante. O salto hidroeléctrico de Frieira non ten escada salmoneira. A especie está en vía de extinción. O oportunismo e a especulación estanse a facer donos do mercado e isto e realmente dramático, o suministro de lamprea nunha cantidade considerable, estase a facer da pescada en augas marinas, unidades que se mercan na orixe a 350-400 pesetas vendense como si foran pescadas en Arbo, As Neves ou Salvaterra ao preço de 1.000-1.200 pesetas. A construción posibel por Fenosa dun novo salto hidroeléctrico en Sela vai ser a purtilla que acabe co futuro do pobo de Miño e de fin a labourea encetada polas areiras.

E no labrego do Condado queda esa mirada infinda, comun a das mulleres da costa, orfas de mil tempestades, a espreita da sua vaguedade dun maña irmandiño.

X.A.SUAREZ

PORRIÑO Cocampo, outra "crise"

"Cocampo" é unha empresa adicada ao comercio da alimentación, en resumidas contas, ali fanse hamburguesas, comercialízanse ovos, véndense pedazos de polo conxelado, etc....

A plantilla de Cocampo é de 140 traballadores e os donos son 100 sócios, feito que convirte a Cocampo nunha Sociedade Anónima encuberta e non en Cooperativa como legalmente se chama.

Os traballadores de Cocampo levan xa un tempo sen cobrar e deica agora mantivéronse pacentes, acudindo todos os días ao posto de traballo, como se non pasara nada, aínda que non houbera material con que traballar. Pero xa a situación se fixo insostible e escomezaron a saír a rua para dar a coñecer a situación.

O que é xa unha realidade é que o "Polo de Desarrollo de Porriño" vai quedar desfeito, e non porque unha empresa non pague, senón porque esta comarca está a ser vítima da máis cinica das programacións do capital e do goberno español de cara ao Mercado Común E a verdade é así de clara. Cocampo, ou compite coas empresas do ramo de Europa dos monopolios ou morre. Desto falamos con Salustiano Guerra, traballador de Cocampo e afiliado a I.N.G.

¿Canto se vos adeuda?

Catro meses de salario e dúas pagas.

A dirección deu algunha explicación?

O problema, segundo eles, ven dado por unha descapitalización, derivada de ter que traballar con cartos adiantados nun proceso de transformación de produción que chega a ser de tres meses. Tamén, segundo eles, este xeito de traballar foi unha consecuencia de que a Caixa Rural negara un capital circulante que a título de creto mantiña en todo momento coa cadea de granxeiros. Respeto dos salários, a dirección argumentou sempre estar facendo o imposible por cobrar certas cantidades que lles adeudan, pero de cara aos traballadores en ningún intre se deu nada en concreto.

¿Como xurdiu Cocampo?

Xurdiu como unha separa-

ción da rama avícola de Uteco.

¿A que se debeu a separación de Uteco?

Uteco, segundo parece, acumulou durante os derradeiros anos cuantiosas perdas e a Caixa Rural, como propietaria por embargo de Uteco, puxo a venda as tres seccións independentemente, porcino, piensos e avícola.

¿Que centrais sindicais teñen presenza en Cocampo?

I.N.G. e CC.OO.

¿Cal foi a actitude que adoptaron de cara ao posibel peche?

CC.OO nos primeiros meses adoptou unha actitude dabondo pasiva, desixándose enganar polos contos da dirección que tentaba por todos os medios de que os traballadores non deran luz pública ao conflito. Respecto da ING, aínda sen ter parte no Comité, levou a cabo en todos os momentos unha política de desengano encamiñado a conseguir

que os traballadores se movilizaran polo seu problema.

¿Que accións levades feitas?

A finais do mes de febreiro como primeira medida, despois de vencido o último prazo que despois de catro meses se lle deu a dirección mantivemos unha ocupación das dependencias administrativas durante 48 horas. Na actualidade mantivemos unha ocupación semellante a anterior ao tempo que a fachada da empresa a cubrimos con pancartas alusivas ao problema. Estas accións remataron nunha marcha cara ao centro de Porriño, onde se fixo unha asemblea pública.

Esta semana temos unha reunión na Delegación de Traballo para saber como estan as contas da empresa e con estes datos tomaremos as medidas oportunas de cara a resolución do problema.

¿Como ves a situación de Porriño de cara a este novo peche?

Porriño é un pobo que se erigue polo concentración de traballadores que o "Polo de Desarrollo" trouxo consigo chegando a ser o terceiro pobo industrial da provincia de Pontevedra.

As consecuencias da continúa desfeita do Polo que se está a levar a cabo, cuxo verdadeiro eslabon e Cocampo afectara en meirande parte a que a evolución de Porriño sea unha regresión. A consecuencia do gran número de parados que hai, a vida comercial de Porriño e comarca vai cada día a menos.

CANDIDO MIRANDA

O "NACIONALISMO" CONVERTIDO EN MERCANCIA ELECTORAL

BAUTISTA ALVAREZ

Se reparamos nos resultados das sucesivas consultas electorais realizadas despois da "reforma democrática", o primeiro que se bota de ver é o progresivo descenso dos partidos españoлисты no ámbito das distintas nacións integrantes do Estado. A involución tivo como contrapartida o incremento en votos das opcións nacionalistas, tendencia esta corroborada nas pasadas eleccións ao Parlamento Vascongado, sen que a maioría acadada polo PNV —de moi dubidosa fiabilidade patriótica— sexa precisa para dar relevancia a irrupción firme das alternativas abertzales. Non cabe incluír neste proceso, por suposto, o relativo éxito dalguns partidos rexionalistas en Andalucía e Aragón, que merecen unha análise situada en coordenadas políticas diferentes.

Da mesma tendencia dedúcese que a erosión electoral da dereita española non se realiza en favor da esquerda tradicional, na maioría dos casos vítima tamén da riada nacionalista que baixa da periferia, proba evidente de que non caben nos países dependentes alternativas revolucionarias que non asuman de maneira coherente as teses antiimperialistas de liberación nacional. O avance da historia, a evolución da sociedade, ten aquí como premisa a ruptura do Estado unitario, creación e soporte institucional da oligarquía. Ou a esquerda, se se quere manter no adxetivo, lle presta atención a esta esixencia, ou se refusa a historia a que peche o futuro político da mesma.

Ante o progresivo deterioro a que esta abocado, non é de estrañar que o sucursalismo pretenda recuperar a primacía electoral enmascarándose no disfraz nacionalista. Algo diso xa vimos en Galicia nas pasadas consultas lexislativas e municipais. De cara as próximas eleccións ao parlamento autónomo, sobre todo despois da experiencia en Euskadi, non lle van faltar axudas, principalmente da dereita, a aquelas alternativas que podan cumprir esta función. A min semellanme estas opcións galeguistas "moderadas, ben pensantes e de centro", das que tanto se está a falar na actualidade a rede utilizada polos acróbatas circenses, coa misión neste caso de amparar a caída das forzas que controlan o poder, e prolongar así as sesións de funambulismo político coas que se veu encaixando ao noso pobo.

Conta tamen, na remodelación do panorama político galego, un certo mimetismo de Euskadi e Cataluña, maiormente da primeira. Neste sentido, augúrase o éxito en Galicia para un "nacionalismo" encaixado polo vieiro ideolóxico do centro ou da dereita. Xa dixeran denantes a escasa fiabilidade patriótica que nos ofrece o PNV, por mais que pudesen usurpar un porcentaxe de votos procedentes das filas abertzales non clarificadas. Desde unha perspectiva meramente oportunista, obxectivo que prevalece no galeguismo convertido en mercancia electoral, sería arri-

cado cuestionar agora os resultados O que non é motivo de sospeita e a súa ineficacia para corrixir, nen xiquera suavizar minimamente a situación colonial da nosa Terra. En resumo das contas, carece da menor virtualidade para ser ofrecido como alternativa nacionalista coherente

O erro pode partir, no suposto de presumir algunha honestidade política aos países dese galeguismo híbrido e confuso, de simplificar o problema nacional, equiparando a estrutura económica e social do noso país a existente nas outras nacións oprimidas do Estado. Erro que xa se cometeu nas valoracións comparativas dalguns aspectos accidentais dos respectivos Estatutos. ¿Onde está en Galicia esa burguesía con peso específico no estado maior da oligarquía española, tal como acontece en Euskadi e Cataluña? Aínda que se pretenda negar gratuitamente a evidencia desta realidade, o feito é que a maior parte do excedente económico galego, a plusvalía xenerada nos distintos sectores productivos nacionais, colócase fora das nosas fronteiras a través dos tentáculos que os monopolios estranxeiros teñen na burguesía intermediaria do interior. O feito é que Galicia non se fixo emigrante por hostilidade da paisaxe, nen por vocación de retorno as orixes remotas do celtismo. Mentras a burguesía vasca e catalana culminan, en certa maneira, a pirámide económica e social no marco xeográfico dos respectivos países, non existe inconveniente para o imperio do capital que as súas opcións políticas lle nazan homologos nacionais, dentro dunha relativa autonomía de actuación.

Pola contra, carecendo Galicia dunha clase autoctona dominante, a dependencia económica tradúcese en descarado sucursalismo político. Así vemos incluso nas mesmas estruturas organizativas partidarias do españolismo de dereitas dirixentes de escasa ou nula vinculación ao noso pobo. E o que non é encuberta ou solapada

política de importación, por forza ten que ser nacionalismo radical. Non hai outro. Este radicalismo non é cobertura testimonial para ningún tipo de ideoloxismos sectarios, senon produto das propias esixencias políticas do país, por moito que certos profesionais da ambigüidade e da confusión pretendan exculpase da súa incoherencia cargando o adxetivo de valoracións peiorativas. Non existen actitudes maximalistas, cando o único que nos ofrece o posibilismo dos oportunistas é o desarme ideolóxico colectivo e o suicidio de Galicia como nación.


Unha maneira de distorsionar a realidade a que nos ten afeitados ese galeguismo de campaña electoral e o camuflaxe do colonialismo galego co roupaxe de centralismo administrativo madrileño. Non sei de que se queixa, xa que logo, cando o poder lle responde cunha descentralización sintonizada cos seus plantexamentos, unha vez metidos no xogo no que a reforma do imperialismo español ten todas as bazas a favor. Tampouco nos colle de sorpresa que incluso lle chovan nese campo os golpes da reacción, que o satiriza de querer sustituir a moderna urbe da Cibeles por un antiquado vilote medieval. Bromas aparte as que pudesen parecer imprecisións de lin-

guaxe carecerían de importancia se non traducisen implicacións políticas de fondo. Resulta difícil non recoñecer o atraso secular da nosa economía. Ignorar este fenómeno sería meterse de cheo no limbo da política ficción. A orixinalidade xurde cando se escamotean as causas do problema facendo derivalo dunha absurda centralización das institucións administrativas do Estado, que sumiu a Galicia no subdesenvolvemento e na dependencia. Cabenos a certeza de que a simple reforma autonómica, solución en consonancia con semellante tipo de análises, vai deixarnos nas mesmas ou piores condicións. Como non e a miña intención levar ao lector por unha argumentación que neste terreo sobardaría

as dimensións do artigo, so quero suliñar que as experiencias realizadas fora do Estado español corroboran a ineficacia dos Estatutos, mesmo incluso para abordar os desequilibrios económicos de carácter rexional.

Se as teses do "centralismo" son com-partidas por todas as forzas de querencias ideolóxicas españoлисты que compiten por unha credencial de galega, e que polo tanto, tencionan deixarnos na mesma situación na que estamos, a peculiaridade do galeguismo electoral radica no programa político escollido para rivalizar coa dereita no mercado de votos. Son nacionalistas pero nacionalistas de centro, denominación esta mais socorrida para presentarse en sociedade a dereita tradicional. Conscientes da explotación económica que sofre Galicia, extremo que ningunha tivo aínda a osadía de negar, de nengunha maneira están pola nacionalización dos monopolios estranxeiros, pois atentaría esta medida contra o sacrosanto principio da economía de mercado. Ou sexa que, a miña maneira de ver, semellante galeguismo non sobrepasa as reivindicacións de carácter folclórico xa que a mesma normalización idiomática obxectivo mínimo a defender por un nacionalismo que pretenda presentarse como tal non se consolida se non vai acompañada da remodelación das estruturas sociais en vigor. Se o problema de fondo que late na colonización de Galicia é o enfrentamento entre os intereses económicos do país e o dominio imperialista exercido polo capital español ou ten en perspectiva deixar ao noso pobo condenado ao fatalismo da emigración, ou pensa entregar o sector monopolista aos astra ho-xe fracasados oligarcas do interior. Igno-ramos o destino dun viaxe equipado con tales alforxas políticas. Quizais o ignore tamén o pobo galego, vítima da propia estulticia por pechar os ouvidos ao clamor destes profetas.

O pobo galego non é responsable de non ter superado aínda os mecanismos de presión ideolóxica e social a hora de pousar nas urnas o tributo electoral. Estamos seguros de que algun día o fara, non polo reto procaz, paternalista, dos que fan do sufraxio trampolín das ambicións perso-nais, con tics agresivos aprendidos nos manuais americanos, senon por un entregado e paciente labor de concienciación, que non se esgota nas confrontacións electorais. Non poño en dubida o éxito fugaz do galeguismo-mercancia contabilizando os resultados en moeda electoral, como tampouco cuestiono o imperio exercido polo caciquismo en Galicia, principalmente no mundo rural. O que si aseguro e a súa inutilidade como plataforma política ao servizo dos intereses nacionais. A larga, supondo honestidade de intencións aos seus promotores, tería de escorarse a esquerda, engrosando as filas do nacionalismo popular. Do contrario, seguirá a ser a rede salvadora para a acrobacia política da reacción colonial en Galicia.



A NOSA TERRA

Keito
PONTEVEDRA
SOPORTAIS DA FERRERIA, 4

Capri
Calvo Sotelo, 80
Tel. 354282
FERROL

TELETECNIK
REPARACIONES TV e SONIDO
T.V. COLOR e BLANCO e NEGRO
Instalación de Antenas Colectivas e Individuales
SERVICIO TECNICO COSMO
Travesía de Vigo, 32 Local 2
Teléfono 27 61 50

Se entendemos por saúde un estado completo de benestar físico, mental e social e non somentes a ausencia da enfermidade, é dabondo fácil entender como as influencias que exercen as estruturas sociais, políticas e económicas sobre o desenrolo pleno da vida humana van condicionar un nivel axeitado ou non de saúde. Galicia non ten desenrolada nen siquera teóricamente un programa de saúde. E a pesares da existencia de varios organismos sobre os que recai a responsabilidade sanitaria, a súa laboura é deficitaria no funcionamento sanitario. E así, as institucións que realizan unha asistencia de beneficencia teñen idea da enfermidade como algo inevitábel e ofrecen a asistencia médica coma se dunha obra de caridade se tratara para os económicamente febles.

INFRAESTRUCTURA SANITARIA GALEGA

A Dirección Xeral de Sanidade caracterízase por unha grande deficiencia nas campañas sanitarias, por unha ausencia notoria de centros de saúde e hixiene. Asemade, a carencia dunha boa asistencia sanitaria, mesmo con minguada calidade. Por outra banda, a Seguridade Social, institución financiada polos traballadores, utilízaa o estado para os seus intereses particulares. Na nosa terra, as deficiencias cualitativas e cuantitativas son maiores cun baixo porcentaxe de camas e persoal adicado á atención dos asegurados. Mesmo o seu sistema de asistencia sanitaria e tamén incompleto e non chega a cubrir a totalidade. No mesmo senso, a asistencia sanitaria exclusiva ao home do mar, esquivando sistematicamente oao home do mar, poñen en entredito a funcionalidade social dos elementos básicos da estrutura sanitaria en Galicia.

A subordinación no desenrolo industrial galego, o abandono das economías agrarias e pesqueiras, a emigración e a explotación das nosas clases traballadoras vén provocada polo feito de que Galicia é unha nación suministradora ao Estado español de forza de traballo, capital e materias primas. Esta situación condiciona e conleva a unha serie de realidades como rendas económicas máis baixas, moitas delas en niveis de mera subsistencia, manténdose moi deficiente a calidade de vida de amplos sectores populares, así como uns condicionamentos tanto a nivel persoal como colectivo que agravan a situación do noso pobo. Doutra banda, os maos servizos públicos e o conseqüente abandono das zonas rurais hai que engadir as vivendas insalubres, o insuciente forcenemento de auga potábel á poboación e por unha rede de estradas e comunicacións esquia e deficiente. Porén, nos poucos núcleos de poboación a situación non é máis axeitada. O dominio da especulación dá lugar tamén a unhas vivendas inhumanas, dunha industrializa-

ción irracional trae como consecuencias unha boa chea de problemas en canto a contaminación se refire. (Lembremos da contaminación da ría de Pontevedra e mesmo o problema das centrais nucleares). Asemoadade, o sistema capitalista conleva uns ritmos de traballos que provocan sérios transtornos físicos, psicológicos e altos índices de accidentes laborais para o mingoado desenrolo que acadamos.

Amáis disto, a nosa infraestrutura caracterízase pola inexistencia dun organismo sanitario propio que garante, planifique e controle a asistencia sanitaria decordo coas necesidades do pobo.

A ausencia de plans asistenciais dan pé a unha falla de control sanitario de asistencia privadas zonas rurais e vilas, adoeendo dunha estructuración de campañas de erradicación de enfermidades que noutras nacións e pobos xa están superados: tifus, tuberculosos, meninxites..., de campañas de educación sanitaria, hixiénica e alimenticia que teña en conta a realidade galega e as necesidades dos sectores populares. Pola contra, topámonos con dotacións de certos medios técnicos en contradicció coas necesidades máis urxentes sen ter en conta o seu alto coste para a pouca rentabilidade de deles.

Recursos Sanitarios


Recursos sanitarios son todos os elementos que participan na práctica sanitaria, seña esta preventiva, curativa ou de rehabilitadora. Podemos deividilos en: humanos (médicos, enfermeiras...) e materiais (ambulatorios, hospitais...). Así, Galicia tén o índice máis baixo do Estado español, concentrándose sobor de todo nas grandes cidades. Pola contra, en certas zonas diminuiu o número de médicos e noutras o abandono foi case

(PASA A PAXINA SIGUENTE)



Dibuxo: ALEXANDRO

dámoslle a man pra ir xuntos co desenrolo de galicia



CAIXA DE AFORROS DE SANTIAGO

caixa confederada

A O SERVIZO DE GALICIA

(VEN DA PAXINA ANTERIOR)

total. Doutra banda, as plantillas de persoal dos centros asistenciais non están cobertos na totalidade e aínda que se ocuparon os postos de traballo existentes ao cen por cen o persoal non abundaría de cara a atender as necesidades dos centros e mesmo a súa formación en escolas e na Universidade non se axeita a realidade sanitaria galega.

Tocante aos recursos materiais, a situación tampouco é nada alentadora, pero si dabondo insuficiente. Galicia ten o índice de camas hospitalarias máis baixo. A distribución destas camas concéntrase nas cidades, obrigando a unha maioría da poboación a abandonar o seu medio para recibir asistencia. Asemade, os índices de persoal por cama tamén son moi baixos.

Distribución administrativa das camas.

Privadas	30 por cen
Seguridade Social	25 por cen
Beneficas	45 por cen

	1960	1970
CORUÑA		
Homes	5,76	8,04
Mulleres	9,91	12,78

LUGO		
Homes	9,00	12,69
Mulleres	11,24	15,17

OURENSE		
Homes	8,84	10,72
Mulleres	12,09	14,15

PONTEVEDRA		
Homes	6,14	7,30
Mulleres	19,48	11,68

GALICIA		
Homes	7,01	9,02
Mulleres	10,66	13,05

ESTADO ESPAÑOL		
Homes	6,94	8,19
Mulleres	9,43	11,12

Camas hospitalarias:	
Catalunya	27.590, cun índice de 5,1 camas/1.000 Habts
Madrid	23.070, cun índice de 5,7 camas/1.000 habts
Galicia	8.967, cun índice de 3,0 camas/ 1.000 habts
Estado Español	157.598, cun índice de 4,8 camas/ 1.000 habts

	1974	1975
A Coruña	17,8	12,6
Lugo	12,0	10,7
Ourense	2,3	5,3
Pontevedra	11,9	19,8
Gipuzkoa	14,6	11,7
Madrid	6,9	4,0
Total E. Españ.	6,0	5,4



Tocante aos Hospitais, a Dirección Xeral de Sanidade clasifica en grupos A, B, e C, segundo a calidade, de millor a peor. Dacordo con esta clasificación, o 20 por cen dos hospitais galegos pertencen ao grupo A, o 50 por cen ao B, e o 30 por cen ao C. Deles, o 75 por cen teñen menos de 50 camas. As instalacións están avellantadas na maior parte deles, cunha dotación de medios técnicos básicos insuficientes. Por outra banda, en centros de Seguridade Social hai material sofisticado e caro que non se utiliza ou de esquia rentabilidade práctica, sendo unha consecuencia de que non exista un control do INP por parte dos asegurados. Nembargantes, hai un alto porcentaxe de centros privados, non practicán-

dose un sistema de cuidados progresivos. Tamén compresalientar o pouco número de centros e plazas especiais para atender a deficientes físicos e mentales.

Situación sanitaria actual

O movemento actual da poboación demostranos a existencia de taxas de natalidade máis baixa e de mortalidade infantil e bruta máis alta verbo do resto do estado, o que dá lugar a un crecemento vexetativo máis baixo. Mesmo en Galicia, hai claras diferencias a este respecto entre a Coruña e Pontevedra, Lugo e Ourense. Por outra banda, a esperanza de vida do galego é inferior á mérida do Estado Español. Dase un maior envellecemento da poboación galega, en Lugo e Ourense, debido en gran parte aos baixos índices de natalidade e mortalidade infantil.

E preciso salientar os altos índices de enfermidades infecciosas, as altas taxas de mortalidade infantil, baixas taxas de natalidade con mingoado crecemento vexetativo (maiormente en Lugo e Ourense), así como o alto índice de suicídios e de taxas de mortalidade por accidente para o nivel de desenvolvemento en Galicia. Son importantes e en certa medida un tanto extrañas as altas cifras de mortalidade por enfermidades cardiovasculares que veñen indicar unha máo atención do galego na morte, xa que o noso desenvolvemento industrial tampouco xustifica tantos mortos de "corazón".

Do mesmo xeito, as pirámides de poboación indican un unha redución dos grupos de idade dos dous aos catro anos, así como un esganamento nos grupos de esdades entre os vintecinco e trintecinco anos, debido máis que nada á emigración.

Fora dos hospitais, tampouco hai unha asistencia extrahospitalaria dacordo coas necesidades específicas do noso pobo. Deste xeito, faltan centros e médicos nos estádios interme-

dios entre o médico de cabeceira e o hospital, a resultados do cal sobrecárganse os hospitais e ese infrutiliza ese hospital, xa que se atenden a enfermos que tiñan que ser atendidos nos primeiros escalóns sanitarios. Neste senso, fora dos hospitais non se presta unha atención real ao enfermo senón que se recorre maiormente en por regra xeral ao despacho de recetas. Así, a asistencia baséase unicamente na medicación e sen que se faga dun xeito serio un programa de medicina preventiva. E a dualidade que supón ser médico da Seguridade Social e unha hora máis tarde médico privado, é un problema xa coñecido que se está a agudizar, con graves repercusións maiormente sobor do sector de asistencia extrahospitalaria.

Toda a nosa infraestrutura sanitaria vese agravada polo feito de que o pobo galego, dada a súa situación colonial, non pode participar nunha planificación nos programas sanitarios acordados coa realidade e coas súas necesidades. Asemade, sería preciso encertar unha política de infraestrutura con fornecemento correcto das augas potábeis e augas residuais, tratamento correcto da contaminación industrial, rede de comunicacións, programa de nutrición e alimentación racional, tendo en conta as grandes posibilidades da nación galega en recursos agrícolas, pesqueiros e gadeiros.

Tocante á asistencia sanitaria, a creación dunha rede hospitalaria única, aberta a todo o pobo, tendo en conta a diseminación e necesidade da poboación, o establecemento de servizos asistenciais de saúde baixo criterios racionais e atendendo aos distintos niveis de asistencia, pero potenciando maiormente a creación de centros periféricos a nivel local, tanto rural coma urbano, a millora dos que xa existen a nivel nacional e a creación de grupos móbiles que entablen activamente contacto coas poboacións de zonas máis remotas, sería unha chea de medidas, entre moitas outras, que modificarían as graves deficiencias na nosa nación.

a boa publicidade

Alanos
Galega de publicidade e diseño
(988) 211296 — (988) 216737 — OURENSE — SANTIAGO

a axencia de Galicia

STYLO
LIBRERIA e PAPELERIA

LIBRERIA XERAL
TEXTOS PARA O ENSINO
MATERIAL DIDACTICO DE U.N.E.

Capitán Eloy, 20 — Teléfonos 213356 - 214118

OURENSE

GRUPO BARRIE, GRUPO ESPAÑOL

O abó, Xoan Francisco Barrié d'Abadie chegou a Coruña cara o fin do século XVIII. Viña de terras de Fráncia e a especulación mercantil con cereais e bacalao servíronlle de palanca. Ao millor por iso, o difunto neto aínda presidiu "Pesquerías españolas de Bacalao", PEBSA, aunque non é moito decir dun home que lle alcumaban "de profesión sus presidencias", e que as foi engulindo desde que aos 21 anos o era da de Tranvías, cando, tirados por un par de mulas, ao subir, a Cordelería collían o reforzo dun percherón branco. Tamén as presidencias da élite cidadán eran do seu agrado: Auto-aero Club, vitalicio do náutico a raíz de abrirelle unha conta de crédito para o novo (hoxe actual) edificio; quixo selo do Circo de Artesáns antes de se popularizar e foino do Casino, tamén astra abriren máis as portas a diferentes sectores sociais, pasando despois a formar o Novo Club.

Un home baixete, con cativo e mouro pelo, pouco asequíbel, sen amigos; algúns din que non foi intelixente como outros moitos din que masón nos primeiros tempos; presentando a ponencia "Novas Industrias" no Congreso de Economía Galega en Lugo, argallado polos galeguistas; metido no wolfram na guerra europea e despois con algunhas minas como as de San Fix; que se achegou a Franco procurando o apoio á acumulación de capitais e monopolización de sectores económicos que tomou corpo a partir do "Plan de estabilización" nos anos sesenta.

Un home que no Nadal, ao correrse a voz de "hoxe recibe don Pedro" miraba para a lámpada enorme de bronce que penduraba do altísimo teito do seu tamén enorme despacho, mentras, en fila india, os traballadores do Banco Pastor felicitábanlle as Pascuas; que fixo chalets en cada

Salto de auga de tristeira memoria, con predilección polo dos Peares, ou que esixía un salón asfixiado de mármore en Belesar, tan só para celebrar na inauguración do grande embalse, unha xunta de conselleiros. Un home, cun Rolls Royce "el rey de los unos" matrícula C-11.111 e ao que lle consultaban o nomeamento dos alcaldes de Coruña, teimando en ser aristócrata e Franco deulle o condado do seu grupo principal, FENOSA e que despois de andar en conversas co Banco de Santander, representado por don Pedro Botín, proxectar o reparto das accións ao cincuenta por cento, aceptar o envío de técnicos para impor unha nova organización contabel fronte á recuada do Banco Pastor, din que lle tocou a lotería e librou de "ser papado" rachando conversas e proxectos.

Un home amigo de outro banqueiro e contrabandista, Juan

March, o que lle recomendou ao Dr. Puigvert para que o intervisse de próstata, e que como o devandito, tamén artellou xa cara o fin, no 1966, unha Fundación desas que serven para fugas impositivas, Fundación que é hoxe o accionista maioritario do Pastor e promove, dacordo coas súas miras, investigación, artes, obras culturais ou de influencia social -rede de Teleclubs-, construción de centros de ensino -Arquitectura na Coruña, Inxenieros en Vigo- e do que lle deixou a presidencia, xunto co resto, á súa segunda muller, Carmela Arias e Díaz de Rabago, aunque sea o seu irmán, o rexistrador da propiedade de Noia, Xaquín, quen teña mais poder efectivo.

Un home que conxugou o paternalismo autosuficiente da paga extra "Don Pedro" -por certo a piques de ser abolida- coa contratación dunha man de ferro, Andrés Pardo Hidalgo, para meter en cintura ao personal nos albores do sindicalismo na banca, nos anos 30. Ademais o Andrés caíulle tan en gracia que chegou á secretaria da presidencia e a substituílo ao fronte de sucesivos consellos anuais de Administración durante a súa doenza. Promocións coma esta, por outra banda, foron moeda abondo corrente, sendo outro caso coñecido a do seu practicante, Luís Torres a postos de responsabilidade no grupo.

E o que se recolle popularmente de Don Pedro Barrié, todos os anos a saludar a Franco cando chegaba a Meirás -un Meirás para o que o seu Banco expedía os boletíns de cinco pesos que tivo que pagar todo o pobo para "contribuír" á restauración le-



Foto XURXO FERNANDEZ



vando postais da Coruña cando saía de viaxe, que de primeiro non parecía ser moi relixioso pero ao cambiar os tempos tiña astra director espiritual; que con el ergueu o primeiro edificio de cemento da vila, o actual Banco; que lle encargou ao arquitecto Trulock os planos para a que se chamou no tempo "casa Barrié" aínda que máis tarde preferira cambiar a Tenreiro e non tivera, fálase, intención de lle pagar a encomenda ao primeiro.

Semellante ao seu abó que emprendera mil e un proxectos non sempre acertados, furando para que a súa fábrica de sombreiros poidera abrir mercado nas Indias, que acusado de afrancesado perde a súa posición no 1809 aunque no 15 volta estar reintegrado a actividade económica e de poder local e no 23, amais de anticiparlle fondos ao Estado, empeza a exercer de cheo co absolutismo monárquico, don Pedro foi concentrando en si os fíos do grupo familiar -ao morrer seu tío, Don Ricardo Pastor, faise coa maioría ampla das accións do Banco-, ou asegurándose en sociedades máis complexas como FENOSA a través de non se desprender nunca dos dereitos derivados das Accións de Fundador, ou comendo empresas do ramo como General Gallega de Electricidade e a Fábrica de Coruña de Gas y Electricidad. Pero tamén acaudiu e presidiu a "Trasatlántica de Hoteles" hoxe esfarelada (o Finisterre nas mans da cadea forense HUSA, o Embaixador pechado e ruinoso desde hai ben anos, o Emperador en Madrid...)

a fábrica de galletas da Puebla de San Xulian "Industrias Gallegas" que fracasou nos seus proxectos de montar unha fábrica de lentes, outra de baterías eléctricas que ía causar sensación... e que deixou ASTANO, da construción naval, en mans de capital do Estado, do INI, cumpríndolle a esixencia de que o capital escriturado como 1.000 quedaba en 500... ao fronte tamén de Obras del Puerto, "La Toja", ou das máis recentes de tecnoloxía avanzada como Genosa, Aluminios de Galicia, non tardaría en, seguindo os dictados da dependencia do noso país, involucrarse coas multinacionais do aluminio (grupo franco-alemán Pechynei) Iberduero na produción de lectricidade nomeadamente mediante a tan contestada central nuclear, coas concesións ao amparo estatal (construción da Autopista por Cubiertas y Tejados) e, finalmente na explotación dos Lignitos (Meirama).

Así, o ambicioso conglomerado que orixinou o grupo Barrié pechado, como o outro par de grupos económicos de nacemento galegos, en poucas persoas e con falla de peso político decisivo, seguirá á perfección o vieiro monopolístico no xogo banca privada-sector eléctrico e sen que, de seu teña nada que ver co inicial grupo que se descabezou por lei da propia situación colonial e pola propia opción cara os monopolios españois e o imperialismo.

M. LEDO

OS COMENZOS DA BANCA EN GALICIA

Os bancos, as compañías de seguros, e toda a mancha de institucións que configuran o sistema financeiro dun país, aparecen nos nosos tempos como algo perfectamente habitual, como algo que, queirámolo ou non, forma parte da nosa vida diaria. Cada vez é máis a xente que cobra e paga a través dos bancos, se mercas un coche estas obrigado a aseguralo, etc. etc.

Nembargantes aínda que a existencia de cambistas e banqueiros particulares seña un fenómeno moi antigo, o nacemento de toda esta argallada é relativamente recente, e adoitase dicir que data do século pasado. Concretándonos ao Estado Español, os especialistas sitúan o parto nas leis bancarias de 1856 que, con bastantes menos atrancos que a lexislación devanceira, regulaban a creación e funcionamento das institucións financeiras con forma de sociedades anónimas. Algúns dos máis importantes bancos actuais, como o de Bilbao ou o de Santander creáronse por aqueles anos, e dentro do marco de tal normativa.

AS LEIS DE 1856

En base a estas leis tamén se constituiron en Galicia tres sociedades anónimas bancarias, que serían así as primeiras aparecidas no noso país, O Banco da Coruña, creado no ano de 1858, e máis o Banco de Santiago e a "Sociedad de Crédito y Fomento de Vigo" que o serían 5 anos logo aínda que esta última se constituíra e escriturara en Madrid. ¿Cal foi o papel que xogaron estas tres institucións dentro do conxunto da economía galega da época? Pois, en realidade, moi pequeno. E non podía ser doutro xeito, poisque estas leis non estaban concebidas, no fundamental nen siquiera para lle daren pulo ao capitalismo español, senon máis ben para estableceren un vairo de penetración na península das grandes sociedades de crédito (sobre todo francesas), relacionadas coa construción dos ferrocarrís que estaba nese intre a escomenzar.

Unha banca do tipo comercial ou de negocios como a que estas leis introducían; non podía ter incidencia máis ca no limitado ámbito dos grupos burgueses urbanos, deixando ao marxe toda unha serie de sectores de actuación que eran precisamente nos que a banca en Galicia podía, ao tempo que inzar cumprir o papel progresista no desenvolvemento económico do noso país. Neste senso, o crédito agrícola podía ser un elemento central na transformación do campo, se fora quen de competir coa usura e máis de ofrecerlles medios de pago aos labregos para, nas conxunturas nas que fora posible, adquerir a propiedade plena das súas terras. Pero, segundo o espírito das leis de 1856, os estatutos do Banco da Coruña e máis do de Santiago desbotaban tal posibilidade, ao non admitiren as prioridades rústicas como garante dos préstamos. A constitución das autoridades provinciais, que cando como no caso das de Ourense e Pontevedra tomaron tal iniciativa, fixérono en base a uns estatutos que as configuraban máis como organismos benéficos e de control social que como institucións bancarias. Así, nestes "bancos" agrícolas había artigos, tan ao tempo choqueiros como indicativos do espírito que os presidía, como o que estipulaba como condición necesaria para a obtención dun préstamo a presentación dun informe do cura párroco sobre a conducta e costumes do solicitante.

Así, sen conexión co groso do país e ao servizo de camadas comerciais de escasa forza, os bancos de Santiago e a Coruña arrastrarán unha vida lánguida con moi



XULIO MASIDE

minguadas influencias sobre o seu entorno económico. O primeiro deles afundírase coa crise financeira de 1866, namentras que o segundo absorberao o Banco de España no ano 1874, pasando os seus accionistas a constituiren o "Crédito Gallego", que se movera dentro das mesmas coordenadas hasta a súa liquidación no 1904. A terceira das sociedades citadas, a de "Crédito y Fomento de Vigo", vencellada á "Compañía des Ferrocarrís de Medina del Campo a Zamora e de Ourense a Vigo" (MZO), controlada por grupos financeiros madrileños, cataláns e valencianos, dependera das vicisitudes polas que atravesen estes, e será liquidada finalmente despois de tres anos de escasa actividade.

Entramentras, a usura seguía sobranceando no campo galego, onde intereses do 40 ou do 50 por cen resultaban adoitados, ao tempo que por falla de crédito agrícola (entre outras causas), os labregos non podían aproveitar as posibilidades de redención das súas terras ofrecidas pola desamortización de Madoz ou pola breve lei Paz Novoa.

AS BANCAS LOCAIS

Fraçasados ou sometidos á inoperancia os intentos devanditos, os últimos anos do século XIX e os primeiros do XX presenciaron o ascenso dun feixe de pequenas —algúns non tanto— bancas fami-

hermanos", sera a máis notabel entre estas últimas.

O BANCO DE VIGO E A EXPANSION DA BANCA ESPAÑOLA EN GALICIA

Dentro desta floración bancaria finisecular, hai que sobrancear, tanto polo seu carácter como polo seu maior acado, a creación no ano 1900 do Banco de Vigo. Esta institución nace cun carácter nidamente diferente ao do resto da banca operante daquela en Galicia. Frente ao carácter familiar e localista das demais casas de banca, o Banco de Vigo é un proxecto máis amplo na medida na que involucra ao máis destacado da burguesía da comarca viguesa (conserveiros, armadores, consignatarios, madeiros), nun momento ademais particularmente clave para o desenvolvemento económico da mesma. Compre non esquecermos que esta é a época na que está a agromar a moderna industria conserveira e na que se está comezando a xeralizar o uso do vapor na pesca, fenómenos ambos que determinarán unha muda fundamental na fisonomía económica da beiramar galega, e cos que comprende relacionar a creación do Banco de Vigo.

Este banco non se limitará, como as outras casas bancarias, a actuar como sinxelo intermediario na entrega das remesas americanas, como sinxelo prestamista, ou como promotor dun so tipo de actividade, senon que operara na promoción ou apoio crediticio nun mangado de sectores distintivos, eléctrico, transportes urbanos, seguros, construción naval, etc. Para elo precisará desenvolver unha política de captación de recursos que plasmara nun amplo plan de creación de sucursais, das que chegará a abrir quince en distintas cidades e vilas galegas.

A sorprendente, e segundo algúns contemporáneos provocada, suspensión de pagos e posterior liquidación do Banco de Vigo no ano 1925 facilitará tanto o ascenso do seu máis directo competidor dentro de Galicia, o Banco Pastor, como a expansión da banca española na mesma. Tal expansión non poderá —nen pretenderá— ser frenada, nen polo Pastor que adopta a forma de S. A. no mesmo ano de 1925, nen polo Banco da Coruña creado no 1918. Así, se no primeiro destes anos non tiñan sucursais en Galicia máis ca o Banco de España, o Español de Crédito e o Hispano Americano, nos anos seguintes producirase tanto a penetración dos demais grandes bancos españois como unha primeira fase de multiplicación das súas sucursais.

A dominación da banca española en Galicia quedara así establecida xa antes da chamada guerra civil, aínda que a súa consolidación se efectuara durante o franquismo. A posterior lexislación sobre Caixas de Aforros e crédito oficial completarian os mecanismos polos que o sistema bancario se constituía nunha das vías fundamentais de drenaxe de recursos de Galicia cara a outras zonas do Estado Español, e deste xeito todo este entramado tan coetáneo de asegurar o coche ou poñer os aforros na Caixa convertíase no soporte diario, e invisíbel dun dos atrancos que bloqueaba e aínda hoxe bloquea o desenvolvemento económico do noso país, o sistema financeiro.

XAN CARMONA BADIA

NOTA Resumir todo este ensarillado asunto en cinco folios obriga a incurrir en simplificacións notábeis, así como a deixar moitas cousas no tinteiro. Por elo, préganse disculpas ao respetábel, pero cada cousa é o que é, e esto non é máis que un artigo breve.

Unhas terras esquencidas: as serras sudorientais

AOS PROBLEMAS DUNHA VIDA DURA E ESQUECIDA, XUNTASE AGORA O ASULAGAMENTO DOS MELLORES PASTOS POLA PRESA DO CENZA

No sudeste están as terras máis erguidas de Galicia; o releve sube máis alá dos dous mil metros na Serra do Eixo; nun escalón máis baixo, o Macizo de Manzaneda, composto pola unión das Serras de San Mamede, Queixa, Montes do Invernadoiro e Manzaneda, entre outras, e xunguido ao redor por un rosário de depresións e vales como as de Maceda, a Límia ou Monterrei, aquelas, ou os de Sil, Bibei, Xares ou Camba, éstes. As terras suben nesta área dos mil setecentos metros, na Cabeza Grande de Manzaneda, moitos anos considerada como o punto máis alto de Galicia.

Son serras froito dunha longa historia xeomorfolóxica, desenvolvida a través dos milénios: sobre antergas chairas formadas na Era Secundaria, desvencelladas e rotas durante o Terciario, acobilláronse os xelos glaciais do Cuaternario, arrincando bloques e lixando os cumes, para pousalos nas marxes das serras; as linguas de xelo baixaron perto dos mil metros. As augas das cabeceiras de ríos coma o Cabe, Xares, Návía, Tâmega, Arnoia ou Conso, e de regatos sinnúmero foron encaixándose máis e máis nas terras a medida que baixan das serras, colaborando no modelado dunhas paisaxes onde conviven os cumes suaves coas profundas gorgas dos ríos.

Nestas condicións, chegar ás serras desde as depresións ou desde os vales non é cousa fácil. As estreitas estradas cobregueixan polas montañas colgadas sobre os vales, como o de Correchoso ou Touro, vilas de xisto e lousa, rodeados de castiñeiros, ao Sul da Serra de San Mamede ou subindo polas empinadas ladeiras das serras, como a estrada que

desde Verín nos leva, San Mamede enriba, dos Montes do Invernadoiro, para Campobeceros, Pradocamba ou Veigas de Camba, pasando por paisaxes agrestes, de relevo movido, e por aldeas recollidas en si mesmos, coma as de Servo ou Fontefría.

Desde O Bolo podemos subir ao Conso, Vilariño de Conso, Pradalbar -aldea metida no cora-

zón da Serra de Queixa-Chaguazoso, Moimentelos, parroquias sen estradas ou con pistas recéns, e desde Chandrexa achegarnos, por camiños de carro, ás Forcadas ou Requeixo...

AS XENTES E AS ALDEAS

Condicións naturais, e sobre todo estruturais, fan moi difícil a vida nestas terras galegas; isto explica dispersión das aldeas e a concentración das casas, arreconchadas unhas coas outras nun intento de acobillarse mutuamente. Aparecen sempre vixilando as terras de cultivo, as esquiñas terras de cultivo, na parte máis alta da bocarrabeira, alí onde se abre en abanico, ou no outeiro pedregoso, onde sementar é imposible e soste unha casa é fácil. Hai que aproveitar ao máximo os chans, que se amorean no fondo dos pequenos vales ou na desembocadura das bocarrabeiras.

As comunicacións son penosas: camiños de carro e pistas, moitas veces sen asfaltar, levan as xentes desde as aldeas da serra até a cabeza do concello ou, desgraciadamente con moita fre-

cuencia, a emigración. Así hoxe atopamos parroquias onde a densidade de poboación vaia dos cinco habitantes por km. cuadrado. Vemos á memoria as de Parafita, Requeixo, Chaguazoso ou Pradalbar entre outras moitas. Pódese falar nestas serras sudorientais galegas de desertos demográficos, onde dado o arcaísmo das actividades agrícolas a xente é tan necesaria; vellos e nenos levan o peso da vida económica, sementando nas patacas ou no centeo ou cuidando da facenda; semente que moitas veces non chega a dar o seu froito. Cando as Neves tardan en erguer, derreténdose en auga, ou cando veñen antes de tempo botan por terra o esforzo dos labregos; houbo anos de non coller nada de centeo nen de patacas e ter que comprarlos ambos os dous despois de vender uns cabritos ou algunha ovella. Porque sen dúbida a facenda, como lle chaman ao gado, e a principal fonte de riqueza, por charlle dalgunha maneira, destas xentes, trátase dunha gadería preferentemente ovina e caprina,

tendo a bovina moita menor importancia. A partir do Outono as cortes acollen os animais que sómente saen para se alimentar nos prados que rodean ás aldeas, cubertos polas Neves; cando chega a primavera, e as Neves vanse derretendo, a facenda sal á serra co pastor e algun veciño. Aquí é moi frecuente o contar os rebaños por días; cada quince ovellas, ou cabras, o labrego ten que acompañar un día ao pastor na serra. Así vemos rebaños de quince, vinte ou mais días acompañados do pastor e dun ou dous veciños da parroquia. O vran os rebaños pasan na serra, onde teñen curros para acobillarse de noite, pacendo nas chairas, e bebendo nalguns ríos quinda conservan augas como o Cenza.

O PROBLEMA DO EMBALSE DO CENZA

Nunha das áreas máis formosas da Serra de Queixa atopamos unha serie de chairas cobertas de queirugais, acibros ou uces: son as de Conselo, As Lagoas, Pedrafita, etc., na cabeceira do Río Cenza, afluente do Conso. Nelas pasan boa parte do ano os rebaños de Chaguazoso, Moimentelos,


Pradalbar, Conso e Castiñeira, cada un ten o seu curro que, a modo de circos de pedra confundense co penedo da paisaxe.

As chairas son ricas en herba cada unha ten o seu curro que, a modo de circos de pedra confundense co penedo da paisaxe. As chairas son ricas en herba cada unha ten o seu curro que, a modo de circos de pedra confundense co penedo da paisaxe.

Como queira que a auga non falta e a morfloxía da chaira favorece o embalsamento, nos últimos anos apareceu o proxecto de construción dunha presa nestes lugares. A auga freada por ela asulagaría as chairas de Conselo e O Acebral, ou sexa as máis ricas en pastos ao pasar polo medio do Río. Aproveitaríase para facer a presa o pequeno encaixamento do Río na chaira de Pedrafita; en resumo que as mellores terras de pastos desaparecen baixo o auga. Así pouco a pouco en toda Galicia vanse asulagando os mellores chans. E non é ningún tópico nen ningunha demagogía, pola sinxela razón de que nun medio cristalino como o noso, os chans van pousar no fondo dos vales e nas bocarrabeiras. Asulagar o fondo é, pois, asulagar as mellores terras.

En troques, moi pouco. Ao tratarse de terreos comunais e considerados coma monte baixo, o valor asignado será irrisório (non sabemos a cantidade exacta); Para pagar a empresa construtora está a facer obras de infraestrutura: pistas e pavimentado dos camiños das aldeas ou traída de augas que de pouco van valer se se lles saca aos seus habitantes o medio fundamental de vida. Dá a impresión de que, unha vez máis, os intereses particulares van superarse sobre os colectivos. Cando o toxico era facer explotacións racionais para o gado, convertendo aquelas zonas en lugares de recreo deste, aproveitando os ricos pastos, o que se fai é botarlle auga por enriba. Nestas condicións non é extraño que en todas as aldeas ouvisemos a mesma frase: "A nos tiñamos que pagar por vivir aquí".

AUGUSTO PEREZ ALBERTI



BIOK,
o adaptable

Biok xa está en miles de fogares, oficinas e despachos solucionando, con moita imaxinación, os problemas de moblar con funcionalidade e bó gusto. EN CALQUEIRA CURRUCHO DO SEU FOGAR, POÑA BLOK

almacenes FERNANDEZ
MOBLES E DECORACION
Rúa de Rezo, 15 / Telf. 227017-220896 / Ourense

CARBALLO

...E a luz non chega

Os veciños do axuntamento de Carballo, sobre todo, os de Seixo e Pardiña, levan remesadas varias peticións por algo tan elemental como é a falla de luz pola que aturan. Pola súa banda, Fenosa no ano 79, envioulles aos veciños un escrito onde lles comunica que por non haber aportación oficial non se realizaron as obras. Doutra, a UCD, diante das eleccións municipais, prometeu que a luz ía ser posta. Prometeu e non cumpriu.

Vistas as cousas, os veciños, co apoio do BN-PG, no mes de agosto do 79 solicitan o presuposto total da obra, ao que Fenosa resposta que a obra ascende a tres millóns e medio de pesetas e que se fai cargo do 25 por cen. Diante deste elevadísimo presuposto, o Bloque presenta unha

moción de urxencia no axuntamento Nembargante, como a corporación fai ouvidos xordos, os veciños escomenzan unha campaña de denuncia na prensa que da como resultados que o alcalde (UCD) interveña en Panorama de Galicia para saír do paso. De novo, e xa no mes de febreiro deste ano, o Bloque presenta unha nova moción que en principio tentábase de por en rogos e preguntas. Diante das protestas dos concelleiros desta coalición e mesmo dos veciños declarouse o asunto de urxencia, quedando a corporación comprometida a solucionar o problema. De feito, apróbase o presuposto, pero o unico que aparece é o proxecto de electrificación no medio rural, 1.160.959 pesetas. Namentras, os veciños seguen agardando.

li quen di que "Los Tamara" foron regandixa de galegidade nunha época en que as manifestacións da nosa identidade colectiva tiñan por forza de seguir camiños moi, moi retortos....
E nós, cando falamos con este home ao que se lle encenden os ollos ao falare de "Na fermosa Galicia", que encheu o Pabellón da Coruña o día do seu bomenaxe, e ao que non lle demos feito a entrevista en condicións porque todo o mundo que entraba lle quería falar, darlle apertas, saudalo, nós pensamos que algo debe haber de certo. Despois de trinta e catro anos de carreira, de para el seren "Galicia e máis a música o máis importante". Pucho Boedo pensa volver cantar moi axiña, e agora sí, "en galego e desde Galicia". Nós desexámoslle Boa Sorte.....

PUCHO BOEDO

"Airiños, levaime a ela"

Pucho, despois que mataran a algún dos teus, mesmo ao teu pai, Jose Boedo, como empezaches a cantar?

Ben, eu non teño case estudos de ningún tipo. Asistín a escola astra os nove anos. Despois tivenme que pór a traballar e así escomecei a facelo como aprendiz de barbeiro, aos dez anos. Logo como barnizador astra que cumplin os 17. E a partir desa idade adiqueime a cantar.

¿Como era o ambiente musical na Coruña daqueles tempos?

Podese decir que o ambiente musical daquela, daqueles anos era moi bon. A xente que se adicaba a cantar tiña un gran amor a súa profesion. Vivía de cheo para eso e eso que case non se gañaba nada, tanto así que ás veces nen xiquera chegaba para comer e había que buscar o xeito para facelo.... Quizais a maior diferenza entre aqueles grupos, aqueles cantantes e os de agora radique no compañeirismo. Non somentes entre os mesmos compoñentes dunha orquesta ou dun grupo, senon entre uns e outros. Nos levabamos moi ben. Foron uns tempos moi bonitos. Para min, había moito máis compañeirismo antes que agora.... Doutra banda, tamen poido decir que os Mallos influíron dabondo e que foron o punto de partida de todo.

Onde empezaches a cantar?

Eu escomecei a cantar, como dixen antes, aos 17 anos. E empecei coa orquesta "Los Satélites". Despois a deixei e integreime na Solana. Ao cabo de certo tempo marcheime eu só a Madrid. Foi un pouco a aventura, a probar sorte. Alá cantaba na sala de festas Villarosa, onde debutaron Luis Mariano e Josefina Baker. E voltei para a Coruña porque as cousas xa non ian moi ben que digamos... Logo estiven coa orquesta Oriente e máis tarde fundei Os Trovadores. Pero, as cousas non che ian todo o ben que nós queríamos. Mira, lembro-

me que ao principio por gala cobramos cento noventa pesetas cada un, e ¿sabes?, non era da bondo nen moito menos... Así que fixen a maleta e emigrei a Venezuela cos Satélites. Alá botamos dous anos. A volta adiqueime a actuar cos Trovadores outra vez en Madrid, na sala de festas Casablanca, alá polos anos 60...

Os Tamara, nunha época na que as manifestacións culturais estaban perseguidas, cumpriron un papel de galegidade. Tamen, en moitas ocasións cantaban en galego. Despois veu outra época un tanto folclórica, ¿cais foron as razóns?

Os Tamara... Viñan de Africa e ao pasar por Madrid faláron conmigo e propuxéronme cantar con eles. Así foi como empezamos a percorrer parte de Europa, Suíza, París, Costa Azul, sitios cheos dos nosos emigrantes. Mesmo grabamos discos en Francia. Mira tu se seríamos ben acollidos que tiñamos contratos cun ano de antelación. Quizais por isto, e nun determinado momento, adicámonos a comercialización. Foi un grave erro, pero, por outra banda, non tiñamos outro remedio. Nembargantes, sei que agora non faría o mesmo, non... Na nosa terra temos moi bos poetas que están sen sair a luz, que o pobo descoñece por completo. Por exemplo, de Curros Enriquez todo o mundo coñece "Unha noite na eira do trigo" pero non moito máis, e iso é precisamente o que nós queremos facer de agora en diante, somentes grabar poemas dos nosos poetas... Sei que ao millor non me vai dar cartos, pero non me importa, non me importa, é o que quero e o que vou facer...

¿Tú cres que da nosa terra saen moi bons músicos?

Si, claro que si, e moi bons... Valencia e Galicia lévanse a palma en bons músicos. Aínda que os nosos non sean tan bons como os valencianos son máis adaptábeis. E, neste senso, chegamos a comprender moito máis a música dos demais. Mira, vouche contar unha anécdota a este respecto. Cando nós traballabamos en Suíza facíamolo nun local onde tamén había outra orquesta de cambio, cuxos compoñentes eran un piano, un baixo e un saxo. O piano e o baixo eran italianos e o saxo erache suízo. Entón o que aconteceu foi que estaba prevista unha actuación española para uns días máis tarde. Eles estiveron ensaiando o "Andalucía" de Aldecoa durante quince días e como ao cabo deste tempo non foron capaces tivemolo que facer nos....



Foto XURXO FERNANDEZ

"Na fermosa Galicia" é quizais un dos milloros vosos discos, ¿cómo xurdiu?

Si, sen dúbida algunha foi o millor que fixemos nunca. Eu propuxeralle a nosa casa de discos, Marfer, grabar o disco. Nun principio non querían porque pensaban que non se ia vender e esas cousas. Eu viña decirlles que si, que ao longo sería un disco produtivo e non errei. A proba está en que foi o disco que máis vendemos. O grabamos cando botamos unha longa tempada en Madrid. Ao remate das galas, as catro da mañán poñíamonos a traballar no disco e así astra as sete. Estivemos a ensaiar con el uns quince días. E a última canción, a de Añón, somentes nos levou dúas horas... Non, non me equivoquei, foi o millor que fixemos...

¿Que pensas do Movemento da Nova Canción Galega en canto a recuperación da identidade colectiva?

Si, de certo penso que é moi importante de cara a recuperar a nosa identidade. Eu non coñezo a

ninguén persoalmente. Coido que non teñen que cair no erro que nos caímos: na comercialización. A nosa música é moito máis importante que todo iso. Se hai que ensaiar dez veces, pois ensaiase dez veces e as que fagan falla. Se se teñen unhas mínimas condicións económicas para poder comer que non se apuren, que as cousas veñen no seu carril. Hai que traballar moito. Si hoxe o fixeches ben tes que tentar de facelo mellor ao día seguinte. Senón é como unha casa sen cemento. Eu daríalles un consello, que non pensen nos cartos que van gañar. Eu procurei facelo o millor posible. Por enriba de todo hai que ser honrado cun mesmo e cando saias ao escenario facelo desinteresadamente. Mira, a min non me gustaba que me aplaudiran cando eu era consciente de que o fixera mal, ¿entendes?, porque eu sabía que estaba mal e que se podía facer doutro xeito, moito mellor...

Tu, nunhas declaracións recentes, ves de decir que o uso do noso idioma é fundamental, ¿pensas o mesmo das estruturas musicais galegas?

Si, claro que si. Hai que preocuparse de saber falar o galego e de falalo. A min non me dá ningunha vergoña decir que eu cando empecei a cantar non sabía falar o noso idioma, pero, ¿sabes por que non sabía?, por que non nos deixaron estudialo. O que fixen foi xunto de xente que sabía para aprender, porque se non sei alguén ten que enseñarme. De agora en diante somentes cantarei en galego. Hai que seguir e enseñarlle a xente, ao noso pobo todo o de bon que nós temos na nosa terra.

Xa levas en Mallorca catro anos, ¿esta circunstancia que papel xogou de cara a unha concenciación galeguista?

O feito de estar en Mallorca non me aillou da miña terra porque eu sempre fun moi galego. Por outra banda, agora xa non teño tantas forzas como antes. Somentes teño calro unha cousa: voltar o máis axiña pobíbel. Lembrome doutra anécdota. Unha vez estábamos un compositor arxentino e mais eu. O arxentino compuxera unha canción sobre Galicia e en galego, pero con música de tango. Cando veu xunto de min a preguntarme que opinaba eu contesteille que si, que moi ben, que el podería cantar o que quixera sobre Galicia pero que nunca o ia facer sentindo a Galicia. Porque podía saber moitas cousas sobre a nosa terra, pero descoñecía o que é Galicia de seu...

Os Tamara coñeceron o mundo da emigración. ¿Que foi o que máis che impresionou?, ¿qué diferencias ves entre a americana e a europea?

Eu somentes sei unha cousa, vin a moita xente chorar. Nós cantamos por tres veces no Centro Galego de Londres e teño o orgullo de decir que non cantaba mais que en galego e que pisei mais dunha man da xente que había no chan. Son momentos que non se poden chegar a describir. ¿As diferencias?, pois coido que en Europa están un pouco máis perto da terra e, por outra banda, a nosa xente que emigra a América aséntase máis rapidamente e non pensa tanto en voltar como os que están espallados por Europa...

Galicia....

Galicia é o máis grande do mundo, non se pode comparar con nada. Eu as veces pensoche que ao millor é que somos unha raza superior. Eu sempre andiven polo mundo adiante, pero sempre voltei e agora tamén o vou facer porque esto é o emu, é o noso.

XOSEFINA L. CORRAL

DEPORIES

OLYMPIC
 LUGO
LAGE-COSTAS
 Noreas, 9 Téf. 215287
 San Pedro, 32 Téf. 224519
 LUGO

MONTANA NORDORIENTAL

Segue a sombra do "gran Suarna"

A concesión, no ano 39, da canca do Val de Suarna para facer un embalse, ia ser causa da maior depresión económica que nun axuntamento galego se produciu no espácio de só 40 anos. Toda a vida, nefeuo, dos habitantes de caseque todo o concello da Návia de Suarna quedaría nunha situación total de provisionalidade, astra que, en 1964, volve saír á luz como A NOSA TERRA recolleu nun reportaxe, cando unhas empresas concesionárias manifestan a súa intención de se acolleren á concesión. En 1976, o proceso de expropiación aparece inminente, e empeza a resposta popular.

A RESPOSTA POPULAR

Unha chrea de reclamacións de veciños de Návia e A Fonsagrada chegan ás instancias oficiais correspondentes.

Cuestión de indemnización, pontes que quedan cobertas, inúmeros costes humanos, son as protestas que se tramitan via oficial. De fondo, un movemento non quer que a Proba e máis boa parte das parroquias do concello queden asulagadas, e que a xente teña que marchar sen proveito para ningún, quitado os de

sempre. A contestación ten eco na prensa e radio, e a fins do ano 77, hai unha concentración na Proba de Návia coa asistencia, acarón da práctica totalidade do vecindario da vila, de xente vinda das parroquias e aínda de Becerreá, Sárria, Lugo e outros sitios.

O INTERES OFICIAL

Pero ás instancias e os seus "representados" éralle moi caro o embalse. En xunio do 78, Juan José Bértolo Cadenas, daquela Director do "Plan Territorial para Galicia", naviego e hoxe seguramente a "eminencia gris" da UCD na provincia, dabalalo entre Lugo e Madrid, fai un informe destinado ao MOPU no que, recollendo a situación do asunto, as reclamacións e problemas suscitados, acaba entendendo que, "estando perfectamente dentro de la legalidad", e máis porque "probablemente es el aprovechamiento hidroeléctrico más rentable que pueda construirse hoy en España", o "Gran Suarna" ten de ir para diante seña como seña. Bértolo, "naviego ilustre", tamén fai as súas visitas á Proba, asegurando que "es una pena", pero que

sendo necesaria a desaparición do núcleo, "se pagará muy bien."

MOCION NACIONALISTA

En Santos do 79, os concelleiros do BN-PG en Návia de Suarna presentan unha moción relativa ao embalse. Partindo da análise da situación colonial de Galicia e de carácter colonial do embalse, engádesse o estado de agua depresión en que quedou Návia dende a concesión, falta de inversión mesmo pública ca privada: falla total de equipamento, aldeas sen luz nen camiños, e outras que os que teñen débense ao esforzo exclusivo dos veciños. O Bloque pide a supresión do proxecto do embalse e un Plan Especial para a Comarca, de cara a superar a situación. E o alcalde, dunha candidatura independente de certa faciana "progresista", que fixo boa parte da campaña a prol da oposición á UCD e ao embalse, decide que non procede estudar a moción, "dados los términos en está redactada". Cos votos da UCD ao seu favor, sal adiante a súa proposta. E a sombra do "Gran Suarna" fica, indemne, sobre Návia.

Co "jallas" no ano 2.000: o candil

Unha grande zona da nosa Nación (paradójicamente produtora de enerxía eléctrica, cos embalses de Carantoña e Feryenza, como sempre os millores vales asulagados) veuse na maior parte do ano coas fallas enerxéticas meirandes.

Abarcando os municipios de Malpica, Láxe, Iño, Zas, Santa Comba, Vimianzo, Muxía, Ponte do Porto, Ponteceso, parte do de Carballo, Cee, Corcubión, Dumbria, Fisterra, Carnota, Muros, Mazaricos, Outes....., atopase o "suministro eléctrico" da "Compañía Electra del Jallas, S.A."

Remontándonos a historia recente, dita empresa da cal astra o ano 1.978 seu principal accionista era a "Sociedad Española de Carburos Metálicos" que tiña no seu haber o 99,7 por cen das accións da mesma, é decir, era na práctica a dona absoluta. Pois ben a partires do devandito ano escómenza un proceso de asimilación por parte do monopolio enerxético FENOSA, de particulares peculiaridades, entre outras a moi destacable de seguir camándose ELECTRA DEL JALLAS, S.A., e a fundamental de manter tódos os compromisos de prioridade no suministro ás dúas grandes fábricas da "Sociedad Española de Carburos Metálicos" ubicados nos municipios de Cee e Dumbria.

As prebendas entre grandes empresas, como sempre conduciron neste caso a exporpiacións forzosas, primeiro dos vales para asulagar, e logo dos terreos necesarios para instalación dos grandes e novos (nestes casos si) tendidos para as factorías de "Carburos Metálicos" (aínda agora están coa construción da terceira liña para a nomeada empresa).

Nembargantes, os tendidos que van a vilas, e sobre todo os das aldeas e lugares, pasan por todo menos por seren axeitados, os fíos condutores penden a escasos centímetros sobre a cabeza de calquera habitante da zona, en moitos dos casos que o sirven de postes son os piñeiros

ou os eucalitos, e astra se da o caso de

algunha figueira facendo de "pau da luz". En case todas as aldeas e lugares, son os veciños os que teñen que facer de electricistas, en caso de vento ou choiva (nestos xa sempre falla enerxía) son os propios veciños, recurrido aos amaños máis curiosos, como ter que amarrar os fíos nas arbes pois do contrario non somentes ficarían sen luz varios días, senón que porían en perigo a súa vida e a dos demais. Como un de tantos exemplos de perigo para vida de persoas e animais pódese citar o accidente ocorrido na parroquia de Torea, do municipio de Muros, fai pouco onde polo desprendimento dun cable de "alta" morreron dúas vacas, salvándose o dono porque aquel día estaba de sorte

Por todas estas fallas de tendido e transformadores, o seu deterioro, a falla de conservación (aínda que nos recibos específicos o pago dunha cantidade para mantemento, prodúcese unha permanente caída de tensión, que leva a suministros moi inferiores aos establecidos polo contrato: nos casos dos abonados que terían que recibir 220 voltios, chega incluso nalgunhas das zonas a ser da metade, e no mellor dos casos non chega a 200. Outro tanto acontece con os que teñen que ser suministrados con 125 voltios.

Deste xeito vense perxudicados (cando non é coa falla total

de enerxía, pois algun dos municipio xa se ten visto afectado por máis dunha semana seguida) os intereses de todos, xa sea os pequenos comerciantes e industriais (queima de motores, falla de fluído, etc.), xa sea o pobo en xeral (estrageo de electrodomésticos, muiños, bombas de agua, preocupación permanente, etc.)

Tendentes á solución desta situación de vergoña ailladamente téñense feito e mandado escritos por parte de veciños ás autoridades correspondentes. O pobo se que agardando e percurando solucións.

Co lema "CO "JALLAS" NO ANO 2000: O CANDIL", a ASAMBLEA NACIONAL-POPULAR GALEGA (AN-PG) escolmenhou unha campaña en toda a zona afectada. Nesta campaña os nacionalistas están chegando a aldeas, lugares e vilas recollendo xunto con veciños firmas dun escrito, que será enviado a tódas as autoridades, así como chamando áoita contra dos culpábeis desta situación. Neste senso, a devandita Organización, tera que realizar unha asemblea a cal serán invitados tódos os concelleiros da zona o día 20 de abril, e unha concentración en Cee o día 27 de abril, onde están ubicadas as oficinas de "Electra del Jallas, S.A."

Polo que se ve, a situación é bastante crítica e parece que eles tentarán que siga a mesma. Disto son consentes as clases populares da zona, aínda que os grandes caciques (Marcelo Castro e compañía) presionan á xente, co apoio do goberno e meais dos santóns do Autonomismo, "en gañabobos" que lle prometen a cura de todos os males e a "iluminación" das tebras da noite colonial de séculos. IIMOSCHE APAÑADOS!

Ferrol ao redor da construción naval

De todos é ben sabido que a comarca do Ferrrol depende fundamentalmente da Construción Naval estando sujeta ás súas crises, fluctuacións e desenrolo.

A agudización da crise do sector naval e a non adopción das medidas necesarias para paliar esta situación supuxo o peche de numerosas empresas relacionadas co mesmo e a conseguinte perda de milleiros de postos de traballo.

Xa que logo se a negoa ción colectiva ten iste ano unha importancia capital para o conxunto dos traballadores revístense no noso caso unhas características específicas xa que do seu resultado vai depender o futuro inmediato de importantes sectores da poboación. A defensa do posto de traballo e duns saláridos dignos, constitúe o eixo fundamental de toda negociación colectiva sobor de todo nunha zona que nos dous últimos anos aumentou considerablemente o número de parados e na que non existen perspectivas de mellora ista situación.

Neste contexto, parece errado reducir a negociación colectiva aos traballadores directamente implicados. Trátase dun problema de todos que lles atinxe igualmente aos traballadores que ao pequeno comercio, cercado polos monopolios, incapaz de afrontar unha nova mingoa no poder adquisitivo dos saláridos. As Corporacións Locais, que poden ver reducidos considerablemente os seus ingresos quedando impedidas para lle facer frente aos múltiples problemas que nestes momentos teñen prantexados. Aos servizos, á pequena empresa..... Dai a importancia de non reducir a loita aos traballadores do sector directamente afectado, evitando a atomización dos conflitos, xunguindo todos os esforzos e xeralizandoos a tódolos sectores da poboación da comarca.

DIFERENTES POSICIONS

A importancia do momento comprendérona o conxunto das forzas políticas, perfilándose as diferentes estratexias coas que afrontar todo-iste proceso. Deste xeito, a U.P.G. fixaba a súa posición ante a negociación colectiva nun pequeno dossier que remaba facendo un chamamento á xeralización da conflictividade, rexeitando enfoques sectoriais e individualistas que pretendían converter cada convenio nun reino de taifas. Pola súa banda, o PCG editaba un dossier titulado "A saída da crise, un esforzo solidario" no que despois de analizar a repercusión que a negociación dos convenios tiña na economía da comarca, perfilaba a estratexia dos eurocomunistas, que nestes momentos pasaba pola defensa dos "programas de industrialización" elaborados polos organismos cuatupartitos xurdidos ao amparo dos "Pactos de la Castellana".

As centrais sindicais non podían ficar ao marxe, convertíndose nas protagonistas das dife-

rentes accións emprendidas polo conxunto dos traballadores. A I.N.G. convocaba a todos os Comités de Empresa e ás centrais sindicais a unha reunión para estudar a posibilidade de coordinar as accións dos distintos sectores implicados na negociación dos seus respectivos convenios. A convocatoria da central nacionalista somentes respostaron a CSUT USO e os Comités de Empresa de Endesa e Entersa. As razóns do pouco éxito da convocatoria sintetizounas perfectamente o representante da USO, que suliñaría a manobra de CC.OO, que ao día seguinte de facer a convocatoria a ING, convocaba a USO, UGT, PCG e PSOE a unha reunión co obxecto de artellar a terceira edición de "Salvemnos Ferrrol". E é que o momento polo que atravesaba a nosa comarca é dabondo importante para que ninguén ceda nos seus prantexamentos. Uns, porque da súa actuación na negociación vai depender a súa consolidación como alternativa combativa e os outros porque precisan evitar o deterioro que lles produce a súa actuación a nivel sindical e municipal.

Evidentemente, istas dúas convocatorias respostan a planteamentos substancialmente distintos. Namentras a ING trata de coordinar a loita dos traballadores da construción, reparación de automóviles, mármoles, derivados do cemento, Megasa, Endesa, Entersa, Astano, Bazán, Tranvías....., CCOO volta na súa dinámica de "salvar Ferrrol" de xustificar a firma dos Pactos de la Castellana, chamando aos traballadores a mobilizarse xunto cos empresarios para esixir que o "Gobierno cumpla". Sendo enfrentamento entre estas dúas concepcións, foi unha das notas máis características das Asembleas realizadas polos traballadores de ASTANO e a BAZAN.

Cando iste número saía á rua, a terceira edición de "Salvemnos Ferrrol" xa tivo lugar. A firma pola UGT dos convenios do Textil e do Metal supoñen un novo atentado contra dos traballadores de ámbolosdous sectores. O INI sigue firme nas súas ofertas verdadeiramente leoninas, auténtica bulra para os traballadores de ASTANO e BAZAN (8 por cen de aumento sobor da masa salarial, regresións nas condicións sociais....) e a desmovilización dos traballadores destas dúas empresas acada cotas alarmantes.

Como dato ilustrativo abonda olla para a derradeira asemblea celebrada polos traballadores de ASTANO e a BAZAN, na que o número de asistentes apenas superaba os 2.000 traballadores, dun total de case 12.000, cando o seu obxectivo era informar da situación dos respectivos convenios. Máis alarmante aínda, é o feito de que a presenza de traballadores de ASTANO era baixísima cando o que está en xogo non é un convenio mellor ou peor, senón o mesmo posto de traballo de centos de traballadores.

DANIEL ROMERO

DESMITIFICACION DA CRISE PESQUEIRA: O EXEMPLO DA CORUÑA

FERNANDO GONZALEZ LAXE

Moito se ten falado e escrito sobre as consecuencias que tería para Galicia e mais concretamente para o porto da Coruña, a redución das licencias e cuotas por parte da Comunidade Económica Europea (CEE) para a flota pesqueira do arrastre. Chegouse astra faceren unha manifestación e reclamar urxentemente ao Goberno Español que tomara unha decisión que puxera ao sector pesqueiro nunha situación menos crítica e cunha menor dose de incertidume que a actual.

Mais a pesares do clamor popular e das cifras que daquela manexabamos, arredor de perto de 3.000 millóns de ptas, as consecuencias non foron tan tetricas como supuxeramos.

Imos logo facer unha breve análise do ocorrido nos dous derradeiros anos para saber con exactitude que ofrecen os datos oficiais, o verdadeiro alcance da crise pesqueira e do seu impacto.

De todos e sabido que polo regulamento 2373/78 do 4 de outubro do 1978 regulábase a pesca española nas augas comunitarias. Concedéronse un total para o último trimestre de 1978 de 240 licencias, 4.500 Tns de merluza e 9.000 Tns doutras especies. Pois ben deste total o porto da Coruña acadaba permisos para 65 licencias dun total de 112 embarcacións o que lle obrigaba aos armadores a establecer dous turnos rotatorios que abarcanban mes e medio para cada súa embarcación. Estas características limitaban xa que logo a actividade pesqueira.

Dos datos oficiais sabemos que a flota arrastreira da Coruña operando no Gran Sol obtivo uns resultados globais de 4.044 Tns o que significa cumprir que a cantidade otorgada e permitida que era arredor das 3.656 Tns pero moi por baixo da que estaba afeita a pescar nos derradeiros anos que ascendía a 7.458 Tns para un trimestre. Ou sea que como se cumpriron con certa exactitude os regulamentos a perda potencial foi de aproximadamente dunhas 3.400 Tns que a un precio medio de 174 ptas/Kg resultarían un total de 600 millóns de ptas os que se deixaron de pescar no derradeiro trimestre do 1978 pola aplicación estricte do regulamento de 4 de outubro. Querese de

cir con isto que os calculos dos impactos resultaron mais elevados que a propia realidade habida conta que tamen neste período fixéronse 85 mareas de exceso o que supoñen 1.200 Tns e 130 millóns de ptas. En resume, neste período os efectos da crise pesqueira non acadou os límites e as previsións estipuladas a mediados do 1978, senon que capeouse o temporal con certas medidas e actuacións.

Se estes foron os resultados do 1978 diferentes connotacions ofrecenos o ano 1979. A pesqueira reguláse desde a mita de do exercicio polo regulamento 1177/79 do 19 de xuño, onde establececen 200 licencias 15.500 Tns de merluza e 31.000 Tns de especies asociadas. En canto ao porto da Coruña o número de embarcacións medrou de forma inesperada. Un total de 143 embarcacións fan mais de seis mareas ao ano o que redunda nun incremento das mareas anuais de 1884 a 2237. E dicir, co ano 1979 presenta unha recuperación da actividade o que significa unha falta de cumprimento dos regulamentos comunitarios.

Esta afirmación quedaría fora de contexto senon fomos capaces de demostrala. Enton imos logo facelo.

Segundo o reparto para 1979 a Coruña tocabanlle un total de capturas de 4.340 Tns de merluza, 8.680 Tns de by-catch o que sumaba 13.020 Tns otorgadas oficialmente. Pois ben o resultado final ao remate do ano foi o seguinte: 6.941 Tns de merluza, 22.196 Tns de by-catch, o que resulta un total de 29.137 Tns, que significa un sobeso de capturas do 123 por cen, iverdadeiramente asombroso, non si!

Estas características apuntadas revelan que no ano 1979 saltáronse as cuotas impostas pola CEE coa chea inibición das Autoridades Gubernamentais que fixeron caso omiso as estadísticas de desembarque que supoñon coñecerían.

Ainda podemos explicar mais o comportamento das unidades produtivas pesqueiras do porto da Coruña. Certamente incrementouse o número de mareas por embarcación o que nun principio e partindo de que se contabilizaban mais barcos facía presumir un medre nas capturas globais. Nembargantes ao fin de ano o

desembarco global acadou unha cifra igual a 29.137 Tns inferior ao acadado no 1978 que significou 31.119 Tns. Isto repercute, xa que logo nun descenso dos rendementos das embarcacións que pasan de 2.471 Tns/embarcación no 1978 a 2.038 Tns/embarcación. Nembargantes o valor total da pesca desembarcada millorou a cifra do 1978, posto que neste ano fixéronse 4.150 millóns de ptas. polos 4.282 millóns de ptas no 1979. Isto ven dado pola continua e progresiva alza dos precios dos produtos pesqueiros desde que comenzo o pantasma da crise pesqueira.

En definitiva a tan temida crise da pesca na Coruña non e polo de agora unha total realidade en canto que non se fan caso das regulacións da CEE o que permite facer anualmente a unha embarcación un total de ingresos medios de arredor de 32.000.000 ptas. O principal problema radica no abultado número de embarcacións e a caréncia dunha política de restruturación do sector, posto que segundo os datos da CEE teñense previsto que unha embarcación faga anualmente un rendimento de 225 Tns/emb. no 1978 cando na realidade se fixéron 129 Tns/emb. dado o excesivo número de barcos. Como no 1979 non se cumpriron os regulamentos e os rendementos dos arrastreiros da Coruña foron 203 Tns/emb.

Para rematar, temos que dicir que os armadores da Coruña continúan a achacar a CEE a falla de concesións pesqueiras sen mirar que eles mesmos coas súas actitudes son os que provocan que cada día se

teñan que endurecer as posicións comunitarias. No segundo lugar, que é necesario impor unhas condicións para a pesca e dicir, controlar o esforzo pesqueiro, pois como xa vimos a un medramento de embarcacións e mareas non lle correspondeu un incremento das capturas dado o actual estado de sobrepesca. No terceiro lugar, que é preciso restruturar o sector canto antes millor, posto que o problema radica no excesivo número de buques, a falla de control. En cuarto lugar, que para garantir o emprego e necesario primeiro garantir o recurso e para isto necesítase con urxencia unha política de xestión de recursos. E no quinto lugar, para non extendernos en consideracións mais das necesarias nun artigo periodístico, que as normas non se cumpren polos armadores e que non é certo cando afirman, os armadores, que só puderan faenar durante seis meses no 1980 dadas as novas concesións comunitarias.

Facendo números podese estimar que para un total de 100 barcos un cadro posible de hipótese vería dado pola imposición dunhas cuotas de 10 Tns/marea e dez mareas ao ano, contando tamen cunha leve subida do peixe ao mesmo ritmo co que sube o índice de prezos ao consumo. Polo tanto o resume final sería que a verdadeira crise do porto da Coruña esta a vir certamente, mais que nos termos actuais aínda se pode afirmar que no derradeiro ano foi un bon ano pesqueiro a pesares da incertidume, e que a algún home da Administración Gubernamental armador ou traballador lle costara dormir.

Cadro n. I. Grados de cumprimento (Tns)

	OTORGADAS			DESEMBARCADAS		
	Merluza	By-Catch	Total	Merluza	By-Catch	Total
Carto Trim. do 1978	1.218	2.437	3.656	1.257	2.787	4.044
1979	6.941	22.196	29.137	6.941	22.196	29.137

CADRO n. II. Número de mareas efectuadas no derradeiro trimestre de cada ano.

	1976	1977	1978	1979
Outono	196	176	89	198
Santos	201	186	132	196
Nadal	201	195	99	186
Total	598	557	320	580

Cadro n. III. Rendementos técnicos e económicos.

	Miles pts/emb.	Tns/emb.
1976	19.426	2.631
1977	26.918	2.556
1978	33.201	2.471
1979	29.949	2.038

EN MARQUES DE VALLADARES (PROLONGACION)

¡VIVENDAS DE PROTECCION OFICIAL!

¡TODAS CON GARAXE E TRASTEIRO!

PRECIOS:

DE 2 DORMITORIOS

Desde 2.300.000 a 2.575.000 Pts.
735.000 Pts. a pagar en 6 meses
20 mensualidades durante obra de 3.500 Pts.
RESTO: Creto oficial ao 11 por cento

DE 3 DORMITORIOS

Desde 3.000.000 a 3.650.000 Pts.
960.000 Pts. a pagar en 6 meses
20 mensualidades durante obra de 4.000 Pts.
RESTO: Creto oficial ao 11 por cento.

DE 4 DORMITORIOS

Desde 3.600.000 a 4.150.000 Pts.
1.144.000 Pts. a pagar en 6 meses
20 mensualidades durante obra de 11.750 Pts.
RESTO: Creto oficial ao 11 por cento.

CONSTRUCCION DE PRIMEIRA CALIDADE CALEFACCION CENTRAL

PROMOCIONA E VENDE

AGENCIA VIGO

Ronda, 33-entrecán - Teléfonos: 225285 - 225301

CODEGA S.A.

Príncipe 22-sexto, Teléfono 223777 - VIGO

A REPRESION NOS PRIMEIROS MES

Alguns andiveron a afirmar, sen dúbida interesadamente, que o Pobo Galego foi un dos principais culpábeis de que o Movemento Nacional tivese o tristeiro éxito que coñecemos. Pero a verdade é outra. Menos arriscado sería dicir que a sorte do Alzamiento decidiuna o Goberno Republicano de Madrid e os seus representantes en Galicia.

O Pobo Galego estaba disposto a defenderse pero os gobernantes, máis temerosos; se cadra, do pobo que dos fascistas non quixeron darlle as armas que pedían a berros, destemplados, nas ruas. Por outra banda, estiverono enganando con que non pasaba nada con que non se podía provocar, con que ao pobo non lle facían falla armas astra que a sublevación militar.

Producido xa o levantamento en diversos puntos do Estado e cortadas xa as comunicacións entre Galicia e o resto da península, o Gobernador de Lugo puido ter contacto con Madrid, na conversa ordenábanlle unha vez máis tranquilidade e que non fixera nada, como podemos ver neste anaco:

... "Falolle en nome dos catro Gobernadores Cívicos de Galicia para pedirle que, tendo en conta a nosa incomunicación co Goberno e que se acaba de celebrar un plebiscito autonómico, ante a gravidade da situación nomeen un Gobernador Xeral de Galicia con facultades para resolver de acordo coas circunstancias que se presenten".

"Por ese xeito de falar, Sr. Gobernador semellan vostedes os sublevados. Non fagan nada. Non

tomen ningunha iniciativa. absolutamente ningunha. O Almirante Azarola xa ten instrucións do Goberno e sabe o que compre facer. Deixen todo nas mans do Almirante Azarola. Non fagan nada. Que ningún se mova".

Os militares comprometidos co Alzamiento preparábanse entretanto.

"O SR. ANTONIO, ASEIÑO DE PARADELA, GABABASE AINDA HAI POUCO TEMPO DA DANZA MACABRA QUE INTERPRETOU ESTE ROCÍADO DE GASOLINA E PRESO POLAS CHAMAS NA PONTE DE CASTELO".

O Luns 20 de xullo as 14,30 as tropas saen as ruas da Coruña. Unha compañía ao mando do ca-

pitán Areizaga ocupa María Pita e outra do mando do Cap. Volta, a Telefónica, onde se dirixe tamén unha sección da Guardia Civil mandada polo Tns. Sarandeses. Tamen numeros da Guardia Civil ao mando do Tnt. Gonzalez ocupan o Palácio de xusticia e a emisora de rádio. Sobre as tres da tarde as pezas de artillería instaladas no Parrote disparan sobre o Goberno Civil que se rende despois de dúas horas de resistencia.

Pouco a pouco foron ocupando toda a cidade hostigados por un pobo que anque quería facerlles frente non tiña con que servir o corpo. Logo a loita continuou polos arredores, continuando astra o 23. O mando da cidade asúmeo o Tenente Coronel de La Cruz.

"A REPRESION AUMENTABA SOBREMANEIRA CADA VEZ QUE OS SUBLEVADOS SUFRÍAN ALGUN REVES NO FRENTE".

En Santiago creouse, ante as alarmantes noticias chegadas de diversos puntos do Estado, un Comité Executivo do Frente Popular que urxiu ao Alcalde a entregarlle armas aos militantes de esquerdas. Requisan dúas arme-

rias e apoderanse dos servizos ferroviarios e da radio así como de Telegrafos e Telefonos. Os mineiros de Noia tiñan tomada a cidade e todo facía pensar que o Alzamiento non ía trunfar. Pero o día vinte as doce da mañan saen do cuartel as tropas de Artillería ao mando de Bermudez de Castro, súmanselles tamén dúas seccións da Guardia Civil mandadas polo Tco. Rodriguez. Antes de dúas horas a cidade pasa a poder dos militares sublevados.

Na capital de Lugo estivo a punto de fracasar o Alzamiento Nacional. O 18 acuarteláronse as tropas e o 19 estaban varios artefactos. Tentouse tamén organizar a resistencia, chegando voluntarios civís de varias partes da provincia. O día 20 os sublevados deciden saír a rúa. Emplazan metralletas na muralla e controlan a praza de Santo Domingo e rúa de San Marcos. O Tc. Velayos fíxose cargo da praza. O pobo seguiu loitando con escasos medios contra dos sublevados. Ao remate, foi vencido.

As tropas acuarteláronse en Ourense o día 18 esperando recibir ordres para saír a rúa. O 19 entregáronse algunhas armas a membros do Frente Popular. O día 20 os militares toman o Goberno Civil detendo ao Gobernador e controlando seguidamente a capital.

"POUCO IMPORTABA A IDEOLOXIA. ANDAR CON ROUPA "INADECUADA" OU BAÑARSE CON ROUPA CORTA ERA MOTIVO DE DETENCIÓN".

En Pontevedra, anque non estaba preparado o Alzamiento de antemán, logo o deron organizado o día vinte ante a chegada de numerosos voluntarios á cidade. Ante as presións do Cap. Sanchez Cantón, o Xer. Iglesias, Gobernador Militar, declara o estado de Guerra logrando, despois de moitos esforzos e non menos resistencia apoderarse da cidade con axuda de hidroavións de Marín. Pontevedra era un dos puntos máis fortes do galeguismo.

Vigo foi unha das poucas cidades onde se escomenzou a repartir armamento ao Pobo que intentan ocupar a comandancia militar e fracasado este intento declaran Folga Xeral. Pero ese mesmo día as tropas saen a rúa ao mando do Capitán Carrero. Na Porta do Sol enfréntanse coa xente producíndose varias mortes. Pronto os soldados quedan donos da situación. Logo toman a Casa do Pobo e o axuntamento. A cidade queda controlada polos militares pero as loitas mantéñense nos arrabaldos, significándose na resistencia Lavadores.

"O CURA DO CEMENTERIO DE CANIDO POLO DIA MATABA PARDAOS COA ESCOPELA, E POLA NOITE MATABA OBREIROS".

"A sublevación en Ferrol, que tería unha repercusión moi grande de non ser así en toda España, trunfou porque o Goberno

Os seus inci



e as autoridades quixeron, e tamén porque nos nos tiñamos demais, dínos un destacado militante anarquista no tempo. "Aos obreiros non se nos entregou armas, segúsenos contando, estávamos de acordo co Almirante Azarola de que cando oiramos catro bombas de palenque saíramos todos os obreiros a rúa. Cando estábamos na Plaza Vella chegou un Tcol. e varios oficiais de Artillería, entraron e detiveron a Azarola. A resistencia quedou así desbaratada.

Logo saíron a rúa as tropas tamén de Infantería de Mariña, unha compañía levaba unha bandeira republicana e o capitán ía berrando: ¡Viva la República! Os que teñades armas unídevos a mín. Cando xa estaban reunidos ametralláronos. Pero a sorte, se cadra do Estado, púdose decidir se o Almirante Cervera logra saír do peirán, xa que o barco estaba en poder dos mariñeiros. A resistencia do arsenal continuou astra a mañan do vintedous. Pero o que si poido dicir é que se nos deran armas aos obreiros o signo de toda a guerra tería sido moi outro.

OS REPRESORES

No pouco que se leva escrito da represión durante a guerra en Galicia, case nunca se citan nomes, a xente aínda ten medo de nomealos. Nos facilitamos aquí algúns que nos deron xente das diferentes capitais e que están no sentir do pobo, e case que nen foron feitos públicos. Moitos destes nomes non foron represores directos, senón que foron se cadra somentes denunciante.

"Os denunciante eran os piores, os outros eran case sempre uns pobres infelices", contábanos un militante. Na Coruña sobresaen os falanxistas Costeiriño, Hernandez, López Suevos, Paz Santás e Canalejos; conxuntamente con Mariño Boedo que especulaba coas terras dos que denunciaba, quedándose con moitas delas a cambio de dempois sacalos das cadeas. Parecido fixo o crego Nicolás Pardal, fundador



COLMEIRO
36
Galicia

OS MESES DO "LEVANTAMIENTO"

Seus principais responsáveis



Dibuxos: COLMEIRO e SEOANE

Gran Obra de Atocha, que se...
 os terrenos e cos cartos para...
 esteala, todo baixo amenza.
 Tamén varias persoas foron...
 eseadas polas denuncias da fa-
 milia Rodilla. Elementos distin-
 tidos foron tamén: Tomás el...
 Carrero, Canovas de la Cruz, Flo-
 rentino G. Vallés... En Santiago...
 idade de fondo galeguismo des-
 ecaronse Brañas, J. Suevos, Mou-
 ñe, Bérnardes de Castro, Solla e...
 T. C. Rodriguez.
 Moitos dos obreiros de Ferrol...
 sufriron a represión que exer-
 ran o Cp. Varela, Tnt. Torres, a...
 uen matou despois a Guerrilla,
 guardia civil Isidro, Guillermo...
 áñez, Usero; segundo os nosos...
 comunicantes que a represión se...
 evase con máis ou menos dureza...
 pendencia todo do humor con...
 ue estivera Suances, e cadraba...
 ue case sempre tiña un "humor...
 de perros, xa que a muller poñía...
 os cornos".

CORONEL SOTO, SETE PERSONAS NO ENTERRO E UN FRANCISCANO"

Os falanxistas de Lugo eran...
 amos en toda Galicia por o...
 seu celo na represión. Son famo-
 sos, ademais dalguns membros...
 da familia Rosón e Pedrosa, Za-
 ra, Saco Rivero, O Carrozas, Hns...
 Zabate, Amado Duran, José Via-
 do...
 Os falanxistas de Ourense...
 non se quedaron moito atrás dos...
 de Lugo. Alguns nomes destacan...
 polo seu despeito, como son o...
 Cabo Cartón e Manolo o Matón...
 Tamén Antonio, o que queimou...
 Paradela.

CANDO IAN ENTERRAR A MANOLO O MATON, OS CABALOS NEGARONSE A ANDAR, CAMBEARONOS E FIKERON O MESMO, TENDDO QUE LEVAR OS SEUS CAMARADAS A COSTAS. PODESE DECIR QUE NINGUN REPRE-SOR MORREU DE MORTE AXEITADA"

Como denunciante desta-
 ran Celso de La Torre e Vilar-

chao. Non pode esquecer tam-
 pouco o pobo os nomes do Cura...
 de Seixalvo e de Melias, O Coro-
 nel Soto, Caamaño, Fabello, O...
 Bairo e o fiscal España.
 Víctor Lis e Montero deti-
 ñan en Pontevedra a todos os que...
 lle soaran a galeguismo ou esqer-
 da. Outros elementos nesta capi-
 tal eran Tito, Rivero de Aguilar,
 Sexto, Cantón eo Cpt. Rodrigue-
 z.
 Vigo foi unhas das cidades...
 máis castigadas pola represión. A...
 xente que viviu aqueles días ain-
 da se lembra do Rabioso, do chi-
 vato Meira, de Martínez Garrido,
 Felipe Sanchez, Carrero, Guille-
 rmo, Leopoldo, Cerqueiro Posse,
 Lis Guillén e como en toda a par-
 te sul de Galicia, a familia Puig.

COMO SE FACIA A REPRESION

Nos días finais de xullo, xa...
 consolidada a sublevación, esco-
 menzaron a fomentar o terror en...
 todo o ámbito galego. Os famo-
 sos "paseos" escomezaron a pór-
 se de moda, tardando moitos...
 anos en desaparecer definitiva-
 mente.

Sacaban a xente da cadea,
 moitas veces tamén os ian buscar...
 a sua casa, pola noite e deixába-
 nos tirados na cuneta de calque-
 ra carretera cun tiro na cabeza...
 "Había duas formas de matalos,
 dínos alguén que tivo que facer...
 centos de autopsias, a uns pegá-
 banlles un tiro debaixo do ollo...
 esquerdo, ao estilo Calvo Sotelo...
 a outros non lles pegagan o tiro...
 de gracia e metíanlles unhas me-
 dallas no bolso". A carretera Vi-
 go-Ourense, as pias dos arreded-
 res de Vigo e Coruña, as carrete-
 ras que saían das cidades apare-
 cían cada noite con centos de ca-
 dabres nas suas cunetas.

Tamén os fusilamentos esta-
 ban a orde do día, a alguns xuz-
 gáronos, a outros nen iso. Ser leal...
 ao Goberno da República, simp-
 tizar con partidos de esquerda,
 militar nun sindicato, e sobre to-
 do, ser considerado como gale-
 guista, era motivo suficiente pa-
 ra ser posto diante do peloton.

Pero a represión era feita...
 doutras variadas formas, desde...
 cortarlle o pelo as mulleres e fa-
 cerlles coller unha escoba para fa-
 cer guardia diante do cuartelillo,
 ás malleiras e as requisitorias que...
 se sucedían día a día.

Campeaba o terror por dife-
 rentes medios. A moitos dos re-
 presaliados matábanos diante das...
 suas propias casas para que com-
 probaran a ferocidade os familia-
 res e conveciños.

"... Tu eres tonto ou imbecil,
 decía un cura de perto da Coru-
 ña, senón levamos os mortos a...
 un lado e a outro é para que es-
 carmenten, pronto uns se rebelar-
 ían e os xovens non queren ir...
 ao frente".

OS PRINCIPAIS SECTORES REPRIMIDOS

Falar de reprimidos é unha...
 cousa moi engorrosa. A meiran-
 de parte da poboación adulta dos...
 anos trinta, sufriu represión; e...
 aínda tamén moitos adolescentes,
 cítase o caso dun rapaz de Ouren-
 se ao que lle fixeron pór un pan-
 talón longo do pai para podelo...
 levar a cadea.

Anque a represión ia sen ton...
 nen son, ou con ton e son visce-
 ral, xa que moitas das penas de...
 morte ian escritas por números e...
 non por nomes, outras veces os...
 que ian ser axusticiados eran...
 cambiados uns por outros, segun-
 do os amigos; pódese afirmar...
 que a xente do Movimiento tiña...
 un odio significativo a todo o que...
 lle soase galeguista. En todo Ga-
 licia concentrouse a represión...
 contra dos mestres, chegando a...
 acadar o 80 por cen de mestres...
 reprimidos. Tamén lle tiñan espe-
 cial teima aos intelectuais ou xen-
 te que fora un pouco estudada, e...
 nas capitais con forte continxen-
 te obreiro como Vigo e Ferrol a...
 xente que se distinguía pola sua...
 militancia sindical.

Pero a represión moitas veces...
 foi indiscriminada, chegaba ter...
 un fillo escapado, ter bordado...
 unha bandeira republicana, (lem-
 brámonos do caso dunha rapaza...
 de Mugar dos que estaba embara-
 zada) ou caerlle mal a un falan-
 xista para aparecer paseado un...
 morto diante dun pelotón de fu-
 silamento.

Moitas veces tamén as mor-
 tes foron por meras disputas per-
 soais, caso do fiscal de Lugo,
 eles eran a "lei" e a sua lei era o...
 terror.

Restan, aínda, a longa rin-
 gleira de represaliados, como re-
 ferencia concreta do que foi a...
 primeira represión e que mereceu,
 por lei e por historia, un trata-
 mento de seu, tal e como están...
 na memoria popular.

ALFONSO EYRE

*Un día e outro día,
 sen campás, sen protesta.
 Galicia ametrallada nas cunetas
 dos seus camiños.*

*Lama, sangue e bágoas nos sulcos
 son semente.*

Luis Pimentel
 Lugo, marzo do 37



Seoane - 71



Seoane 71

ESPAÑA

AI, A QUE NOS ESPERA

O pasado día 13 un avión Phantom f-4A, da Forza Aérea dos Estados Unidos, despois dun exercicio de tiro no Polígono de Las Bardenas Reales —Zaragoza— desapareceu da escadrilla cando cruzaban unha capa de nebulas.

A pesares das labores de rastreo dos outros avións, helicópteros españois e paisanos xunto coa Guardia Civil o avión non apareceu astra domingo pola mañá estoupado no pico San Miguel, a 2.500 metros de altura, na serra de Moncayo.

Para quen non o saiba, este foi o número 10 dos avións siniestrados no Polígono de Tiro de Las Bardenas, o último fora un Mirage, que nun martes, día 7 de agosto do 79, diante dunha representación de máis de dez periódicos aragoneses, descompxose despois dun exercicio de tiro, na comarca do Portillo de Santa María, moi perto do pobo aragonés de Valarena.

O único comentario do xeneral xefe do Alto Estado Maior da III Rexión Aérea, D. Fernando Timón de Lara, presente no momento do accidente, foi o seguinte: "son gajes del oficio".....

O feito de estar presente nesa ocasión convidado dez periódicos fai pensar no interese por millorar a imaxe pública que os Exércitos do Ar Español e mais o Americano, tentaban darlle á problemática do Polígono de Las Bardenas, e facer creer na súa "españolidade".

A PROTESTA DOS ALCALDES

Todo viña a conto de que os alcaldes de Muskaria (1) Cadreita, Arguedas, Cascante e Valtierra, firmaron o 19 de xunio pasado unha carta —por ser pobos directamente afectados— na que esixían a desaparición de tal polígono e o aproveitamento das súas posibilidades agrícolas, tanto polo perigo e moléstias que ocasiona nos pobos limítrofes como pola mingoa que representa para a independencia e soberanía a presenza dun campo de tiro estranxeiro nas terras colindantes de Navarra e Aragón.

O polígono de tiro téñen sobre 2.000 hectareas e está situado dunha área doutras 40.000 hectareas, que son explotadas pola "Junta de los Bardenas", que representa a 19 municipios. A zona ocupada polo Exército do Ar español é un rectángulo de 8,5 km. de longo por 2,5 de ancho, a somentes 7 kms. de Valarena, 25 de Ejea, 10 de Arguedas e 20 de Tudela. Os reactores entran en dirección ao polígono de tiro por riba do pobo de Caparrosa, causándolles moléstias arreo aos seus veciños co "estoupido sónico" a biixa altura, desde as 8 da mañá ás 5 da tarde —curiosa ou vergonzosamente, deste tempo somentes dúas horas son para o Exército Español, o resto deste consumo os americanos, tirando ametallando, tirando, ame.....

As moléstias non quedan no estoupido, senón que tamén corre perigo a vida dos civís, pois

más dunha vez caíron bombas dos avións, por exemplo a que foi ao camping de La Botonera(?) pero o Sr. Timón de Lara rápidamente recolle o fio e pasa a decír que todos son rumores, invencións, especulacións....., e que somentes hai unha posibilidade entre dúas mil de que tal aconteza (?). Pódese logo calcular rapidamente cun uso diario cantas bombas caen na zona sen estourar e fora de control.

DENDE O 51 AO 2001

O polígono vense utilizando desde hai uns cinco anos, cando apareceron moitas pintadas contra da súa ubicación, firmadas polo ESAM (Movemento Socialista Abertzale de La Ribera), pero, en febreiro do 77, a policía arrestou a varias persoas na zona, ao que seguiu a "campaña promoción" dos Exércitos do Ar nomeados cando desgraciadamente se produciu o accidente.

No ano 76 a "Junta de Las Bardenas Reales" —auténtica comparsa— e o Exército do Ar español firmaron un acordo no que se prorrogaba o arrendamento do polígono de tiro astra o ano 2001, polo importe de 779130 pesetas ao ano (a cifra do aluguer anterior é millor non citala por vergonzosa), das que os yankees pagaron o 76,13 por cen, en troques de entrenar nel a todas as forza aéreas destinadas en Europa, como no caso do último avión accidentado, que procedía de Alemaña.

O fin da nova "Junta de Las Bardenas" agora consiste en que non se lle prorrogue o contrato aos yankees, que rematará no 1981 e en negociarlle un prezo xusto polo aluguer ao Exército Aéreo Español. Pero non será fácil, non, pois ben saben os americanos que polígono mellor non o van topar fácil, co oleoducto Rota-Zaragoza ao lado para repostar, coa General Motors nacendo.....

Se o polígono de Las Bardenas vén do ano 51 —o nacional-catolicismo fraquista— e as consecuencias e a reacción sintense agora, ¿imos os galegos consentir que nos chante o conubinato español-yankee-OTAN unha base aerea na Barbanza? ¿imos crear canto nos digan, xuren e perxuren? Non haberá un chisco de sentido de dignidade, e de loxica nos alcaldes actuais dos concellos afectados? Se non é así, que Deus nos colla confesados, porque é boa a albarda que nos botan enriba!!!

CAMINO

FAGA UN PEQUENO ANUNCIO NUN SEMANARIO AMIGO A NOSA TERRA




Foto: XURXO LOBATO

MADRID Asi goberna a esquerda española

Xa logo hai un ano, na noite de 3 de abril, manifestacións máis ou menos espontáneas, formadas pola militancia dos partidos da esquerda española parlamentaria, percorrían as ruas madrileñas e m mesmo chegaban a ser obxecto ualgún xeito de represión por parte da policía no decorrer destas manifestacións. A ocasión non era para menos. Comunistas e socialistas facíanse co mando, baixo a batuta do "vello profesor", Enrique Tierno Galvan, da capital do Estado, da súa capital. E nesta cidade, como manifestou a A NOSA TERRA o concellal de Relacións Sociais do axuntamento, Adolfo Luxsan, o pacto municipal funciona a perfección".

Denantes de entrar a expor algun dos aspectos que máis salientan da actividade do actual axuntamento desta capital, quizais conveña lembrar algunha das características específicas que unha cidade como Madrid ofrece e que se basearian sobre todo no seu tamaño, o que obriga, por exemplo, a súa división en 18 distritos municipais, cada un cos seus órganos de goberno correspondentes; o feito de que a cifra de funcionarios se eleve a 20.000 fai tamén que calquera caste de restructuración se tope cuns problemas moi específicos. Estos, só por dar dous exemplos de que o tamaño pode significar como diferenciador das actividades do municipio. Por outra banda, a especificidade político-administrativa do municipio madrileño tamén é moi marcada, pero sobre todo polo feito de tratarse da capital do Estado, onde se topa centralizado todo o poder político, ao estar todo o aparato do Estado nas mans da UCD, que no municipio actúa como oposición, como o xogo de forzas vai ser aínda máis intrincado.

De calqueira xeito, a administración de esquerda foise afianzado durante o último ano a pesares de ser partidos sen ningunha experiencia de goberno, hoxe pode decirse que se teñen feito coas rendas do axuntamento e vaíse demostrando, como afirmou nas súas declaracións o concellal de Relacións Sociais e membro do PSOE antes citado que "a esquerda parlamentaria pode gobernar e levar a cabo o seu programa sen graves atrancos e sen crear gra-

ves problemas". Esta afirmación esta corroborada pola actuación do axuntamento democrático xa que as transformacións que ten encetado, se ben significan unha meirande racionalización en todos os eidos da vida municipal, en ningún intre de teñen visto en situacións enfrentadas nen co Estado nen co tipo de sociedade.

Evitar que Madrid siga a medrar

Unhas das tarefas que o axuntamento ten plantexadas é a de evitar queo ritmo de crecemento siga aumentando, ou que polo menos o faga nada máis nós mínimos indispensábeis, polos problemas sociais, urbanísticos, ecolóxicos que este medre lle pode traer no futuro, xa que se ben no seu casco urbano a cidade non medra e si o fai, e dun xeito considerábel, nas áreas periféricas, nas chamadas "ciudades-dormitorio", pero para conseguir isto a cidade tóje con problemas, xa que en materia urbanística, a área metropolitana madrileña está controlada a través dun ente que engloba a todos os axuntamentos da área, Coplaco, que a súa restructuración ten pedida para que o seu control pase as mans dos municipios interesados.

Neste senso, o axuntamento de Madrid ten plantexadas algunhas alegaciónes ao "anillo verde" para lograr unha zona controlada urbanisticamente e que frene a especulación. Por outra banda, o PAI, Plan de Acción Inmediata, ten catalogadas as necesidades urbanísticas de cada distrito, así, por exemplo, estes días sacou un plan que baixo o slogan "No a un Manhattan cheli" propón a recuperación do centro da cidade para vivenda e a súa restructuración para evitar que siga a ser o paradiso da especulación e da desfeita urbanística.

A descentralización

Nos programas municipais, mesmo do PSOE que do PCE, figuraba como un dos puntos principais a descentralización da administración municipal. Para levar a cabo este plan teñense topado con dificultades tanto políticas (porque UCD aínda que non na teoría si se opón na práctica) ou administrativas, representadas pola vixente Lei

de Rexime Local, moi centralizada e presidencialista e que no caso de Madrid se topa reforzada pola Lei Especial de Rexime Local de Madrid acentuadora daquelas características. Así e todo, agardese que neste mes remate o proceso descentralizador encetado hai un ano e que vai significar o traspaso dunha serie de competencias en materia urbanística, presupostaria e cultural as Xuntas de distrito mediante as transferencias do alcalde aos presidentes desta xunta.

Restructuración administrativa

Outro dos empeños deste axuntamento, desde a celebración das eleccións municipais, para acófoi a racionalización da administración sobre todo en canto a política de transportes se refire e así tense feito cargo de todo o transporte público da superficie e agarda a transferencia por parte do Goberno da administración do Metro. Neste senso hai que salientar que dunha deuda de 9.500 millóns de pesetas que tivo o axuntamento de Madrid no exercicio do 79, pero de 4.000 correspondialle a Empresa Municipal de Transportes, EMT, debido sobre todo a boa política paternalista que a empresa seguiu de quebrar, o que a facía moi pouco competitiva, polo que se fai precisa unha restructuración da mesma en certos trasvases de personal.

A creación dun Patronato de vivendas municipais, dun grupo e estábel de teatro, o establecemento dun "Plan de Saneamento Integral", que depure as águas residuais de Madrid e máis os desperdicios para evitar o colapso ecolóxico que amenaza non só a cidade senón a outras da ribeira do Tajo, plan que se espera ver rematado dentro de catro anos e que require unha enorme inversión, son outras das iniciativas do novo axuntamento ademais do establecemento de policía de barrio, que xa funciona en seis deles e que é unha especie de mistura entre os antigos serenos e os policías municipais, que patrullan polas ruas a todas as horas do día ou a creación dunha academia para a formación destes policías e dos de todos os municipios da área metropolitana. Isto é todo ao tempo que Tierno pasea por Europa como alcalde socialista.

X.L. Garcia Lavandeira.

EUSKADI A SOMBRA DO FUTURO E ALONGADA

Pilar Iparragirre.

As eleccións ao Parlamento Basco diron pé a moitas sorpresas de todos os comentaristas do Estado Español e a non poucos do Estado francés. Ningun deles prevera o forte ascenso de PNV (25 escanos el sóio), e moito menos a consolidación do que calificaran como "o restroballo de Herri Batasuna" (11 escanos, o que equivale a ser a segunda forza).

Despois dos resultados, nos nos análises. Juan Aranzade, no número 894 da revista "Triunfo", decía: "supón un total rexeitamento por parte dos bascos, da política que se veu impondo desde Madrid" e chegaba a considerar que "o goberno de UCD é "extranxeiro" en Euskadi. "El País", pola súa banda, poñía en cuestión a eficacia dos sistemas policiais engadindo que o supergobernador, Sáenz de Santamaria e os seus rapaces e instrumentos parecían haber proporcionado resultados completamente adversos.

Que o partido do Goberno, tras da visita vivificadora e reconfortante de diversos ministros e mesmo o presidente Suárez somentes obtivera seis escanos — os mesmos que outra forza da esquerda abertzabel, Euskadiko Ezkerria — non resulta moi claro para os mencionados entendidos. E aínda entenden menos que a esquerda tradicional "a súa esquerda", obteña menos apoio que "esa xente rara, non se sabe moi ben si de esquerdas e que apoian sen paliativos a unha organización terrorista" (PSOE obtivo unicamente nove escanos, o seu descenso quizais sen ser tan fulminante como da UCD agoira tempos moi negros para os socialistas) ¿E que decidir dos comunistas, con un único escano?

A gran maioría dos comentaristas, apoiados pola clara da única televisión do Estado, salientaron a abstención. E todos os perdedores tentan de acaparar ese cuarenta e tantos por cen do electorado que preferiu manterse ao marxe da contenda electoral. Pero non son unicamente eles os que "reclaman a súa parte". Os abstencionistas de toda a vida tamén se frotan as mans cos resultados, aínda que sin o "optimismo" dos outros e recoñecendo que o feito de celebrarse as eleccións en día festivo ten unha clara influencia nos mesmos.

A difícil negociación

Outros dos puntos a salientar é a insinuación, as veces clara, da necesidade dunha negociación Goberno-ETA e o pesimismo de que iso chegue a acontecer. Considerar os resultados como "catastróficos" é outro dos tópicos nos que caíron caseque todos e saen a palestra os problemas astra o de agora escondidos da realidade de Euskadi.

A integración de Nafarroa, o problema de presos exiliados, a legalización de organizacións independentistas, as FOP... cousas por facer, cousas necesarias para



Foto MITXELENA

que a paz, esa paz que parece buscar todo o mundo, sea algo real e se eviten males maiores.

Claro que, nos primeiros momentos de sorpresa os máis "reflexivos" piden do Goberno e do seu partido un achegamento claro ao PNV, unha non restrición das transferencias autonómicas, concesión aos nacionalistas para que se inclinen car a "onde debe ser" e non lles de por achegarse a esa perigrosa esquerda abertzale.

E así estamos, as portas dun goberno basco que se vaticina monocolor, cun PNV que esixe dabondo como para poder gobernar pero que — sabendo as dificultades que van vir — tenta quedar a ben con todos, sen descartar o seu desexo de negociar con ETA. "Non hai previstas negociación con ETA" — dixo Garaicoetxea a mesma noite do triunfo — nen parece que haxa receptividade pola súa banda para que existan. Pero non esta de sobras a comunicación, e empleo este termo para que non se escandalicen en determinados medios. Aínda que habera que lembrarlle ao Goberno as moitas veces que negociou con ETA, cando decía que non negociaba.

As dificultades da negociación estriban en que ETA dixo xa moi claramente que ela non negocia con quen "nada lle pode a dar" e volveu a esgrimir os puntos do KAS.

Herri Batasuna, fiel as suas bases, non pensa participar no parlamento "mentras as bases no opinen que é necesario facelo" e o resto das forzas apréstanse a entablar conversacións co partido triunfador, para tratar de ver "en que situación quedamos".

Nafarroa, punto clave.

Nafarroa, a eskuencia, tamén plantexa problemas. Unha provincia á que selle negou o derito de ser o que realmente é: Euskalherria, á que nos derradeiros tempos "regalaron cunha represión superior a do resto de

Euskadi Sul" e á que tanto deritistas como centristas e socialistas queren configurar como un ente illado. Unha Nafarroa que sabe descubrir os chanchulllos do lider ucedista Del Burgo e os seus compañeiros, que a pesares dos pelotazos de goma e de outros tipos, berra as complicacións do Presidente da Diputación Foral e o "affaire" FASA, que celebra unha manifestación en favor do euskara na que participan máis de 15.000 persoas e da día afonda máis as suas relacións culturais e de todo tipo, "co seu outro pedazo": Benafarroa, da que o único que asepara é unha fronteira absurda.

"A abstención foi moito maior do que se comenta — din — xa que os navarros abstivémonos nun 100 por cen" e son os que maior empeño teñen en salientar que de parlamento basco nada "vascongadillo", e siguen nas suas trece astra conseguir que se recoñeza "legalmente" o que de feito é: Euskadi. Ao millor, tamén por iso, HB convoca para Iruña o Aberri Eguna, daqui a poucos días.

E as paradoxas continúan, porque o presidente dese goberno basco que se vai constituir o vindeiro mes, é navarro, Carlos Garaicoetxea, quen nas derradeiras eleccións non pudo nen siquiera votar.

Namentras, o goberno de París observa atentamente. A posíbel extradición de Txomin Iturbe Abásolo e máis Eugenio Etxebeste, membros de ETA (militar) refuxiados en Euskadi Norte ten quedado suspendida. Seguen os xuícios rante o Tribunal Supremo, por ver se avala ou revoca a decisión do Subprefecto de Baiona relativo a declarar "a persoas de Euskadi Sul que levan tempo a vivir nas provincias do Norte.... E é que, polo que parece, estas eleccións si que teñen servido para algo: para clarexaren posturas e forzas.

PAISES CATALANS A reconversion electoral

MARIA MERCE MARCAL

O resultado das eleccións do pasado día 20 de marzal ao Parlamento de Catalunya desbordaron calqueira previsión. Si ben era previsíbel un forte aumento de Convergencia i Unió e un descenso das formacións estatais (UCD e PSOE sobre todo), os case 200.000 votos que sumou o partido de Jordi Pujol sobrepasaron as esperanzas dos mesmos convergentes e a convertiron, electoralmente, na primeira forza política de Catalunya. Ao mesmo tempo, o descenso nuns 115.000 votos do PSC-PSOE deu co traste non somentes coa posibilidade dun goberno socialista en solitario, segundo preconizaba o partido de Reventós, senon que polo de agora puxo punto final a hexemonía dos partidos da esquerda en Catalunya.

Coarenta e tres escanos para Convergencia i Unió, 33 para o PSOE, 25 para o PSUC, 18 para UCD, 14 para Esquerra Republicana de Catalunya e posibelmente 2 para o Partido Socialista de Andalucía, que aínda fican pendentes da decisión da xunta electoral, son os resultados definitivos.

Solidaritat Catalana, a novavella dereita, cun nome de circunstancias e que corresponde ao que no 1 de marzal era Coalición Democrática, non conseguiu chegar ao 3 por cen, a beneficio, sen dubidas a medias, de UCD e de Convergencia. A pesares de que os resultados aparentemente parecen ofrecer un novo fracaso de UCD, é evidente que isto é certo so a medias xa que trunfou de cheo a operación de reconverter cara a dereita a través do "nacionalismo" do electorado catalán, co cal o partido do Goberno pode estar moi tranquilo e satisfeito sobor de todo coa desfeita dos socialistas, o seu principal oponente a nivel estatal.

E isto non somentes a través da subida de Convergencia senon como unha parte fundamental a partires da escalada de Esquerra Republicana de Catalunya, o que analizabamos como o terceiro brazo da dereita en Catalunya e que non só recolleu gran parte do voto socialista (o que non foi par a abstención ou mesmo a Pujol), senon que ademais impidiu positivamente que callara unha opción electoral para o espaciao da Esquerra d'Alliberament Nacional. E como xa anunciáramos na cronica anterior, a dificultade de desmarcarse claramente do radicalismo verbal nacionalista da Esquerra Republicana de Catalunya e mesmo da súa aparente connotación de esquerda, nun senso amplo, era un reto difícil de superar por parte dun movemento, Nacionalistas d'Esquerra, con só tres meses de existencia e con limitadas posibilidades económicas. A etema cuestión do voto útil e a manida falta de unidade co Bean, convenientemente explotada por quen lle interesaba facelo, foron tamén condicionantes que fixeron que Nacionalistas d'Esquerra somentes conseguiran o 2 por cen e, xa que logo, non poidera ter acceso ao Parlament de Catalunya. Cabe salientar, nembargantes, que este porcentaxe supón un adianto do orde do 0,5 por cen respecto dos resultados do Bean do 1 de marzal, e isto sen ter en conta os 11.000 votos, que anivel de Principado obtivo o Bean actual. Por outra banda, os resultados non foron uniformes xa que nas tres circunscricións de Lerida, Girona e Tarragona os votos se multiplicaron por dous ou por tes, en Barcelona houbo máis estabilidade nas cifras. A pesares de non ter acceso ao Parlament, o cal se-

ria un salto adiante moi importante para a esquerda nacionalista, Nacionalistas d'Esquerra quedou claramente como a primeira forza da esquerda extraparlamentaria, tanto no que se refire ao ámbito nacionalista como a esquerda estatalista. Tal como preveíamos a coalición Unitat del Socialisme non conseguiu crearse un espaciao electoral e se deu o caso que todos xuntos (MC, LCR, OCBR e PTE) non chegaron aos votos que este último partido conseguira no 1 de marzal. Temos, pois, un Parlament con maioría de dereitas a pesares de que en moitos casos a intención de voto non se corresponde coa realidade da forza política votada e evidentemente o feito de que moitos votos de esquerda foran a parar a un partido liberar como é a Esquerra Republicana vai condicionar, pouco ou moito, a actuación deste partido que non pode tampouco actuar ao marxen do electorado que lle deu o seu apoio.

A difícil formación do GOBERNO DA GENERALITAT

A composición do Parlament supón evidentemente unha considerábel dificultade á hora de formar goberno, sobre todo tras as declaracións do Partido Socialista de Catalunya-PSOE de non querer formar goberno con Convergencia, alegando que este último e un partido de dereitas. E esta combinación sería a única que daría como resultado un goberno de maioría e que ademais podería contar co apoio de Esquerra Republicana de Catalunya desde dentro ou desde fora. As outras posibilidades centraríanse arredor de Esquerra Republicana. Unha podería ser o pacto Convergencia - Esquerra Republicana co apoio, desde fora, dos centristas de Catalunya-UCD, xa que a Esquerra Republicana negase a formar parte dun goberno onde estea o partido de Suárez. Pero os centristas veñen de anunciar que somentes darán apoio a Pujol se eles participan no goberno e non o van facer en ningún caso desde fora. Outra posibilidade, dabondo remota, a constituiría o pacto entre PSC-Esquerra Republicana co apoio externo do PSUC. Nembargantes, esta posibilidade tropeza cunha dobre barreira: o PSUC ven de anunciar tamén que non vai conceder ningún apoio desde fora e somentes o fara no caso de entrar a formar parte do goberno, e Esquerra Republicana de Catalunya oponse a un pacto que signifique a entrada dos eurocomunistas no goberno. Namentras, Benet, cabeza de lista do PSUC, (o único partido que non sufriu variacións considerables desde as ultimas legislativas estatais), insiste na súa vella proposta de goberno de unidade. Proposta que coincide coa do presidente Tarradellas.

CEN SEMANAS DO MUNDO

JJ. Navarro
LL. Moix.

Desde xaneiro do 1978, cando escribimos a nosa primeira crónica para A NOSA TERRA, o noso planeta debeu de dar unhas oitocentas dez voltas sobre si mesmo, e a única conclusión que podemos sacar se queremos ser honestos é que todos somos un pocuco máis vellos, pero non por iso vivimos nun mundo mellor.

No 1978 a gran opción da esquerda francesa para ocupar o poder debatíase nos urnas e quedaría unha vez máis frustrada. Esa foi a primeira vez que tentamos de explicar para os lectores da A NOSA TERRA os asuntos que acontecen alén das fronteiras deste conxunto de nacións que quedamos en chamar Estado Español. Ancho mundo, abofé. É complicado, ademais. Pero quizais por iso xamais tivemos moitos problemas para atopar temas dos que falar. Os conflitos e as traxedias e tamén os logros pacíficos, ou os poucos motivos de esperanza, que proporciona a actualidade internacional ocuparon as nosas crónicas.

Tamén tivemos de principio motivos de ledicia, pois ao longo destes cen números o mundo contemplou a caída de tiranías tan crueis como a de Somoza, o Sha, ou Idi Amin e Macias.

Polo demais, o espectáculo

do mundo fixo a miúdo a nosa mesma insignificancia diante da implacabilidade dos poderosos. Os norteamericanos impuxeron no Oriente Médio unha tregua que non trouxo a paz. Francia lanzou os seus parcaidistas sobre o Zaire samente para protexer minas de uranio e o réxime corrupto de Mobutu. Vimos como o acordo Salt, sobre limitacións de armas estratéxicas, e o bico de Carter e Brejnev en Viena dou pasou a unha segunda guerra fría, aproveitando a intervención URSS en Afganistán. Constatamos con consternación que a liberación de Vietnam non freinou a cruenta matanza de Kampuchea e deu lugar a unha guerra destrutiva entre dos estados socialistas, como a República de Vietnam e China Popular.

Como sempre, como todos os anos da historia do mundo e todos os anos que quedan antes que o home — ou o planeta — desaparezan, estes foron anos de morte, anos de mortes. Morreron dous Papas no 78, cun deles — Pablo VI — foi-se unha parte da historia contemporánea da igrexa católica. Morreu Carles Chaplin, e morreu Groucho Marx, con eles o mundo perdeu parte das suspiras. Foi asesiñado Aldo Moro en medio dun misterio que pon en cuestión as normas de funcionamento das sociedades democráticas. E agora está a punto de morrer Tito, o derradeiro dos forxadores de nacións na historia europea deste século. E moitos máis dos que nos esquecemos.

Nembergantes, as mortes importantes desta cen e pico semáns foron anónimas, escuras e a miúdo sórdidas: foron os milleiros de vítimas da historia da xeoplítica que diron a súa vida pola liberdade de outros para que outros conservaran os seus privilexios.....

NOS SEGUIREMOS A OBSERVAR, ESCEPTICOS.

E namentras, o mundo seguiu a xirar con esa parábola do movemento perpetuo que é a vida humana. Aconteceron tamén cousas alegres das que raramente falamos, por que do trascendentalismo político, pero que percuramos vivir dun xeito intenso como supomos que farían todos os nosos colegas que fan cada semana este periódico. Desde a nosa lonxana Barcelona onde vivimos tentamos explicarlles algo do mundo aos lectores de Galicia. Cada semana (menos as que fallamos, ou os periodicos de descanso que se tomaron os nosos colegas) entregamos — non sen dificultades, retrasos, problema e toda esa longa lista de "alicientes" da prensa escrita — Unha peza de ese intento. Somentes podemos agardar que os compañeiros da redacción sigan aquí servindo a Galicia e a súa identidade a través do seu traballo. Nós seguiremos a observar o mundo con ollos escepticos e tentaremos de explicalo con palabras claras. Unha aperta para todos e astra o número 200.

A PROPAGANDA

"Nun principio era o Verbo, e o Verbo estaba con Deus, e o Verbo era Deus" (San Xoan, I, 1)

A "estratexia psicolóxica" consiste no uso —non abuso— dos medios destinados a influir na opinión e sentimentos de eles.

mentos —governos e pobos— nemos, neutrais, non belixerantes e amigos, para modificalos nun sentido favorable ás cousas estatais ou de grupos de Estados, quedando relegados as causas verdadeiramente "nacionais".

Moitas veces, confúndese a propaganda coa "estratexia psicolóxica". En realidade, a propaganda non é máis que a arma principal da cal se serve. A "estratexia psicolóxica" —que enxendra autocolonizados— e unha máquina tan complexa que afecta mesmamente á música.

Pode ser propaganda toda información unilateral doctrinaria ou chamento, declaración, condena, etc.... difundidos para influir nas opinións ou comportamentos de calisquer grupo ou pobos concretos, no sentido que beneficie directa ou indirectamente ao grupo que realiza a vendita difusión.

A propaganda aumenta, modifica, diminúe e xeneraliza é decir, terxiversa, deforma e oculta emprega a semiverdade ou a verdade adubiada con mentiras. Ocasionalmente recurre ás trompetas, tambores, bombos e platillos da información.

Agora ben, a propaganda é necesaria e positiva no tempo de guerra, por parte dos belixerantes,

para ergueren a moral dos seus combatentes e cidadans da retagarda; mais utilizar a propaganda no tempo de paz —que é negativa— pode producir unha psicose bélica colectiva de odio e rencor entre os pobos e, polo tanto, provocar irresponsablemente unha guerra total irracional. No tempo da paz a propaganda debe ceder á información exhaustiva e veraz mediante as noticias e difusión bilaterais e multilaterais sen restriccións de xénero algun. ¿Faise así? Pensamos que non.

En todo caso —e máis en tempo de paz— a propaganda é unha arma de dobre filo ou un "bumerang". Ademais a propaganda defectuosa —sen ser o único factor— dinamiza a hipocresía e o cinismo; entorpece o espírito creador, esnaquiza o afán nacional, frea o pulo dun pobo independente, adurmiña a capacidade intelectual do individuo e sementa o caos mental nas masas.

O que non pode facer a propaganda é transformar o mundo. Pero si pode destruílo. Non, non se trata de ideoloxías, trátase da supervivencia de toda a Humanidade. Todos os pobos, sen excepción, son portadores de valores histórico-universais.

REGINO DAPENA

ZIMBABWE

O próximo 18 de abril Zimbabwe (a Rhodesia do Sul dos colonialistas) accederá á independencia nacional dun xeito legal e recoñecido por toda a comunidade internacional cun goberno de concentración nacional presidido polo líder revolucionario Robert Mugabe.

Colonizado por Cecil Rhodes a fins do século pasado integrou unha Federación dentro do "status" colonial británico xunto con Rhodesia do Norde (a actual Zambia) e Nyassaland (a actual Malawi), pero a diferenza delas, en Zimbabwe asentouse unha numerosa colonia de europeos (británicos)

touse unha numerosa colonia de europeos (británicos principalmente, e tamén boers) que controlou a economía do país, sendo a intermediaria dos intereses coloniais e imperialistas, e que practicou unha política inspirada no modelo sudafricano racista de "apartheid".

Cando se produce o proceso descolonizador en Africa, a Gran Bretaña tenta a constitución dun estado neocolonial coa participación —formalmente polo menos— no goberno da maioría negra a minoría branca (250.000 sobre unha poboación total de 5 millóns), agrupada politicamente no Frente Rhodesiano dirixido por Ian Smith, declara unilateralmente a independencia o 11 de novembro do 1965 e en 1969 proclama a República.

Frente ao réxime fascista e racista de Smith vai a acordarse o boicot internacional (embargo de petróleo, e sancións políticas e económicas). Sen embargo a ONU é impotente para poder levar adiante algo efectivo e a postura sancionadora dos occidentais (USA e a potencia colonial Gran Bretaña, principalmente) adopta un carácter meramente formal. Os intereses imperialistas en Rhodesia son moitos e no fondo a minoría branca e garantía do seu mantemento fronte as posicións revolucionarias, aínda que se preferise, quizais outra solución de carácter neocolonial. Ademais a República Sudafricana e Portugal desde as súas colonias, fronteirizas con Zimbabwe, van a apoiar sen reservas a Smith.

O nacionalismo popular en resposta vai a lanzarse á sistemática loita armada para derrocar ao sistema racista e acadar a liberación nacional de Zimbabwe. No 1972 os dous grupos nacionalistas, ZAPU e ZANU, forman un mando militar unificado e escomenzan a guerra.

A independencia das colonias portuguesas, Angola e Mozambique, é un duro golpe para os sistemas racistas e imperialistas do cono sul africano. Vai a constituírse o grupo de estados da Liña de Frente (Angola, Botswana, Mozambique, Tanzania e Zambia) de firme apoio ao Frente Patriótico (ZANU-ZAPU) que pouco a pouco vai infrinxindo fortes derrotas ao goberno racista pese ao auxilio directo de tropas sudafricanas e de continxentes de mercenarios.

A ofensiva do Frente Patriótico (que ao rematar a guerra tiña liberados 2/3 do territorio de Zimbabwe) conta ademais coa axuda dos países socialistas, da OUA e de todos os países e forzas progresistas en loita contra o "apartheid" e, asimismo, co recoñecimento da ONU.

Acosado, o réxime de Smith non ten máis remedio, co visto bon do imperialismo, de dar outra saída neocolonial ao conflito. Para isto conta co colaboracionismo de antigos nacionalistas traidores como Chirau, Sithole e, sobre todo, o bispo Muzorewa. Nun simulacro electoral en abril do 79, Muzorewa vai a converter en primeiro ministro do agora chamado Zimbabwe-Rhodesia. Demasiado tarde. A loita de liberación nacional avanza incontenibel.

Na Conferencia de Lancaster House celebrada o 10 de setembro entre todas as partes en conflito, acordase o sistema de transición. Alto o fogo, eleccións baixo supervisión inglesa, nombrando o Reino Unido como gobernador xeral a Lord Soames e independencia, esta vez legal, posterior á formación do goberno saído das urnas.

Os manexos imperialistas van ir dirixidos a impedir o triunfo de Robert Mugabe, presidente do ZANU, partido marxista-leninista, favorecendo a victoria de Muzorewa ou, como mal menor de Joshua Nkomo, líder do ZAPU e considerado máis moderado. Pero o pobo de Zimbabwe vólcase por Mugabe que obtén a maioría absoluta. Os 20 escanos dos brancos van para Ian Smith. Dos escanos negros, o ZANU obtén 57, o ZAPU de Nkomo 20 e Muzorewa só 3. Con grande dor Lord Soames veise obrigado a nomear primeiro ministro a Mugabe.

Mugabe ten que actuar con cautela. A ameaza interior dos racistas é moi real e a externa da República Sudafricana tamén. Hai que ter en conta que a economía e o aparello estatal están en mans do imperialismo e dos seus testaferros brancos. Un primeiro paso, importantísimo da liberación nacional cara a constitución dunha República democrática e popular de Zimbabwe camiño da construción do socialismo, está dado co respaldo popular masivo. Nesta hora, R. Mugabe con grande realismo político procede a formar goberno co ZAPU de Nkomo e incluíndo dosu brancos no gabinete. Ademais unifica ao exercito integrando aos grupos guerrilleiros baixo o mando do xeral blanco Walls, proclama a vontade de manterse na Commonwealth e de integrar ao país na ONU e no Movemento de Países Non Alineados e, a un tempo, manifesta a súa intención de loita firme contra o "apartheid".

RAUL FREIRE



Revista Galega de Socio-pedagogía e socio-lingüística



Editada por "PROMOCIONS CULTURAS GALEGAS S.A." sob o patrocinio da "ASOCIACION SOCIO-PEDAGOGICA GALEGA"

SUBSCREBASE DESDE XA!

Ingrese o importe da suscripción anual de 1.200 pesetas na conta 01-500.000-5 do Banco de Vizcaya, Sucursal da Avenida de Buenos Aires en Ourense, por xiro postal, transferencia bancaria, ou telón, indicando seu nome, apelido e domicilio.

A ETERNA "GUERRA FRIA"

X.A. GACIÑO

No médio dunha estratexia electoral, das presións dos fabricantes de armas, dunha crise enerxética que pon en perigo un sistema económico desenrolista e consumista, o presidente dos Estados Unidos, Jimmy Carter, botouse pola vía da "guerra fría" aberta e directa. A intervención armada da URSS sobre Afganistán — onde os soviéticos viñan tendo presenza desde hai tempo — servíulle de oportunidade para elaborar a súa nova imaxe de "falcón", despois de que a imaxe "liberal" de defensor dos dereitos humanos non lle diera moito resultado. Non se trata, en ningún dos casos, de plantexamentos éticos — que outros fan desde puntos de vista máis limpos que os xefe do imperialismo capitalista —, senón de pura táctica política conxuntural.

O presidente Carter tenta o pór agora en cuestión a liña da coexistencia pacífica, que se viña mantendo, con máis ou menos dificultades, desde os anos sesenta. Non parece que houbera agora máis razóns para facerse o duro diante dos soviéticos que cando soviéticos e cubans interviron en apoio das forzas de liberación de Angola ou Mozambique, por exemplo. Ben é verdade que, cada vez máis, o sistema occidental se sinte en perigo, pola crise enerxética e por fenómenos "incontrolábeis" como os de Iraán.

Pero non todos teñen os mesmos intereses persoais e electorais do presidente Carter, nen xiquera dentro do seu equipo de goberno. Son coñecidas as deferenencias entre o "pacifista" Cyrus Vance e o intransixente anticomunista Brzezinski, e non digamos nada dos intereses económicos que están en xogo pola decisión persoal de Carter de restrinxir o comercio coa URSS.

O mesmo ocorre nos países europeos alienados. A posición occidental non é hoxe tan uniforme como nos tempos de McCarthy e Foster Dulles. A nova "guerra fría" do presidente Carter non é bon vista por todos os seus aliados. Os europeos, en xeral, prefiren o entendemento cun veciño poderoso como a URSS a un enfrentamento no que levarían a pior parte, por moita axuda norteamericana que recibán. Así, vemos os esforzos de franceses e alemáns por tender pontes aos árabes e por quitar ferro ás bravatas de Carter. Somentes certa derita agresiva — como a que pode representar Sá Carneiro en Portugal ou Strauss en Alemaña Federal, ambos os dous tamén por razóns electorais — atrévese a prestar apoio incondicional ás teses intransixentes do Carter.

Quizais todo se resolva, despois da elección presidencial nos Estados Unidos, con aumento nos presupostos de "Defensa" dos respectivos países occidentais e cun novo fortalecemento da OTAN, o órgano da "guerra fría" por excelencia. Guerras olímpicas aparte, o episodio pode quedar como unha escaramuza lóxica, dentro da tensión permanente entre dous poderes que non se poden permitir o risco de enfrentarse directamente. Xa que logo seguiremos nese estado de "guerra fría" latente astra a próxima crise, se é que o sistema occidental logra saír desta, coa esperanza de que a dialéctica explotadores-explotados (tanto ao nivel de clases sociais como de colectivos e naides nacionais) poda un día superarse no camiño do progreso humano.

CENTRAL

1. Circular Plaza Independencia, 5
(Frente ao núm. 130 Avda. Camelias)
Teléfonos: 41 60 27 - 42 43 66
VIGO

SUCURSAL


Ronda Outeiro, 281
Zona Conchiñas
Teléfono: 25 99 85
A CORUÑA



SIZECO

MULTICOPISTAS, GRABADORES DE CLICHES,
FOTOCOPIADORAS, CALCULADORAS,
REXISTRADORAS, CIZALLAS,
GUILLÓTINAS E MATERIAL ESCOLAR

Riño
foto-cine



Santo Domingo, 9
Tfnos. 225461-224458

LUGO

AS HIGHLAND CLEARANCES (1.ª parte)



O poeta John MacLachlan deixou escrito:
*"Escoito un noxento son de ovellas,
a lingua inglesa, cans a ladrar....."*

Ao final as ovellas de Australia acabaron por desbaratar a economía dos señores escoceses que traicionaran ao seu pobo a carne a la importadas eran mais baratas.

Pero os señores non se preocuparon e puxeron os vales a producir caza e pesca cobrando boas licencias aos cazadores ingleses. Despois fixeron unha repoboación forestal con piñeiro albar e abeto para vender a madeira. E hoxe os seus descendentes seguen a vender o chan da Escocia para o turismo e para que os militares retirados gocen da natureza "non estragada pola civilización".

CARLOS DURAN
LONDRES

O turista inglés, cunha libra no peto que cada vez vale menos no mercado de divisas, vaíse afacendo á idea de pasar, se pode, as vacacións dentro da tropa Gran Bretaña, e para axudarlle a se decidir as axencias de viaxes presentánlle unha imaxe de postal dun país "non estragado pola civilización": Escocia. Aparte das terras baixas industrializadas entre Glasgow e Edimburgo (e do petróleo do Mar do Norte, que non se menciona para que os escoceses non se decaten que a maior parte dos xacementos atópanse xustamente fronte ás súas costas, non vaia ser que os nacionalistas o reclamen), a Escocia ten moitas de parañas desabitadas nas Highlands (terras altas ou montañas do interior) e mais nas Illas (Hebridas, Orcadas, Sheland), que constitúen a maior parte do país espacia para respirar, cazar, pescar ou para mercar por poucos cartos un terreo cunha casa para pasar os anos da xubilación.

Pero non sempre foi así. Escocia (como Irlanda) tivo noutros tempos unha numerosa poboación campesiña asentada nos vales e bocaribeiras, cunha economía de autoconsumo que foi esnaquizada pola irrupción do capital no que se chamou The Highland Clearances, ou sexa as expulsións dos labregos para facer sitio aos rebaños de ovellas introducidos polos terratenentes, especulando co prezo da lã e da carne necesarias para vestir e alimentar os soldados do imperio que combatían nas guerras napoleónicas e paseaban a bandeira do Reino Unido da Gran Bretaña e Irlanda (ou sea, de Inglaterra), desde América do Norte a África do Sul e a Australia.

Os montañeses de Escocia ti-

non ter efecto, mandábanlles un destacamento de "casacas vermelhas", que os conminaban a deixar as súas casas. Ao non facer caso a xente, líanlles en inglés o Riot Act (lei anti-tumulto), que eles non entendían. Ao ver que non se movían do sitio, dabase a orde de carga e a tropa disparaba ao ar, as veces máis abaixo, adelantaba, sacaba os sabres ou as baionetas, escorrentaba homes, mulleres, nenos e vellos polo monte adiante. O ano 1792 quedou nos anais escoceses como "o ano das ovellas".

A xustificación das eviccións parciais sinxela aos donos da terra. Estes señores semifeudais arrendaban as terras a un primeiro arrendatario ou cacique, que llas subarrendaba a outros, e así sucesivamente astra chegar aos sen-terra. O sistema sostíñase en pe polas debidas que os máis pequenos contraían cos poderosos, de xeito que sempre estaban a mercé deles e tiñan mesmo a obriga de prestarlles servizo militar: tal era o sistema ancestral dos Highlands, de fidelidade ao xefe do clan, que conezou a arruíñarse coa derrota escocesa en Culloden a mans dos ingleses, e aínda antes, coa chamada Act de Unión (1707) que os ingleses conseguiron sobornando a un fado de traidores escoceses, igual que máis adiante farián coa Irlanda (a "unión" de 1801).

Con todo, o pobo mantiña un apego teimudo á terra, á lingua, ao sentimento relixioso panteísta, a economía tradicional. En contraste, os xefes de clan abandonaron todo canto fora seu, excepto a propiedade, adoptaron a lingua inglesa, foron vivir a Londres, mesturáronse con sangue inglesa, tornáronse xogantíns e bebedores, mercando postos horíficos no exercito imperial e presumindo na "alta sociedade" de liñaxes e títulos rimbombantes; noutras palabras, pasaron de ser xefes de clan a ser terratenentes absentistas.

A idea das "melloras" entroulles polos ollos cando, a mediados do século XVIII a Coroa confiscara as terras dos rebeldes que se ergueran para loitar pola liberdade de Escocia e contra a unión con Inglaterra. A Coroa británica, novo terratenente, vendeu as terras a especuladores ingleses que as adicaron á cría de ovellas. As tropas da Coroa acantonaron nunha serie de fortes estratéxicos, especialmente os situados na perfecta liña recta ao longo do Caledonian canal, que tende Escocia en dúas metades: Fort William, Fort Augustus, Fortrose, Fort George.

Aínda así, a primeira vez o pobo escoi as ovellas para o Sul. As autoridades tiñan medo do xacobinismo, das revolucións americana e francesa. Prendéron algúns, que acusáron de insurrección, pero fuxíronlle.

Os labregos seguían a confiar nos seus señores, que consideraban aínda como xefes do clan, pero estes desentendéronse: primeiro fixéron que os arrendatarios botábase aos sen-terra e mais aos subarrendatarios, e despois botábanos tamén a eles e as súas familias, ficaban valendas para as ovellas.

A planificación do deporte galego

Os deportistas tamén deben de ter voz.

Algunhas colaboracións quedan fora deste número por falla de espáicio, pero facemos un chamamento a todos os practicantes e interesados no deporte para que amosen a súa opinión a través da NOSA TERRA. Pousada, xogador do Deportivo, é un dos primeiros en nos dar a súa opinión.

Partindo da base de que o deporte galego está na idade de pedra, e sabendo que o seu desenvolvemento e posta o día non se conseguirá a pesares da súa importancia, dun feito illado, escomenzo este comentario coa certeza de que todo isto é unha utopía, pero coa intención de que a simple denuncia desta situación e de que a exposición das bases mínimas para desenvolver o deporte galego, podan concienciar a algunhas persoas, e iso ao menos é motivo para intentalo.

Como é sabido, Galicia non controla de seu moitas facetas como son as políticas, culturais, económicas... no deporte, se cabe, é meirande esta marxinação.

Na miña opinión o deporte non debe ser un obxectivo secundario, senon que hai que darlle un verdadeiro posto, xa que no desenvolvemento da persoa humana xoga un papel fundamental.

Por suposto que me estou referindo a un deporte activo, a unha educación deportiva e non ao deporte espectáculo, presenciado por unhas masas de aficionados, que, na súa vida, fixeron o máis mínimo exercicio deportivo. Como exemplo disto penso nas prácticas que se realizan nalguns países asiáticos nos descansos dos traballadores ou das clases.


No Estado Español sempre se utilizou ao deporte como servidume da política, este tema é coñecido de todos.

No tema económico plantéanse sempre discusións, dise que primeiro hai que resolver o paro, vivenda, seguridade social, etc., como se o deporte fora un parásito que absorbera diñeiro da Administración sen motivo nen necesidade. Polo demais isto non é verdade, xa que as quinielas deixan diñeiro para as mutualidades, obras benéficas, Diputacions, etc.

Hai que aclarar que estamos barallando continuamente os conceptos "Deporte espectáculo" e Deporte como Educación Física e Deportiva", que a pesares de estar claramente diferenciados están intimamente ligados; o primeiro nutrese do segundo e a súa vez, contando como está isto montado, o segundo ten que financiarlo.

Por outra banda, a Educación Deportiva debe de ser un servizo público, e anque así sea, nunca será a fondo perdido, senon unha inversión rentábel, xa que mellora a saúde mental e física das persoas e axuda a aumentar a calidade da vida, sendo un remedio entre todos para o vazio que sofre esta sociedade.

¿Cómo lograr ise deporte activo en Galicia? ¿Cómo levalo ao medio rural e sacalo dese desastre que é nas cidades? Penso que hai que partir de dúas premisas esenciais: instalacións e concienciación das persoas. As dúas son importantes, xa que se o pobo está concienciado e non ten instalacións e medios pouco pode facer.



XOXARDO

As instalacións son necesarias como tamén o son as persoas preparadas para ensinar aos xovens.

Un dos meirandes problemas que existen é o dos ministerios que teñen, ou debían ter, algunha relación co deporte, e que canalizan os presupostos que non sempre van dirixidos aos seus verdadeiros destinos; e para colmo o órgano de unión entre estes ministerios non é un modelo de eficacia.

Hai que estruturar doutra maneira o deporte, creando unha autoridade encargada de vixiar esta faceta e acabando coa corrupción que é bastante importante.

En Galicia sería necesario crear un Organismo que leve esta parcela e distribua o diñeiro segundo as necesidades do noso país, sobre todo tendo en conta a dispersión da poboación.

A conclusión é que hai que crear unha concienciación do pobo e lograr que teña unha educación deportiva básica, e ao mesmo tempo crear unhas instalacións para poder satisfacer ese desexo; os triunfos, as medallas son cousas secundarias, pero chegarán polo seu propio peso se se poñen os cimentos.

XOSE LOIS REY POUSADA



Os Rueda veñen saídos.

CABODANO DA LEI DE CAZA

Dentro duns días, exactamente o 4 de abril, celebramos un cumpleanos: o cumpleanos da lei de Caza. Quizais sea este momento bon para reflexionar sobre os froitos de tal lei que desde logo parece que non convence e non contenta a ninguén.

Moitas son as queixas ouvidas ou lidas a través da prensa, desde o famoso lío das zonas de caza controlada, astra a eliminación (que continúa) das especies protexidas, pasando polo furtivismo, etc., etc., etc. Pero ao noso modo de ver, todas estas críticas á lei son parciais, contemplan só unha parte dun todo e ese todo é o que haberá que analizar. Non se pode querer resolver dunha parte o problema da escasez de pezas de caza, se doutra non se planifica o uso da terra ou dos montes veciñais, como non se pode pedir que un río teña troitas, aínda que se faga centos de repoboacións, se logo nesa lei non se contempla o delito da contaminación dese río como un delito grave, gravísimo, e non se toman medidas para que tal contaminación non se volva a repetir; pensamos no caso do Miño, que se morre, ¿non sería chusco repobar? ¿serve de algo a lexislación, se a hai; para impedir que o Miño ou ríos morran?

Non sei se os lectores comprenden o que trato de dicir: a lei de Caza é algo parcial, fala de "pezas de caza", non de fauna, e parece que a fauna en conxunto importa un pito, tendo soamente interese aquelas afortunadas pezas que alí se citan; fala asimesmo da xente divíndonos en dous únicos bandos: cazadores e propietarios. Ambos poden agruparse, decidir encol da lebre, do parrulo... ¿e os demais? ¿é que un simple paseante non pode gozar polo simple feito de ver un parrulo VIVO nadando por un río, da mesma maneira que tanta xente desfroita vendo ese mesmo parrulo a través da T.V.? ¿por que non se considera a figura das sociedades naturalistas, que coñocen tanto como calquer cazador a vida e andanzas dos animais, e que sen dúbida pisan o campo tanto coma eles, aínda que a súa arma sean uns prismáticos? E seguindo coa lei, ¿¿en nome de que lei se permite repobar con especies alleas, como o Colín? ¿en nome de que lei se permite e favorece a eliminación doutras so pretexto de "zonas de emerxencia cinexética temporal", sacadas da manga sen un estudo fondo previo, e o único fin de facilitar que algun pseudo-cacique lle dea gusto ao dedo?

Insisto na necesidade dun enfoque global do problema, e tal enfoque radical, ao noso modo de ver, na necesidade dunha LEI XERAL DO MEDIO AMBIENTE, na que a lei de Caza este englobada como un aspecto parcial, e a esa Lei Xeral deba estar supeditada. Nesa Lei Xeral débese contemplar a totalidade do territorio, o conxunto dos seus recursos naturais e unha planificación global que leve á explotación ou uso sen despoil-


farro, sen destrución, sen unha visión cativa, sen contraposición de intereses (por exemplo, celulosas con destrución dunha ría) e de modo que os nosos recursos e a nosa riqueza, desde a minería astra a produción forestal, pasando pola pesca e tantas outras, queden no noso pobo, evitando a superexplotación irracional actual. ¿Que pasa logo, con esta Lei Xeral do Medio Ambiente? Pois pasa que ao parecer aí camión de ser unha realidade, (naturalmente feita en Madrid, e, claro, non ia pór nas nosas mans, en mans galegas, os nosos recursos, non sexamos utópicos) pero quedouse, parece ser, en nada. O certo é que tal Lei Xeral ia baixo o "patrocinio" do M.O. P.U. e entón eu me pregunto ¿que pinta o ICONA? Tal pregunta lévanos a plantear outra: ¿que pasa entre os diversos organismos encargados do medio ambiente? ¿non é certo que existe certa tirantez entre eles por considerar que uns acaparan funcións doutros? ¿Coñecemos os cazadores galegos a existencia dese "mar de fondo"? Pero o ananese dos organismos que deberían mirar polo noso medio, debe quedar para outro día, que hoxe, o que celebramos é un cumpleanos, o cumpleanos dunha Lei.

E volvendo polo mesmo atrás, quero resaltar a palabra PLANIFICAR, pois consideramos imprescindible facer plans, a corto, medio e longo prazo, e, como vemos as cousas, parécenos que se carece desa necesaria planificación, pois calquera que non sea pitoño pode ver a todos os niveis, se esquilma hoxe e o que veña detrás, i que arreel, ven sendo como o cazador coa lebre "total, se non lle tiro eu, o

que veña detrás non a vai deixar marchar".

¿Onde está esa planificación? ¿Onde está a lexislación que faga posíbel? En ningures, pois a Lei Xeral do Medio Ambiente está en punto morto, do que se ignora se resucitará. A conclusión é que a lexislación necesaria e URXENTE que verdadeiramente potencie e conserve o medio natural, a nosa propia calidade de vida, a supervivencia das especies, que evite os enfrontamentos entre conservación e progreso (tal como moitos entenden progreso) está por facer, e o que hai é nada. ¿Que se pode protexer, como se intenta repobar, etc; etc, con nada nas mans? Acusamos ao Goberno de pospor unha necesarísima Lei do Medio Ambiente, antepondo intereses políticos e intereses de supervivencia, vitais para moitos seres que día a día se ven empuxados, incluso ao propio home, empuxando ao consumismo, ao despilfarro, a unha vida menos chea, menos natural, mais cativa. Nunca na historia do home foi máis acuciante a necesidade de planificar, de saber encol do medio, avanza a máis velocidade do que tardamos en contalo. Non é cuestión de espallarnos facendo unha crítica detallada, pero o certo é que a Lei de Caza é parcial, pobre sen unha lei global, e mentras tanto non a consigamos seguirá habendo enfrontamentos entre cazadores, agricultores, conservacionistas e autoridades, e seguirá habendo especulación do chan, furtivismo, mareas negras e incendios forestais. Amigo lector: para min, mais que un cumpleanos isto é hoxe por hoxe, un cabodano.

Patiño.

se lle vai viaxar
faga turismo
na "casa" 

A SUA CASA E SUA. E VOSTEDE VIVE COMO QUER E VAI ONDE QUER. AS CARAVANAS E COMPLEMENTOS CATUSA TEÑEN TODO O QUE FAI FALLA. ASTRA O PRECIO E BON.



CARAVANAS CATUSA

E COMO UN "LAR" PARA LEVAR NAS VACACIONS E FINS DE SEMANA.

Servicio Post-Venta garantizado

 **COMERCIAL LAMAS**

Perpetuo Soborro, 1
Telf. 217080
Lugo

Navia Castrillón, 12
Telf. 560704
Vivero

General Franco, 24
Telf. 450674
Puentes G. Rodríguez

A PESCA GALEGA E O M.C.E. Comentario a unhas declaracións

la escribir sobre a pesca galega e o Mercado Común Europeo, pero lin as declaracións a "5 días", do sr. Paz Andrade, especialista en pesca e asesor dos armadores, segundo reza a entrada, e non dei resistido a tentación de contestalas desde esta tribuna que o periódico A NOSA TERRA brinda.

Volvendo ao meu artigo, pensaba falar en primeiro lugar de cómo non se pode aillar un sector da economía galega se non é facendo antes explícito que a comparanza e estudo das consecuencias da entrada na CEE do Estado español abrangue globalmente á economía galega, e nese senso se dan as respostas á pregunta de se se está ou non a favor da entrada no Mercado Común.

En segundo lugar, pensaba delimitar o que entendo por pesca galega, xa que é evidente que non significa o mesmo para todo o que fala dela ou no seu nome.

E finalmente faría unha pequena historia de cómo foron astra de agora as negociacións Goberno español-CEE desde o ano 1977 e que marcan o futuro.

E posíbel que, aínda que con distinto orden na contestación a aquelas declaracións, queden ditos varios dos aspectos principais das consecuencias na pesca galega — da entrada na CEE do Estado español.

A opinión, do sr. Paz Andrade é, como recolle o xornal madrileño, optimista. E lóxico, refírese á pesca española, pero aínda así, e debido supoño ao afán de resumir para unhas declaracións de prensa, esquece algúns aspectos esenciais que invalidan ese optimismo. Base o sr. Paz Andrade a súa análise en dúas consideracións principais sobre dous puntos básicos das pesqueiras españolas:

1.— Que o réxime transitório de concesión de licencias e cupos vai desaparecer cando se leve a cabo a incorporación definitiva do Estado español na CEE, e 2.— Dada a capacidade de industria espa-

ñola conserveira e transformadora, así como a súa recoñecida calidade, abríronse moi falangueiras perspectivas para o mercado exportador español, ao contar con millóns de consumidores de alto nivel de vida que teñen os países membros da CEE.

Os aspectos esenciais son os seguintes:

1.— Cales foron as contrapartidas que xa houbo nas negociacións previas á entrada e cómo pre-delimitar o futuro da pesca galega.

2.— Cales son os intereses da CEE no sector pesqueiro e máis no industrial derivado, que é tanto como preguntar polos intereses dos monopolios do sector.

CONTRAPARTIDAS

Anota o sr. Paz Andrade o feito de que desde o ano 1977 baixaron as capturas (en peso) da flota española e o caso de que seguirán baixando astra que a flota española chegue ao número de unidades e potencias axeitadas para que no momento da entrada, como membro, do Estado español, acaben as friccións que na actualidade existen: é dicir, Irlanda (presionada por Inglaterra) e Francia (sobre todo, teñen intereses obxectivos en non taparen competidor forte na flota española); é e por tal aplicaron unha política determinada nas negociacións para as licencias que garanticen ese obxectivo último. Este conseguírase a traveso de dous medios:

a) Limitación na concesión de licencias no réxime transitório e limitación nos cupos de captura.

b) Reserva de certos caladeiros como de uso e propiedade exclusiva dos países ribeiráns, sendo, xa que logo, innegociábeis.

Coñecendo coma coñecen ese países membros hoxe da CEE a flota que faenaba nas súas augas, sómentes esas dúas medidas quedaban eliminadas aos

competidores do futuro, pois un barco sen licencia non podía faenar durante o ano nen pertecer a unha empresa monopolista con capacidade de resistencia.

Agora sería comenente clarexar que a MAIORIA de barcos de bandeira española que faenaban en augas comunitarias eran galegos. Das 240 primeiras licencias acordadas (1.977) 168 correspondían a galegos, e foi esta pesca de fresco galega a verdadeiramente afectada polo resultado das negociacións pesqueiras Goberno español-CEE e pola posterior política económica española. Tamén habería que engadir como xa naquela primeira negociación de licencias se perdeu de vez o caladeiro, de uso habitual para os galegos, ribeirán de Irlanda, con bancos de rapante e rabada.

Nembargantes, houbo unha contrapartida realmente gravosa para toda a pesca galega e de transcendencia moito maior que o número máis ou menos alto de licencias: foi a aceptación por parte do goberno español da eliminación de todo tipo de trabas á entrada de peixe fresco e conxelado e máis conservas e transformados procedentes da CEE: abriuselles a veda ás importacións comunitarias. Unhas cifras: No ano 1978, das 182.464 Tm. que importa o E.E. de peixe, moluscos e crustáceos, fresco e conxelado, 41.832 Tm. proceden dos países da CEE. No ano 1979, e referido só ao porto de Vigo importáronse: 23.364.323 kilos peixe fresco e conxelado; 16.018.188 kilos (Arxentina: merluza); 7.446.135 todo o mundo-Arentina, dos que 1.364.756 proceden da CEE. E se facemos unha análise por especies nese ano 1979, o maior porcentaxe en peso e valor correspóndelles ás especies denantes capturadas por barcos galegos que hoxe se importan.

De calqueira maneira hai dúas consecuencias das importacións moito máis importantes que esta anterior, e que son, entrando así no segundo aspecto do principio:

1.— Como a contrapartida a aquela concesión de licencias foi libre entrada de calquera produto do mar, está claro que entrou de todo e entre este todo non se poden esquecer aqueles produtos maríños competitivos cos galegos, cos que se colleitan ou extraen nas nosas rías e que en principio non se pensaría que o problema das licencias os puidera afectar: pois ben, a entrada durante as campañas do 77 e do 78 de chirla italiana, abondosa e a baixo precio, enchendo as conserveiras galegas, foi leña decisiva ao lume do can e vara tan conocido. Había que facer creer que o can tiña a culpa do baixo precio que se pagaba polo berberecho e máis pola ameixa, sen saber se era que a demanda dos mesmos estaba coberta pola chirla.

2.— Coas impotacións conseguíuse a un medio prazo relativamente corto aproveitar os hábitos de consumo dun mercado —o español— e cubriro coa pesca europea antes e que a entrada do Estado Español como membro de pleno dereito se produza. Así acelérase tamén o cambio de consumo de peixe fresco por conxelado e transformados (precociñados, semielaborados, etc) propio do interese que os monopolios tanto ESPAÑOIS como COMUNITARIOS teñen hoxe. E neste último aspecto onde atopan sitio as declaracións optimistas do Sr. Paz Andrade, non só asesor dos armadores señón voz dos máis poderentes a nivel español e directamente ligado ao interese daquelas empresas españolas que co descubrimento das mixtas albiscaron e albiscan dende a seguridade este período de transición cara á CEE: Son os grandes armadores de gran altura e conxelo, xunto con empresas de conserva asociadas ao gran capital estranxeiro, as que non van ter problemas nas relacións previas coa Europa dos monopolios, pois é o seu lugar económico natural; pero non utilizemos argumentos pseudo-técnicos para fecernos tragar a defensa dos seus intereses de clase!

M. CARMEN GARCIA NEGRO

AS PARADOXAS DO GALEGO NO ENSINO

O que levamos de ano escolar é extraordinariamente abundante en casos conflituivos relacionados coa noso idioma, sobre todo no seu uso no ensino. Isto non é nengunha casualidade, porque xustamente este foi o primeiro curso no que entrou en vigor o Decreto de Bilingüismo, promulgado o 21/8/79 polo Ministerio de Educación e preparado e avalado pola "Junta de Galicia". O tal decreto era a ferramenta legal que todos eles necesitaban. Compria neutralizar o proceso de galeguización do ensino era preciso "tomar" a mesma arma dos combatentes pola recuperación do idioma e atacar con ela, reducíndoo a unha asignatura e procurando así —a base de illalo totalmente, dándolle unha imaxe de produto socialmente inservible— a súa ruína definitiva.

A casuística represiva ao longo deste curso escolar (Corme, Viveiro, O Foxo, Malpica, Lalin,....) é moi longa e non temos espazo para enumerar todos os medios de presión e de coacción exercidos entre alumnos e mestres para impedir o uso do noso idioma.

O caso máis significativo, pola súa repercusión e polo seu desenlace, é o de Foxo, exemplo moi claro da actuación legal —tanto da Delegación e Inspección do Ministerio como da "Asociación de Padres"— obrigando ao mestre a dar as clases de galego e impedindo o ensino en galego que estaba a facer.

A resposta tampouco se fixo esperar e ben recente está a multitudinaria manifestación da Estrada.



Foto XURXO FERNANDEZ

Cando todo isto está sucedendo, a Consellería de Educación e Cultura da Junta aínda ten a ousadía de manifestar (29/2/80) que non houbo expedientes ou medidas disciplinarias contra os que utilizamos a nosa lingua no ensino e que o obxectivo final era a creación de centros monolingües, galegos dunha banda, españois da outra, en base á falacia da lingua materna do medio. E, aínda por riba, ante este panorama a Comisión mixta non ten mellor ocorrencia que difundir nos centros escolares de EGB, FP e BUP as programacións respectivas da asignatura de Lingua Galega, que merecerían un extenso comentario, pero das que só nos imos fixar nos aspectos máis rechamantes, máis cínicos e máis falsos.

"O galego na aula deber ser enfocado como lingua viva, creando situacións de aprendizaxe nas que o alumno teña necesidade de se expresar en galego, porque ten necesidade de comunicarse coa xente da súa fala e ten que aprender a velo mundo en galego."

"Enfoque preferencial cara ás necesidades máis inmediatas na actualidade, que o galego consiga ser instrumento útil de resolución dos problemas cotidianos..."

"Cara ás actitudes Superación do complexo de inferioridade e de infravaloración da lingua galega até chegar á normalización do seu emprego sen prexuízos de ningún tipo en calquera situación da vida cotidiana."

"Crear ou aumentar no alumno unha actitude positiva cara á lingua e cultura galegas."

Renunciamos a incrementar con máis exemplos esta antoloxía e remitimos ao lector interesado á propia lectura dos textos citados. Limitámonos hoxe a formular algunhas cuestións.

¿Como se pretende convencer os alumnos da necesidade social de algo que se reduce a unha asignatura de 3 horas semanais? ¿Como se vai ver o mundo "en galego" se se segue ignorando no ensino que Galicia é unha nación sometida, que o galego é unha lingua dominada e que a súa recuperación pasa pola liberación nacional?

¿Por que vías se pretende facer "cotidiano" o idioma galego cando se esta im-

pedindo —desde a mesma legalidade— o seu uso e cando o seu avance social se esta a reprimir con toda caste de medidas?

¿Por que extraño apostolado se vai conseguir extirpar o "complexo de inferioridade" dos alumnos galego-falantes (notemos que este "obxectivo" figura na programación de Formación Profesional xustamente o sector que está destinada a preparar man de obra cualificada e barata para a emigración) cando se lles esta impondo como idioma útil e necesario o español?

Da mesma maneira, ¿como imos "crear" ou "aumentar" no alumno unha actitude positiva cara á lingua se se estan mantendo desde o primeiro momento as súas posibilidades de expansión e a reintegración ao galego dos español-falantes? Tam pouco aquí non é casualidade que esta encomenda está pensada para os alumnos do Bachillerato.

En resúme, que alguen nos explique por que se están gastando cartos, tempo e enerxías en planificacións que non serven para nada —a non ser para confundir— porque están viciadas desde a mesma base.

O único positivo e que —á vista dos sucesos que vivemos— a alternativa cada vez está máis clara. Faise ensino galego en galego, normalízase a lingua usándoa e difundíndoa, facéndoa pública e necesaria socialmente, impondo, en definitiva na práctica o USO COMO DEREITO.

M. PILAR GARCIA NEGRO
JOSE M. DOBARRO PAZ

AS POSIBILIDADES DUN DEREITO GALEGO

JOSE-LUIS FONTENLA RODRIGUEZ

Se aceptamos a división mesmamente cartesiana do Dereito Público e Dereito privado, certamente que en Galicia na idade moderna non houbo dereito público, ficando o que podemos chamar dereito galego restrinxido ao dereito civil que se recolleu na chamada "Compilación do Dereito Civil da Galiza", no ano 1963. Este pequeno "Código civil" galego recolle unha serie de institucións de orixe clara no costume, fonte do dereito fundamental de Galicia.

Certamente Galicia estivo carente de institucións políticas das que pudesen emanar un dereito público non tivo órganos administrativos ou xurisdiccionais dos que naceran resolucions ou normas. Esta carencia institucional secular vai deixar sen resolver moitos problemas propios da nosa comunidade nacional no eido público, do mesmo xeito o que no eido privado a "Compilación do Dereito Civil de Galicia" non deixa de ser un recoñecemento da existencia dun dereito peculiar nese eido, aínda que moi pouco desenvolvido, que tampouco ven resolver problemas civís importantes en referencia ao uso e tenencia de determinados bens (montes, augas), nos mesmos costumes galegos mellor recolleitos, ou noutras figuras do dereito de herdanza (testamento macomunado, aportacións, melloras) ou en relación mesmo á propiedade agraria (Compañía familiar, parceria, etc.).

A parroquia mesmo vai ficar ao marxe de calquer posíbel regulamentación que lle outorgue persoalidade xurídica de seu, e os conflitos nados das relacións de vecindade ou de controversia entre os particulares, van ser resolvidos aplicando un dereito alleo, xa sea no eido do dereito privado, xa no público. Igualmente o idioma vai ser proscrito da xusticia e dos órganos administrativos, situación que aínda hoxe perdura.

Galicia, en resumo, carece de institucións públicas e en canto as institucións de dereito privado ou ben desapareceron nalgún caso ou resultan ineficaces na súa regulación actual ou mesmo agredidas pola intromisión doutra lexislación allea que desfigura as institucións (p.ex. a administración dos montes).

SEN ORGAOS DE PODER NON HABERA DEREITO PUBLICO

Se a Real Audiencia de Galicia e mais a Xunta do Reino de Galicia de finais do século XV, que tiveron certo peso no seu tempo desapareceron, a primeira no 1858 e a segunda xa no 1834, (aparte de que

estaban en total situación de dependencia en relación aos organismos superiores da Corte española -Consello de Castela e Coroa-) ben se pode afirmar que a comunidade nacional galega estivo esenta de órganos de poder de seu, mesmo astra os tempos da actualidade.

Non abonda con falar do rexurdimento do provincialismo, do intento do federalismo xa no 1883 de dar vida ao "Proxecto de Constitución para o futuro Estado Galego" do mesmo Estatuto de Autonomía de 1936, plebiscitado no 28 de xuño favorablemente, ou da preautonomía actual, coa constitución da Xunta de Galicia no ano 1978.

Esta claro que Galicia non dispón de órganos de poder propio dos que poda derivarse un dereito público. Aínda non foron creadas institucións lexislativas propias e menos aínda do poder xudicial, que no Estatuto de Autonomía para a Galicia actualmente quedan moi por embaixo das necesidades reais do Pobo Galego para se autogobernar e dispor dos seus medios de produción, de forma axeitada.

Poderáse dicir, de todos xeitos, que da Xunta de Galicia, nada da preautonomía, se derivaron xa normas de carácter administrativo e político mesmo, que xa veñen recollidas, en bilingüe, no "Boletín Oficial da Xunta de Galicia", do que van publicados 8 números. Isto non desboya a opinión de que non existe aínda un poder normalizado que sirva para rexer a comunidade nacional galega, facendo abstracción mesmo da Constitución española actual, que limita grandemente os dereitos nacionais de Galicia, Euskadi e Catalunya.

Non abonda con dicir tamén que nos consensos previos extraparlamentarios e durante o procedemento legal establecido pola Constitución española no artigo 151, os bascos e cataláns sufriron agravios nos debates e discusións dos seus Estatutos de Autonomía, con momentos de grande tensión e conflictividade e que os seus Estatutos tampouco alcanzan o teito máximo admitido pola Constitución española de 1978. Galicia, con menor peso específico por carecer dunha correlación de forzas favorable, sufriu tamén a humillación do consenso centralista e as consecuencias da dependencia colonial en que se atopa.

"RACIONALIZACION" AUTONOMICA

Dificilmente coa legalidade actual e tal como se planificou o proceso político podía resultar doutro xeito. Así, a "racionalización" encetada cos Estatutos basco e catalán, aínda que non se dixera, acentuouse astra límites insospeitados no Estatuto Galego, co contubernio -dígame o que se diga- dos partidos centralistas, a pelexa



impotente dos partidos galegos autonomistas e a indiferencia politizada dos nacionalistas, que optaron polas posicións federalistas das Bases Constitucionais. Véxase senón a inclusión da famosa disposición transitória segunda, que remite as competencias á decisión das Cortes españolas.

Non hai, pois, base algunha para manter a existencia dun dereito galego público desenvolvido, no actual momento. E a resultas fica o seu nacemento das institucións políticas que se creen a partir do re-

sultado do Estatuto de Autonomía, sen esquecer que ademais dos límites da Constitución española, do propio texto do Estatuto -o actual ou outro- e das Leis especiais de Financiación das Comunidades Autónomas, da do Referendo, etc. (elaboradas de forma anticonstitucional e sen ter funcionado previamente o Tribunal Constitucional, único que debería ter entendido na materia) existen tamén limitacións, políticas de "facto", ao estar o partido do goberno en maioría, condicionado pola propia concepción da cúpula sobre o tema, ou non haber incidencia real do nacionalismo galego fronte ao españolismo.

Daí a "racionalización" progresiva das autonomías acentuadas no caso galego por "razón de Estado", os chamados conflitos UCD-Galicia/UCD-Estado, que tamén se deron e dan no PSOE e PCE, por ser inherentes á estrutura deses partidos centralistas e consecuencia da dependencia colonial da Galicia. Nunha palabra, siquese a facer política española na nosa nación que non política galega, mentras os partidos españois mesmo se atreven a afirmar que non son sucursalistas respecto de Galicia, cousa que xa ningún crei, malia o PCE e o PSOE anden a xogar co maior oportunismo co "non" ao futuro referendo do texto autonómico galego, cando xa aprobaron a Lei do referendo, que atenta contra a formación social galega directamente e é mesmo anticonstitucional.

Posibelmente cando haxa "reparto" de consellerías e outros posíbeis pactos, que xa se albiscan para acceder ao Parlamento Galego, por parte do PSOE e de UCD, marxinando ao PCE que o único que procura é precisamente non ser marxinado, e aos partidos galegos, nacionalistas e autonomistas, estas posicións varíen, do mesmo xeito que algun partido galego autonomista pode replantexarse o seu voto negativo ao Estatuto por motivos semellantes.

Por iso, de momento, falar das posibilidades dun dereito galego acaído é desde logo algo prematuro.

Para outra ocasión deixaremos a referencia obrigada ao dereito privado e ás súas institucións, que van estar moi condicionadas pola aparición e consolidación diso que dimos en chamar dereito público galego. Veremos como p.ex. se o Estatuto seguiu un mal camiño coa disposición transitória segunda, famosa e o rebaxamento das súas competencias, o dereito privado galego non foi tampouco desenvolvido, desaproveitándose mesmo a súa revisión decenal no ano 1973 e outras posibilidades, a pesar do clamor unánime dos xuristas galegos no I Congreso de Dereito Galego de 1972.



SERART, S.L.

SERIGRAFIA ARTESANA E INDUSTRIAL
TERMOIMPRESION * FOTOMECANICA

- CALENDARIOS TEXTILES * AUTOADHESIVOS
- CAMISSETAS * BANDERINS * ZURRONS
- TALEGAS * CARTEIS * PEGATINAS * VISERAS
- GORROS * CHALECOS * PARASOLES ETC.

¡ ESTAMPACION EN DIVERSOS TIPOS DE MATERIAIS !
CALLE GERONA - TELEFONOS: 296762-234880 - VIGO

NECESIDADE E SATISFACCION

O tempo que vira vai facernos reconsiderar os plantexamentos que fixeron do tempo que nos tocou vivir unha especie de inferno disfrazado de xardin das ledicias da tecnoloxia electronica super-sofisticada que nos ten a todos coa boca aberta, pasmados, tragandonos os fumes dos fornillos rudimentarios que sosteñen por atras do escenario toda a comedia a base de queimar enerxia convencional, que pendera pertencer aos derradeiros cartuchos.

Os mais aivados, que empezan a decatarse do calexon sen saída no que estamos metidos, estan pensando en montar especies de consultings -que iso viste moito-, nos que se poda dar solucion a tanto mal creado polo fastuoso progreso, con cerebros electronicos importados da millonaria marcas e para os que se ofrecen cretos co diñeiro de todos. Nesta feira da recesion da sociedade da abundancia, hai de todo. Os aparellos supersofisticados, e "super-nonse" cantas cousas mais, deixan despenalizados todas as demais cousas, das que aínda estamos pagando os derradeiros prazos, como solucion para superar o bache coituntural -outra palabriña que lle vai ben a este mundo. E para curar tanto stres e tanto surmenage que padecen os feirantes ofrecense increibéis hospitais que se espera non resulten mal tamen como negocio, que unha cousa non esta rifada coa outra.

Mais cando estes derradeiros listos empezan a progresar todos, tamen eles e nos decatámonos que xa se acabou o carbon para soster tanto disparate e non e posibel que os que sempre usufruaron a historia e fritiron os recursos do mundo nas tixolas cuxo mango teñen ben agarrado, rematen a festa, xa imposible de continuar, cunha traca final, un espectáculo apocalíptico e dantesco de misiles atomicos e neutronicos desfacendo pode que toda a memoria do home, o cal, por outra banda, resultara un alarde de resposta a capacidade tecnica. Lastima que desta lería non queden historiadores para contalo nen beneficiarios da experiencia.

Nese intre, Galicia, que habera alcanzado xa a autonomia suficiente para chorar a total perda dos seus recursos vendidos polos vendidos de dentro e de fora, convertidos todos os galegos en criados e peons e nosas mulleres en furcias, dos que viñeran de fora a convertir os nosos eidos no xardin das ledicias desa super-tecnoloxia electronica que pasma, que tera emporcado a nosa verde terra da que nun tempo soñamos ser señores, o espectáculo apocalíptico, que tamen nos viria de fora, evitaríanos o suicidio colectivo ao que nos tería conducido a nosa desesperación.

Desgraciadamente o que vai escrito non e ciencia-ficcion. A violencia que esta despertando no home sumada a tecnoloxia, que multiplica a violencia, non e mais que unha resposta do home a violencia do seu moderno entorno no que se teñen violentado todas as formas de convivencia e habitabilidade de man da especulacion. Crer que o home ia ser o mesmo desterrado do seu entorno tradicional, do que era unha resposta, iso si que era ciencia-ficcion. A súa crianza nun medio tan alleo, e alleante, ao seu natural non podia dar mais que os resultados que estamos vendo no seu comenzo, e por suposto, esta observacion non e miña. Mais esta violencia, arrebatando tantas vidas e desmantelando tantas cousas non e mala para certos sectores que ven incrementadas as vendas de armas para o terrorismo e para o fabuloso equipamento do anti-terrorismo que, con non menos fabuloso dispendio, e sempre importado, teñen que facer os Estados.

Tampouco e miña a denuncia de que se esta acabando o carbon. Xa antes do 73 quen via xa via vir o problema enerxético. O conflito deste ano no canal o unico que fixo foi destapar algo que xa esta

bá fervendo desde facia tempo, e viña ben para botarlle a culpa aos árabes a precio modico.

A partir do 73 empezase a ver que as asombrosas calculadoras super-electronicas non calcularan ben e o desarrollismo empezaba a meter agua por todas partes no sistema producindo a crise en cuxo comenzo nos atopamos. Os economistas mais sisudos saben que a maquina creada empezou a comerse os seus propios fundamentos para producir cada vez a mais altos custos algo que cada día satisface menos necesidades. ¡E coa cantidade de fio demagoxico que se ten librado para facerlle crer aos que sofren a historia que as cousas tiñan cambiado!

ALGUNS PUNTOS CONCRETOS

E posibel que o 50 por cen do esforzo das nacións industrializadas de occidente estea adicado ao sector do automovil ou a cousas que de algun xeito teñen relacion directa ou indirecta con el. Aquí temos as nosas cidades atiborradas de automoveis a pesares de todas as amputacións que se teñen feito nelas para gardar e conducir automoveis. As grandes vilas convertíronsen en infernos intransitables e abafantes. Os urbanistas estaban empezando a concebir cidades adaptadas ao fenómeno automovilístico, mais a estas alturas xa non saben se chegaran a tempo. Velai a reconsideracion que se impon nunha das necesidades que se teran de satisfacer no futuro, e nun dos campos mais difíceis e costosos da produccion do home.

Os que se chaman cerebros economicos saben que desta vez as aguas non voltaran ao seu canle da mesma maneira, e que as relacións de produccion e de traballo e o mesmo ordeamento do espacio e da estrutura interna do mundo sufriran unha profunda mutacion na saída desta crise, se e que nos deixan sair dela vivos.

Peró non vai ser so neste sector a reconsideracion das necesidades e a súa satisfaccion pois en todos os demais sectores proporcionalmente as necesidades estan infladas. Velai a fabulosa construcion especulativa, armada de poderosas maquinas, arrasando todo e deixandonos sen memoria, substituíndoa por un falso racionalismo que axiña se vai convertir nun monton de escumbras arrepiantes. E así todos os demais espazos tamen estan enchidos de aparellos que a volta dun ano xa non funcionan porque estan retorcidos e oxidados e tamen porque o seu deseño quedou sen pena rapidamente xa que resultou ser mais voraz a sociedade de consumo que o foron os seus propios deseños.

Dibujo XURXO FERNANDEZ



Teño television, automovil, nevera, tocadiscos con radio (todo na mesma peza), cociña, lavadora, maquina de dar cera, maquina de afeitar e de bater as emas. Telefono na casa, telefono na tenda, o meu fogar parece unha central eleutrica.

Asi dira o Paco Pixiñas do romance de Celso Emilio Ferreiro sospeitando que o seu diñeiro lle ten alterado o seu entorno con tanto aparello que lle meteu na súa vida unha sociedade que lle tiña preparado un icho e que o ira illando da súa identidade, da súa orixe.

AS RESPONSABILIDADES EN ABSTRACTO

¿Quen son e con que intencion designaron un mundo así? Iso xa se ira vendo se alentamos porque se os descubres agora poden botarche un foguete e tampouco te enterarias. A inflacion das necesidades ven producíndose pola inflacion xeral do diñeiro cuxo control teñen os que teñen as tixolas polo cabo dos Estados. A inflacion traballa roubandolle unha parte do valor aos sectores produtivos en favor dos especulativos que non producen nada. Se non houbese fio demagoxico en todos nos a lería non prendería, pero haino e uns intereses utilizan para liar e embarullar unha situacion que lles conven astra un determinado nivel para ir tirando cunha man do fio que van ceibando, na aparencia xenerosa, coa outra. A lería non estaba mal calculada, se non fora porque os recursos non resisten. ¿Que facian enton as calculadoras esas?

Manexado o mundo por intereses especulativos -que non hai que confundir cos intereses conservadores doutros tempos- xa calquer cousa e posibel. As contradiccions aboian. Namentras tantas cousas estan por facer, por facer ben entendese, unha mancha de homes non teñen onde ocupar os seus brazos. Emprendese con desespero o relanzamento de sectores que se queren salvar con ultra-tecnica cando a ferida esta no seu principio, queres salvar o futuro con enerxias non tradicionais montando plantas en eidos onde a tradicional sobra e polos intereses especulativos exportase con gran perda. Etc., etc.

Este despilfarro pode ser un negocio para un sector mais a degradacion que produce no mundo habitado polo home, en permanente dialogo un co outro, alterara o comportamento do ultimo que neste

carnaval non se sabe por onde vai sair. Cun mundo enchido de Paco Pixiñas non e posibel concebir moitas esperanzas e menos pensar en facer unha revolucion, mais cos fillos dos Paco Pixiñas que seran unha resposta a civilizacion do despilfarro as cousas poden complicarse.

O PROBLEMA IMAXINADO NA NOSA TERRA

Cando os nosos homes voltan ao seu rueiro, mais ou menos influidos pola cultura do Paco Pixiñas, construíran un chaleño copiado dunha revista calquera, -venda unifamiliar, -inada de rueiro!, -de acordo coa lei do chan que nos deron desde Madrid feita por un señorito que ten feito moitos "chalecitos" na serra de Gre-dos pero que descoñece a historia de España e menos a de Galicia)- e os nosos homes encheran os seus chaleños de todos eses aparellos electronicos aos que o seu salario lles permite chegar, e os nosos homes poden sentirse en certo senso conservadores do nivel que teñen conquerido sen que vexan o icho que garda e que día a día ira facendo as suas economias mais dependentes. Abandonados os nosos rueiros nos que se ten conservado por tradicion oral durante seculos o mais grande tesouro que temos os galegos, o noso idioma, seran substituídos por chaleños unifamiliares despersonalizados, sen tradicion e sen futuro que poboaran a nosa paisaxe cuxa contemplacion nos animara a morrer canto antes. Mais tratase por aca de pura imaxinacion pois aínda que o problema o temos xa na casa o sangue aínda non chegou ao rio, no que se refire ao noso agro, mais para o resto o que quera entender xa enteride.

¿TEN SOLUCION O PROBLEMA?

Namentras tais cousas acontecen no mundo a luz electrica nos ten axudado a ver algunhas cousas e xa por unha banda estamos vendo que o arte como un feito empirico, que tampouco se salvou da especulacion, vai ser a cada intre un fenomeno mais raro que vai perder rapidamente a clientela. Hai demasiados xenios e demasiado culto a persoalidade. Como nos outros sectores estase a pedir claridade e comunicacion con todos sobor dos problemas comuns de fondo.

Se o home cerra os ollos a realidade profunda, pechándose na súa torre de marfil con ideas asepticadas e abstractas, o unico que estara a facer e mitificar a realidade, decorando a realidade, tapandoa e encubríndoa para servir, consciente ou inconscientemente a outros intereses que non son os dos homes en comun.

Un grupo de arquitectos, designers, economistas, sociólogos, ecólogos, xentes preocupadas pola arte como un sistema de comunicacion, filósofos e historiadores de distintas procedencias, van intentar reunirse este ano en Galicia para discutir este problema da necesidade e da satisfaccion en procura de acadar unha optica e de buscar un pouco de luz nesta intrincada fraga de problemas na que estamos.

Coda

Neste xardin das ledicias da superabundancia e do despilfarro, no que de algunha maneira todos colaboramos aínda que de distinto xeito e sorte, falase de que o xardin esta construído por sistemas economicos, e falase moito de economia cando a economia parecenos que era todo o contrario ao despilfarro e un vaise con tanto barullo na cabeza que xa non sabe de que clase de terrorismo e do que nos estan a falar todos os días.

DIAZ PARDO

A IGREXA EN GALICIA NA DECADA DOS SETENTA

A Igrexa en Galicia na década dos setenta é facilmente analizabel porque tivo a oportunidade de presentarse ao público periodicamente a través de dúas carles as sesións do "Concilio Pastoral de Galicia" (CPG) e, as xuntanzas dos **Coloquios e Cruceiros**.

... PARA QUE TODO SIGA IGUAL

O CPG arrinca de 1966, ano conflitivo, ano definitivo na contestación dos seminaristas, dos movementos apostólicos e do clero —do pequeno sector que esixía unha litúrxia en galego e unha superación das formas autoritarias nas dióceses. Pero, morto en 1972 o seu promotor cardeal F. Quiroga, so comenza en 1974. O dito Concilio amosa dúas facianas aparentemente opostas. Unha elaboración de conclusións apegadas a letra do Vaticano II, con cláusulas de certa forza de identificación coa realidade galega, v.g., cando pide unha litúrxia en galego en todos os templos, ben na totalidade, ben en coexistencia coa española, cando denuncia a opresión das clases traballadoras obrigadas a emigración etc. E doutra banda, ao desbotar unha análise obxectiva como a que ofrecían as enquisas do DIS, as formulacións da Asamblea Conxunta de Bispos e Cregos, reducíndose á presenza dunha "élite" fiel ao episcopado e resignada. A ausencia das persoas máis destacadas da transformación eclesial galega foi froito dos métodos de presión, das curias e da desesperanza dos grupos vanguardistas. A verdade, o CPG ocasionou gastos, en gran parte financiados pola fundación Barrie de la Maza, esgotou cinco anos de xuntanzas e formulacións e todo para nada. As conclusións están aí, arquivadas, pero nen os bispos, nen os concilia-

res as levan a práctica en absoluto. Parece mais ben unha bulra, senón estivese clara a manobra, "reformular para que todo siga igual". ¿Qué outra cousa pode definir nesta década a Igrexa oficial? Que é fiel a involución xeral do 70, reandar os pasos e esperar. Fiel á Conferencia episcopal española e "reforza" as súas consignas v.g. no caso dos cregos presentados ás eleccións as Cortes e aos Concellos. Fiel á alianza coa burguesía —digamos UCD— con palabras denunciadoras da depresión de Galicia para apoiar aos monopólios, a Uteco, as Federacións de Pais de Familia e a autonomía, como forma de redistribución do poder na obstaculización da liberación social e política.

Remata a década coa posta en marcha por esa Igrexa dunha campaña en favor do ensino privado, fonte de liberdade dos poderosos e de discriminación dos traballadores. Así e todo a Igrexa oficial só ten ao seu favor un clero canso, envellecido, desconfiado. Os beneficios can na man dos neointegrados, únicos que saben a onde van, a unha restauración confesional do catolicismo. Creo que en vano. E unha pena, porque os signos dunha busca da profundidade cristiá están aí, vivida a comunión dunha fe sen o poder.

O SERVICIO AS INSTANCIAS ESTATUTARIAS

Os coloquios de parroquias, logo chamados Coloquios galegos de cristiáns, foron ao principio unhas conversas de cregos. Evolucionaron amplamente. Participación progresiva de leigos, uso do idioma galego en exclusiva, temática máis e máis radical. En 1975 serviron de encontro aos

sectores dispostos á loita antifranquista. O número de cregos rebautizados nos Colóquios foi alto. Deron deste xeito orixe a unha "nova conciencia de Igrexa", comunidade ao servizo da fe liberadora, encarnada por tanto en cada nación da que asume cultura e identidade local.

Coa reforma democrática os Colquios entraron nun **impase**. A saída foi diversificada, dun lado os mesmos Coloquios cada día máis abocados as análises e as confrontacións coa realidade e de outro, nacen os **Cruceiros** nun intento de vivencias comunitarias de fe e na busca dunha expresión propia desta en Galicia. A revista Encrucillada sirve de voceiro de ambos. As romaxes —a Fonmiña e Aguiño— serviron de proclamación desta igrexa. A publicación catecumenal Boa Nova quedou tamén atrapada por esta corrente e, hoxe, a Asociación **IRIMA** dá forma xurídica a estes grupos. Perto destas tendencias están as **igrexas populares** de certa consistencia na Coruña e arredores.

Todas estas formas de ser **igrexas** co-daron sempre de estar en comunión coa xerarquía, pero exercendo a contestación que amainou a partir de 1977. Uns cregos deixaron o ministerio esgotados na loita. Outros uníronse ás vivencias cristiás os compromisos políticos concretizados en partidos e coalicións. Moitos seguiron sen atar os mallós destes compromisos. A diversificación trouxo algunha **ralentización** ás xuntanzas, e impuxo unha lenta clarificación "uns na fe, diferentes nas opcións sociais". Igual diversificación nos leigos; este máis globalmente incorporados a sindicatos e partidos. Unha mostra insuficiente, pero algo indicativa, das preferencias sociopolíticas desta igrexa ofrecérona os suscriptores á Encrucillada.

PPG	18 por cen
D. Cristian	8 por cen
ANPG	11 por cen
Socialismo nacionalista	32 por cen
UPG	8 por cen
Socialismo	14 por cen
UCD	9 por cen
Outros	6 por cen

(Encrucillada, 11, p. 112) (1979)

Este enquerito fíxose a principios de 1979. Posibelmente teña variado, pero é algo sorprendente o alto número de firmantes colectivo **Realidade Galega** entre persoas comprometidas con Encrucillada. ¿Estaban agachadas no PPG? Calquera lé este colectivo que asume autonomía de Galicia, como unha trapela para adoutrinar e servizo ás instancias estatutarias.

¿Qué aporta esta liña eclesial de novo? ¿Ten asumida a secularizada social e a función profética dunha igrexa normativizada polo Novo Testamento e libre de fame de poder? ¿Síntese libre e capaz de diálogo fondo con todas as opcións políticas e con todos os colocados nos diversos eidos revolucionarios ou reformistas? O teólogo Chao Rego escribiu, aos poucos días de saír a luz R. Galega, un art. sobre o "home vulgar" como suxeto da historia. Se hai algo que cheira en certos sectores desta igrexa é un "certo senso de autosuficiencia" e de non acabar de abandonar o dirixismo. Pois, amigos, compre entender dunha vez para sempre que a **Igrexa non pinta nada, non xoga neste taboleiro** da toma de decisións alternativas para Galicia. A Igrexa mira aos oprimidos, solidarízase cos maldecidos e **transparenta** a súa acción por enriba do razoabel.

FRANCISCO CARBALLO

AS IRMANDADES DA FALA

1.- SEMANTICA E CRONOLOXIA

Xa que a semántica tampouco é neutral, compre ser precisos na rotulación que lle poñemos a cada un dos tramos do movemento galeguista, e en especial ao período 1916 a 1921. Para algun (por exemplo para R. Villar Ponte) este período deber ser chamado "xeneración do 16", para outros (por exemplo para Cores Trasmonte) "regionalismo de 1916". Méndez Ferrín nun artigo maxistral publicado no ano 1972, chamao "xeneración Nób". Alguén, menos preciso ou máis ditirámico, o califica como "xeneración Risco".

Co fin de ofrecer datos para unha correcta calificación, penso que debe rexeitarse a titulación "xeneración do 16" pola clara referencia ou alusión a unha xeneración literaria e as Irmandades foron moito máis que iso. Hai un pensamento económico, social e político que penso que non quedaría suficientemente recollido nesa titulación. Menos axeitado parece chamarlle "xeneración Nób". O grupo ou xeneración Nób (no que se integraron a maior parte dos membros das Irmandades) xurde precisamente cando desaparecen as Irmandades como solución política. **Nób** é unha opción cultural, aceptada e protagonizada pola mellor intelectualidade galega do momento, que aparece cando se constata o fracaso electoral das Irmandades e cando se planifica unha acción de longo alcance a culturización do pobo como etapa previa a unha conciencia política. O feito de que Risco fora o home máis destacado do grupo e da revista, convida a algún a darlle ese tido, evidentemente desafortunado, de "xeneración Risco".

Coido, por conseguinte, que a etapa 1916-1921 debe ser chamada como a chamada como a chamaron eles mesmos: **Irmandades da Fala**.

2.- COMO XURDEN AS IRMANDADES

Aurelio Ribaltá funda en Madrid no ano 1915 a revista "Estudios Gallegos" co fin de traballar en favor da cultura galega. O grupo redactor da revista decátase de que a Galicia comprelle rescatar a súa personalidade ao través da supervivencia e recuperación do idioma galego. Esta chamada á defensa idiomática atopa en Galicia eco no xoven periodista Antón Villar Ponte que convoca unha asemblea na Coruña o 18 de maio de 1916 e na que participan o mellor do galeguismo decadente da Solidaridade Galega e os intelectuais daquela cidade. Elaborase un Regulamento e defínese o obxectivo fundamental da Irmandade: A defensa do idioma. O 28 do mesmo mes e ano fórmase en Santiago a Irmandade, baixo a presidencia e dirección de Porteiro Garea. No seu discurso, Porteiro desborda plenamente os límites lingüísticos. A Irmandade e para "afirmar e adoptar a nosa personalidade rexional coas liberdades que lle compre e pertencen, compatíbeis coa unidade española". En poucos días o idearium das Irmandades progresara en forma ben visíbel, de ser unha asociación para a defensa do idioma pasou a ser a célula reactivadora dunha tarefa moito máis ambiciosa: a recuperación das liberdades do pobo galego. En novembro deste mesmo ano aparece A NOSA TERRA, órgano oficial das Irmandades que se espalla e lee nas vilas e cidades, ao tempo que xurden irmandes en Lugo, Pontevedra, Monforte, Ourense etc.

3.- EVOLUCION DAS IRMANDADES

No breve período que vai de 1916 a 1921 verifícase un progreso cualitativo nos plantexamentos das Irmandades. Desde o comenzo hai dúas tendencias moi marcadas a **cultural** e a **política**. Para moitos (especialmente queremos salientar a Risco, Otero Pedrayo, os irmáns Carri-

etc.) o movemento tiña que ser potencia dor da cultura galega en canto que asumía e valoraba a nosa diferenciación cultural non excluída a raza. Rexeitan o compromiso directamente político, aínda que teñan que toleralo cando se impon a liña política. Para outros (Porteiro Garea, Peña Novo, Cabanillas, Losada, Reguezo, os irmáns Villar Ponte etc.) o movemento ten que ter como obxectivo dominar o poder mediante unha acelerada concenciação galeguista e o recurso aos medios legais (daquí a presenza das irmandades

nas eleccións de 1918). Esta segunda liña foi a que se impuxo e isto creou a necesidade dunha profundización na problemática económica e social do país, que produxo análises como os de Rodrigo Sanz, Peña Novo e outros que revelan astra que punto penetraran no problema galego.

Esta opción política determíña a radicalización nacionalista das Irmandades. No mesmo ano da aparición das Irmandades, os partidos centralistas decátanse do perigo dunha formulación autonomista en España (o exemplo catalán era moi significativo) e tentaron de "domesticar" o rexionalismo. Daquí que no Congreso rexionalista que se celebra en Santiago no ano 1916 estean representados o partido carlista, con Vazquez de Mella, o partido maurista co Marqués de Figueroa como santón, os lebreles de González Besada e astra os católicos de Herrera Oria apoiados por un sector clerical dirixidos polos xesuítas. Nesta Asamblea Rexionalista Galega participan tamén os das Irmandades que se sinten na necesidade de radicalizar as súas posturas para separarse suficientemente destes tenues e coxuntuais rexionalismo. Por iso son os únicos que falan en galego e os únicos que se chamaban nacionalistas.

Froito igualmente desta politización serán os pactos cos cataláns. Unha delega-

ción das Irmandades (Porteiro, Villar Ponte, Rodrigo Sanz e Peña Novo) visita Cataluña e conferencia con Cambó e o seu equipo. Este pacto (que implicara a presenza destes líderes cataláns en Galicia na propaganda electoral do ano 1918, e que posibilitará aos das Irmandades mercar o xornal El Noroeste, con cartos cataláns) incidirá en forma moi importante no futuro das Irmandades. Estas teñen que facer un replantexamento dos seus programas, económicos e sociais e se, por unha parte, salientan a autonomía integral como fórmula futura política (Congreso de Lugo de 1918), por outra, renuncian totalmente a todo plan revolucionario de reforma social, especialmente agraria, que apenas atopa un lugar secundario no seu ideario. Quizais isto explique o divorcio manifesto entre o movemento agrario que seguía o seu camiño baixo o liderazgo de Basilio Alvarez e as Irmandades cun programa tibio, de pequena burguesía provinciana.

4.- A DESAPARICION DAS IRMANDADES E O GRUPO NOS

O fracaso electoral de 1918, a morte de Porteiro e o papel crecente que nas Irmandades ten Risco, explicara o cambio cualitativo que se experimentará nas Irmandades. Na Asamblea de Vigo (1921) empezan a imporse as teses de Risco sobre a necesidade de facer das Irmandades un fronte cultural e apolítico, pero será na Asamblea de Monforte (1922) onde triunfe definitivamente esta liña: "O nacionalismo, dise alí, non ten nada que ver coa política" (A Nosa Terra, n. 158). Pechabase unha etapa e escomezaba outra. Morrían as Irmandades e aparecía Nos. O liderazgo de Porteiro xa tiña substituído: Risco, que sería para o futuro galeguismo algo máis que un líder.

XOSE R. BARREIRO FERNANDEZ

ENCOL DO SUICIDIO

(En Lembranza do Profesor Dr. ROBERTO NOVOA SANTOS)

Desde fai moitos anos, o suicidio, atópase entre as cinco ou dez primeiras causas de morte na maioría dos países europeos incluído os Estados Unidos. E mais, resulta importante destacar, como as taxas de mortalidade diminúen nas últimas décadas en relación a moitas enfermidades somáticas, feito que non é observábel para as taxas de suicidio. Por outra banda as investigacións constantes dos expertos en suicidios, demostrannos, que nos países en desenvolvemento, o problema do suicidio ten unha importancia extraordinaria astra agora non sospeitada.

A lectura sobre o suicidio é monstruosa. Miles de traballos foron publicados desde o ano 1850 e a produción lonxe de diminuír acelerase. E moi probábel que o suicidio sea a conduta humana máis estudada e de forma máis continua.

Das tres orientacións fundamentais encol do suicidio, a máis vella e constante é a "análise moral e filosófica", isto é, o senso do suicidio e o seu valor moral. A segunda orientación é a "análise dos casos", labourea fundamentalmente propia de médicos, psiquiatras e psicoanalistas. A última orientación basease na utilización das "estadísticas", na que a obra de Durkheim constitúe o coramento.

De todas as interpretacións posibles que fan referencia ao suicidio: materiais (clima, tempo, vento...); fisiolóxicas (enfermidade, idade, sexo...); sociais (población, matrimonio, profesion...); políticas; económicas; relixiosas etc. Ningunha delas se mostra nin suficiente nin decisiva.

As teorías sobre o suicidio podémolas agrupar en dous grandes tipos: 1) As teorías sociolóxicas, que sitúan a forza suicida fora do individuo, nas condicións sociais onde el esta sumido e 2) As teorías psicolóxicas (psiquiátricas e psicoanalíticas) que tratan de situar unha "tendencia suicidaria" no transcurso do psiquismo.

As cifras globais e resumidas que nos facilita a Organización Mundial da Saúde e a pesares de carecer e de non ser fiables os datos referidos a moitas áreas e países, calcúlase como termino medio no mundo o suicidio diario de mil persoas.

Un estudo do suicidio en Galicia (1) feito entre os anos 1946 a 1970 destaca unha media de 47,654 suicidios por un millón de habitantes. No estudo considérase que non existen grandes oscilacións entre os diversos anos, observándose sen embargo, unha lixeira tendencia ascendente referida practicamente a que cada tres anos aconteceria un suicidio máis en Galicia.

Os datos referidos as capitais galegas, no traballo do Dr. Calvo Pestonit, son os seguintes: Coruña 8,16 por 100.000 habitantes Lugo: 8,99 Ourense: 4,52 e Pontevedra: 5,08 (sempre por 100.000 habitantes).

O promedio anual de suicidios en datos da O.M.S. e referidos a 21 países (anos 1961 a 1963) oscila entre 7,1 a 33,9 por 100.000 habitantes. Como dado a destacar e Hungría o país con maior índice de suicidios (33,9 por 100.000 hab.) seguido de Finlandia con 29,0 Austria 28,3 Che-



coslovaquia con 28,2; Xapon con 24,7; Dinamarca con 24,2; República Federal de Alemaña con 24,1 Suiza con 23,3 etc.

As conclusións as que chega o Dr. Calvo Pestonit na súa tese referíndose a Galicia son as seguintes:

- 1) O suicidio en Galicia mantén unha tendencia ascendente no período estudado de 1946 a 1970.
- 2) A taxa de suicidios nas capitais tende a manterse excepto en Ourense, onde se observa unha clara tendencia o descenso. Nos municipios maiores de 10.000 habitantes, atopase a mesma tendencia respecto dos valores absolutos, naméntas que nos menores de 10.000 hab. a tendencia é a aumentar.
- 3) A relación entre os suicidios de homes e mulleres é practicamente de 5:2.
- 4) O suicidio en Galicia presentase con máis frecuencia nos meses de Maio, Xuño, Xulio, e Setembro isto é, o principio da primavera e final do vran.
- 5) Existe unha alta taxa de suicidios entre homes viúdos frente a casados e solteiros. Nas mulleres non se atopan grandes diferencias nas cifras de suicidio segundo o seu estado civil.
- 6) A paternidade non parece significar un factor disuadorio, posto que gran parte dos suicidas, tanto nos homes como nas mulleres, deixaron fillos a súa morte.
- 7) O medio utilizado con máis frecuencia por homes e mulleres é o "forcamento" en orde de frecuencia seguen para o home as: "armas brancas", "armas de fogo",

"mergullo", "atropelo", "envenenamento", "precipitación", e a "asfixia". Para as mulleres o "mergullo", "atropelo", "precipitación", "envenenamento", "asfixia", e "arma de fogo".

8) Como causas máis importantes de suicidio figuran as enfermidades físicas graves e os estados psicopáticos. Os motivos son máis importantes no caso das mulleres que nos homes e nestes os económicos máis importantes que na muller.

Sendo o suicidio unha conduta que vai dirixida inexorablemente contra a propia vida, faise inevitábel e necesaria a concepción e análise da propia morte (tema este que nos ocupará noutra próxima colaboración). Neste senso cabeme lembrar a figura dun médico galego tan excepcional como é a do Dr. Roberto Novoa Santos. O falar do suicidio e como consecuencia da morte xurde a imaxe deste home sábio e inqueda o que quero a través destas páxinas rendirille o meu amplo e sincero homenaxe.

Novoa Santos ocupase do fenómeno da morte e fai referencia ao suicidio no seu libro "O instinto da morte" publicado en 1927 (2). Anos antes Freud tiña xa publicados varios traballos (3) claves para unha mellor comprensión do suicidio desde unha perspectiva psicoanalítica.

Non está clarexado astra que punto puideron influir no pensamento de Novoa Santos as ideas de Freud, Bleuler, Jung, etc. entre outros. Nembargantes da lectura do seu libro Novoa Santos móstranos a súa capacidade e orixinalidade fundando o instinto da morte no "deseo de sobrevivir", e comparando a morte ao soño "a morte e un soño definitivo, dándose unha ambivalencia humana frente a ela". A influencia do seu pobo Galicia na temática da morte e sen lugar a dúbidas patente en Novoa Santos, cando fala "do desexo de voltar a terra, isto é, de voltar o estado de primitiva mineralización". O labrego, o vivir, sumido na natureza, non tería tanto medo a morte, caso contrario do home da cidade anguriado polo so feito de pensar nela. O Dr. Novoa Santos olla cara o desexo da terra amada, sentindo ese estado de ánimo tan específico do home galego a "saudade". O instinto da morte significa, pois, a forma suprema de reversion a terra.

No tocante as ideas que Novoa Santos retira encol do suicidio sorprenden os seus párrafos no capítulo: A morte como dereito a dispor da vida, no cal comenta: "Os homes inventaron uns ídolos ante os que e preciso sacrificar as veces a propia vida en forma de lento suicidio ou de sangrenta renúncia. Ensinásenos e forzácesenos, quizais baixo a pena doutra morte, a morrer por un ideal ou pola pátria, ou aniquilarnos paulatinamente baixo a presión das privacións e do rudo traballo".

En contraposición de estos moxos a morte tan estranos e externos o individuo existen para Novoa Santos outros propios da persona, nos que a morte pode ser decidida como unha afirmación da propia liberdade e desde un mesmo; "Non somentes temos dereito a vivir-di-senón dereito a dispor da nosa vida, pero preguntábase: ¿Cando debemos dispor dela?" Estamos

no ano 1927 e xa Novoa Santos tivera unha situación

¿Cando debemos dispor dela? Estamos no ano 1927 e xa Novoa Santos tivera unha situación conflitiva coa xerarquia eclesiástica en Compostela. A súa defensa do suicidio maniféstase no que segue: "Desprenderse da vida por tedio ou por dor non é menos garrido que producirse baixo a presión doutro resorte. Filósofos e poetas defenderon o libre renunciamento a vida -concretando máis adiante- o dor físico, o temor moral, a infelicidade, xustifican a renúncia a vida".

A reivindicación do suicidio en Novoa Santos non é senon a aplicación dunha liberdade sobre un terreo que nos é dado, "a morte dun home por outro reivindica a liberdade de dispor da propia vida" pero -continúa- "Si a ética permite por fin a miña vida para rematar ca miña dor ¿Permitíriame a moral, por fin a vida para rematar co a dor do outro?".

Falar da "eutanásia" di Novoa Santos e falar da morte dulce, sen dor nin pena, pero aclara nunha nota o marxe que non se trata do aspecto médico nin xurídico do problema, establecendo diferencias entre eutanásia moral e autanásia provocada. A primeira sería unha sublimación da dor a modo de entrega ao Altísimo a segunda un acalamento de tal dor ás drogas que o illen. "Cada un é dono -di- de escoller o método moral ou físico que considere máis oportuno para illarse da dor, para rematar dicidno, axudar a ben morrer foi sempre unha obra de misericórdia".

Si Novoa Santos mollouse falandonos das súas ideas sobre o suicidio o caso de Freud, do que parten as concepcións psicoanalíticas e totalmente diferente. Non existe un texto de Freud, explicitamente consagrado ao suicidio. Neste senso, bállanse certas hipóteses do porque Freud non adicou unha maior atención a este tema. Unha delas fai referencia a que cando Freud encetaba a súa carreira on ou varios pacientes tiñánselle suicidado durante o tratamento, ¿Sería Freud vítima dunha sorte de bloque? Outra hipótese apunta a que o propio Freud portador de fobias e tendencias suicidarias, conscientemente ou non, trataría de evitar ocuparse en extenso do problema do suicidio.

E anecdótico que nunha reunión da sociedade de psicoanalise de Viena no ano 1910, pouco antes das saídas de Adler e Stekel, Freud adopta unha aptitude en exceso prudente non intervido mais que en dúas ocasións moi breves. Durante os anos precedentes a opinión pública vienesa estaba alarmada por unha especie de epidemia suicidaria dos estudantes dos liceos. A primeira intervención de Freud foi encol do rol da escola cara o neno a segunda para dicir co problema do suicidio quedaba aínda sen aclarar. O editor americano que fixo a tradución das "comptes rendu" desta reunión psicoanalítica suxire que Freud estaba pendente de saber mais sobre o problema.

Xustamente entre os anos 1913 e 1917 nunha serie de traballos co título de "Metapsicología", Freud aproximase en "Duelo e melancolía" o que pode ser unha teoría explícita do suicidio, que iría revisando e completando posteriormente en "Mais alá do principio do placer" ano 1920.

Non é hoxe a miña intención de comentar cais son as ideas de Freud sobre o suicidio que deixou para continuación deste artigo.

CIPRIANO LUIS JIMENEZ CASAS

- (1) Calvo Pestonit, J. Miguel. Tesina presentada na Universidade de Santiago de Compostela sobre "El suicidio en Galicia" en Outubro de 1975.
- (2) Novoa Santos, Roberto. "El instinto de la muerte". Edit. Javier Morata. Madrid, 1927.
- (3) FREUD, S. "Psicopatología de la vida cotidiana", páxinas, 629 a 769 (1904). "Aflicción y melancolía" (1913-1917) páxinas, 1075 a 1082. "Mas allá del principio del placer" (1920) páxinas, 1097 a 1125. Obras Completas S. FREUD. Editorial Biblioteca Nueva. Edición 1967. Madrid.

No "RINCON DE ARTE" temos de todo:

- * CERÁMICA
- * ARTESANÍA
- * ESCULTURA
- * E MOITO....?

VISITANOS OURENSE

Braza do Erigo * Teléfono 220090

librería **abraxas** ACONSELLAMOS

Montero Ríos, 50
Teléfono 593655
SANTIAGO

* NOVEDAD:
DITOS E CREENCIAS GALEGAS
Xesús Taboada Chivite
de Edicións Salvora

* DE PROXIMA APARICION:
O ENSINO EN GALICIA
Antón Costa
de Edicións do Cerne

COMPOSTELA: ENTRE O MITO E A HISTORIA

CARLOS ALMUIÑA DIAZ

"O que deu orixe á cidade de Santiago e de todos sabido. Descuberto o Corpo do Apostol baixo a boveda dunha antiga arca ou túmulo de pedra e entre a espesa fraga dun apartado bosque, o bispo iriense Teodomiro fixou ali a súa residencia e invitou ao rei don Afonso II para que viñese reconocer por si mesmo o venturoso acbadego. A arca converteuse en igrexa, a fraga e as xestas pasaron en breve tempo a seren vivendas e habitacións, e aló no solitario bosque surxi de pronto unha cidade, da cal os destinos, se modestos no orde civil, habian brilar entre os mais célebres do orbe cristián". (Lopez Ferreiro)

De maneira sintética atópase en Lopez Ferreiro a creación da cidade de Compostela na que se resume de xeito maravilloso o mito da ave Fenix, da vida que renace da morte, Compostela é a cidade nacida da sepultura. Esta é a súa diferéncia respecto as súas compañeiras na triloxia das grandes peregrinacións; Roma e Xerusalén son anteriores á súa sepultura, mentras Santiago sai directamente do seo dunha terra fecundada e sacralizada pola morte.

Pero os mitos non só son poesía, senon tamen ciencia. Os poetas son homes que explican intuitivamente fenómenos científicos aos cais a ciencia do seu tempo aínda non lles atopou causa evidente. Ao pasar do mito á xeografía, á historia, vese por que este preciso lugar estaba chamado a ser asento. "Entre os dous ríos, un o Sar e o outro o Sarela, está a urbe de Santiago de Compostela", dice o Códice Calistino. É "entre" e a preposición que millor pode servir para describir o emplazamento xeográfico de Compostela. Lugar de encrucillada, punto de encontro e intercambio, Santiago é o embigo do corredor que une as cabeceiras das Rías Altas e Baixas; e o vertice do sistema arousan-amaiaín, e o sitio onde conflúen Trastámara e Fisterra coas Terras de Arzua e Melide, co Ullán, con Deza e Trasdeza, con Tabeiros. Os camiños de Santiago son os camiños que veñen ao lugar do encontro de toda Galicia. Esta explicación de Santiago desde Galicia e preferibel as referencias lonxanas e alleas, ela vai ser a que vai dar a clave da vida da cidade en épocas históricas nas que, seguindo outras interpretacións, Compostela debería desaparecer. O "chanzo de Santiago", accidente xeográfico que marca a transición entre as terras altas de Enfesta ou a Labacolla e os vales do Ullán e a Amaia, está ocupado no seu centro pola urbe compostelá. Comarcas distintas, con potencialidades diversas e distintos produtos, precisaban un lugar de feira, de encontro, e atopárono en Santiago. Os castros, os mais vellos asentamentos galegos, non adoitan estar nas cimas dominantes, senon nun lugar alto, ventilado e de fácil defensa, pero abeirado por outras elevacións do terreo; do mesmo xeito Santiago non está no curuto dun monte, senon nun lombo entre dúas elevacións (A Almaciga e Santa Susana), mirando ao Sarela, exposto ao sol da tarde, e moi próximo ao castro de Solevio, a aldea onde vivía o monxe Paio que deu coa tumba apostólica.

A INVENCIÓN DO APOSTOL

"Inventare" e o latino atopar. Inven-



tar, atopar o corpo encerrado na "arca marmórica" no medio e médio da fraga de Libredón. Velei a clave, o punto cero de Compostela. É novo os elementos míticos, o culto aos mortos, permanencia eterna na historia galega, unido co culto as árbores, símbolo da vida que renace da morte, a fraga de Libredón, lugar de enterramento como se revelou nas escavacións da Catedral, e ala no mais escuro de ela un enterramento singular, a "arca marmórica". ¿Comprirían máis elementos para estimular a imaxinación dos galegos do século IX nos que aínda pervivían (aínda hoxe perviven) reminiscencias naturalistas precristiáns? E aquí enlázase con outro dos grandes mitos da historia de Galicia, pois o culto da natureza traí o recordo de Prisciliano, predicador como o Xacobe dunha fe perseguida, decapitado como el en terra estranxeira e como o Xacobe traído en secreto por dous discípulos seus e en secreto enterrado nalgún lugar de Galicia... ¿no médio da fraga de Libredón?... ¿na propia "arca marmórica"? Históricamente necesaria dentro do contexto daqueles tempos foi a invención do Apostol. Cen anos antes ou cen anos despois posibelmente as cousas pasarían doutra maneira. Hoxe levarían ao monxe Paio a Conxo diagnosticado de alucinacións visuais e acústicas (as luces que viu e as musicas celestiais que ouviu): xa non sería históricamente necesaria a invención do Apostol.

COMPOSTELA DE TEODOMIRO

"Teodomiro, bispo de Iria, ven vivir ao lugar da "arca" e rentabilizar espiritual e materialmente o miragre, a maravilla do achadego. Teodomiro "fixo" arredear a súa nova cidade episcopal con fortes muros flanquiados con torres e baluartes" (L. Ferreiro). O perímetro descrito polos muros vese aínda hoxe, de tal maneira perviven os trazados urbanos, no plano de Santiago. Azabachería, Preguntoiro, Xelmírez, Fonseca e unha liña que atravesa polo medio da Catedral, son os lados dun polígono dentro do cal quedaban "as catro eirexas de Santiago, San Salvador, San Xoán e Santa María da Corticela, a Capela ou Conga, o mosteiro de Antealtares, algunhas ruas e prazas, as albergarías para os peregrinos, as tendas de obxectos piadosos e as mesas dos cambiadores que adoitaban estar a carón das eirexas" (L. Ferreiro). Debia estar todo ben apretadiño nesta vila sacra na que bispos e reinos e

monxes ocupaban case todo o espazo vital e onde todo xiraba arredor do santuario

COMPOSTELA MEDRA

Atraídos polo privilexiado lugar de intercambio veñen de todas partes e de todos os oficios xentes para se estableceren en Compostela. De francos e bascos, de acibecheiros, concheiros, caldeiros e peleteiros queda aínda hoxe memoria nas ruas da cidade. Axíña rebordan o límite murado apousando nos camiños e configurando novos barrios polo norte e polo sul, a Compostela branca da xudería, entre as Algálías e San Xoán, no camiño de Faro (A Coruña) e de Fisterra; Compostela dourada e clerical de Vilar, rua do Vilar, no camiño para Iria e Arousa. E douscentos anos despois de ser fundada xa era Santiago apetitosa presa para os normandos que dende o Padrón subían a busca do botín. "Daquela, para a nosa cidade, di Lopez Ferreiro, resultaba moi estreita a cerca coa que a cinxiran no século IX, e o asentamento, prescindindo do balado, estendeuse en todas as direccións por fora dos muros". Así foi como o bispo Crescónio ergueu novos muros e torres "que probabelmente describían o mesmo perímetro que tivo a cidade deica o século XVI" (L. Ferreiro) e aínda astra hai ben pouco tempo. Dentro deste recinto vai decorrer a historia toda da Compostela medieval e moderna; a gran renovación urbana que no século XII foi a construción da definitiva Catedral e para a cal houbo que "expropiar" un sin número de edificios, tendas e viveridas que bordeaban a antiga basilica e tamén parte das pertencencias do poderoso mosteiro de Antealtares; os tempos do esplendor santiagués coas grandes peregrinacións do XII e do XIII, as loitas dunha nacente burguesía de homes de oficios, de grémios, contra o señorío eclesiástico dos arcebispos e pola hexemonía política na cidade... Compostela medra enchendo o espazo que coutara Crescónio o previsor e configurando os barrios que ocupan as hortas e terras de labor interiores ao seu valado.

O ESPLENDOR DOS ARCEBISPOS.

A "doma y castración del Reino de Galicia" tradúcese en Santiago por sometimento dos cidadáns ao poder absoluto do Arcebispo, señor feudal da cidade. E vai

ser xa a historia de Compostela a historia dos seus arcebispos. O camiño francés das grandes peregrinacións, pechado por Felipe II, perde o seu trafego internacional, o seu papel como via de cultura e de riqueza, e o vello e esquecido, pero sempre presente, trafego nacional volve ser o protagonista: Compostela non decae, antes ben, anova o seu esplendor material dun xeito que aínda hoxe sorprende e engaiola. As rendas eclesiásticas produto de traballo do pobo galego, eficazmente recaudadas polo poder temporal de monxes e bispos, tradúcense en feitos físicos cos que os sucesivos prelados e abades compiten por pasar á posteridade. O Santiago barroco das torres da Catedral e da igrexa de San Martiño Pinario fala de tempos de opresión, de alcabaleiros e saíons recorrendo as terras do señorío á procura de dezmos e tributos, fala das xentes do agro e do mar acodindo a Compostela pra depositar o seu gran nas grandes tullas dos mosteiros, para presentar o prateado produto do seu traballo na gulosa presenza de coengos e abades.

Poucos máis acontecementos físicos importantes van xa alterar a imaxe de Santiago. No XVIII o Arcebispo Raxoi deixa a pasada da Ilustración no edificio das Casas Consistoriais compostelanas, dándolle a súa ordenación practicamente definitiva á praza do Hospital, hoxe do Obradoiro. Hai constancia tamén de que por aqueles tempos construíronse unhas dúas mil casas nos arredores da cidade: é a aparición dos arrebalados que, unha vez máis apoiados nos camiños, completaron a estrela do plano do tecido urbano, reconstrúen Santiago nun lento proceso que a deixa tal e como hoxe se ve: salvo excepcións contadas, sobre o seu plano case medieval érguese unha arquitectura civil totalmente contruída nos séculos XVIII a XX.

SANTIAGO HOXE.

En 1950 faise o "Plano da Cidade Monumental de Santiago de Compostela". Nel pódese observar que apenas nada cambiou con respecto aos planos que se conservan do XVIII e do XIX. En 1980 a mancha que marca o asentamento máis que dobrou aquel grandor que tarda once séculos en acadarse. ¿Que foi o que pasou nestes vintenoventa anos? O proceso é dabondo coñecido polo que unicamente compre recordar que a forma de producir, de elaborar ese produto que a cidade está intimamente relacionada coa propia forma da sociedade que nela habita. A historia da cidade está feita de épocas e momentos máis e bons, e todos eles quedan reflexados, escritos no seu plano.

Santiago de Compostela, hoxe agrandada de cara ao Castiñeirío, San Lázaro ou Coxo; brazos da cidade fundidos en terra aberta co campo e con toda Galicia. Santiago, loita dos seus habitantes por unha vida mellor nunha sociedade máis xusta. Santiago, miragre da cidade eternamente redescoberta, síntese e encrucillada de Galicia e, lugar de encontro pra os seus homes do mar e da montaña, do campo e da cidade, símbolo vivo tendido da Rocha a Boisaca, do Pedroso ao monte Viso, sitio da estrela mítica que desde o primeiro alborexar de Galicia alá no século IX marcou o teu emplazamento. SAUDE, SANTIAGO!


BICICLETAS
"DACUNHA"
 Rua do Progreso, 87
 Teléfono 226798
 OURENSE

librouro
 a o servico da Cultura Galega.
 LIBRERIA * PAPELERIA * FILATELIA
 MATERIAL DE OFICINA e DIBUXO
 OBXETOS PARA REGALO * ETC.
 Eduardo Iglesias, 12 — Télf.: 221439 — 226317
 VIGO

Tefer Bazar
 ELECTRODOMESTICOS
 E OBXETOS DE REGALO
 Juan Montes, 2-4
 Teléfono 227766
 LUGO

ALGUNS ASPECTOS SOBRE GALICIA E OS SEUS HABITANTES NA EPOCA ROMANA

Despois da conquista do Noreste polos románs, que tivo a súa culminación nas Guerras cantabras, comenzo unha política de asentamento e penetración en todos os ordes co fin de asegurar o pleno dominio do territorio e o control dos seus recursos empezando, deste xeito, o proceso romanizador. Galicia entra a formar parte do Imperio Romano, dentro da Lusitania pasando máis tarde á Hispania Citerior ou Tarraconense dependendo directamente do Emperador. Nos tempos de Caracalla creouse a provincia Hispania Nova Citerior Antoniniana e a fins do século III organizase a provincia Gallecia que comprendía, ademais da Galicia actual, grande parte da zona oriental chegando deica Cauca (Coca, Segovia), segundo quereren algúns autores.

Administrativamente o Noroeste dividiuse en tres conventos xurídicos, correspondentes ao Lucense (actuais provincias de Lugo e A Coruña xunto coa parte occidental de Asturias), Bracarense (actuais provincias de Pontevedra e Ourense, agas do val do Sil, xunto coa meirande parte das terras situadas entre o Douro e o Miño no Norte de Portugal) e o Astureicense (resto de Asturias, Leon, Zamora, parte da provincia de Ourense e o Nordeste de Portugal). Hai que facer notar que as devanditas provincias non pertencen enteiramente a esta división xa que, por exemplo, parte da de Pontevedra correspondía ao convento lucense.

Cada convento tiña unha cidade importante como capital. Lucus Augusti (Lugo), Bracara Augusta (Braga) e Asturica Augusta (Astorga). No ámbito territorial dos conventos a máxima autoridade xurídica e militar era o Legatus Augusti Iuridicus. A súa beira estaba o Procurator Augusti encargado das uncións financeiras e fiscais. Sobre todos eles gobernaba o Legatus Augusti Propraetore como máximo gobernador da provincia, con residencia en Tarragona. Había despois outros funcionarios da administración de inferior categoría.

Ademais das cidades existiron na Galicia outros tipos de asentamentos poboacionais. Uns foron de tradición indíxena (castros) e outros de nova creación (vilas).

En relación cos castros non hai hoxe ningunha dúbida sobre a súa continuidade como habitar nos tempos romanos. Durante moito tempo creuse que se deixaran de habitar despois da conquista do Noroeste, ao interpretar dun xeito tra-



bucado un pasaxe de Estrabón, pero a gran cantidade de testemuñas aparecidas nestes recintos fixeron cambiar a opinión. É certo que, nalguns casos, os habitantes dos castros tiveron que deixar os seus asentamentos para instalarse nas zonas baixas

pero, en moitos outros, obsérvase a aparición de cerámica, tégalas, moíños circulares, estruturas arquitectónicas diferentes, moedas, etc., que nos indican a continuidade da poboación.

Nos castros romanizados, as construcións son de planta cuadrada ou rectangular aínda que en moitos casos conserven os esquinas dun xeito curvado. Tamén continúan as formas circulares ou ovaladas. Como exemplos de castros habitados na época romana poderíamos citar os de Viladonga, Santa Trega, Vigo, Castromao ou Meiras. Unha característica importante deste tipo de asentamento e a aparición dunha certa ordenación na disposición das construcións co agrupamento dalgunhas delas e o trazado de ruas o que significa unha certa planificación e polo tanto un urbanismo.

Outros tipos de asentamentos son xa especificamente romanos. Deixando a un lado as cidades como Lugo ou outras menores (Brigantium, Iria Flavia) fan agora a

sua aparición as vilas. Son establecementos de tipo rural destinados as explotacións agrícolas ou gandeiras que se desentrolan fundamentalmente no Baixo Imperio nunha época na que a xente tende a vivir no campo abandonando, en grande medida, os núcleos urbanos. Coñecemos hoxe ao redor dunhas vinte vilas en toda Galicia recoñecibles polos restos materiais atopados, construcións, cerámica, mosaicos, etc. pero a maioría delas xamais se excabaron. En teoría terían casas para o propietario e para os servos, almacens e outras dependencias.

Das vilas máis coñecidas destacan a de Porta de Arcos (Rodeiro), Pipiñ (Hio) e Lucenza que xa comenzan no século I e as de A Cigarrose (A Rúa), Pañxón e Doncide (Pol) de época posterior. A vila de Centroña (Pontedeume) proporcionou restos de construcións, estucos e mosaicos. A de Cirro (Brion) un hipocausto e restos de mosaico e a de Porta de Arcos restos dunha cocíña, conducións de auga, cerámica e mosaico.

Un novo tipo de poboamento sería o construído en zonas mineiras como no Caurel, que servirían de asentamento para os traballadores das minas mentras durase a súa explotación e que, en xeral, se construían en xacementos tipo castro.

Nos asentamentos antes mencionados

viviú toda a poboación galega que segundo dados de Plinio correspondentes a II metade do século I d. C. comprendería uns 691.000 homes libres o que, naturalmente, non nos dá o total dos habitantes.

A poboación compoñíase maiormente de indíxenas aos que habería que engadir os romanos, os indíxenas romanizados e os escravos. A capa superior da sociedade estaría formada polos romanos e algúns dos indíxenas romanizados os cais vivían nas cidades e nas vilas. O resto da xente habitaría os castros e outros asentamentos e quizais seguira conservando a súa característica organización indíxena.

Despois da conquista os románs levaron aos mellores homes para servir no exercito deixando aos indíxenas sen os elementos máis activos. Estes homes formaron parte das tropas auxiliares e constituíron alas e coortes. Cando se licenciaban recibían a cidadanía romana e convertíanse en axentes da romanización. Un dos militares galegos máis importantes foi L. Pompeio Reburro quen serviu na VII

Coorte Pretoriana.

Coñecemos na Galicia romana a existencia dos escravos e dos libertos. Os primeiros traballarian fundamentalmente nas mainas aínda que poderían estar noutros sectores da produción como a agricultura, por exemplo. Seus nomes veñen dados pola epigrafía pero os coñecidos non son moi numerosos.

De varias persoas coñecemos os seus oficios. Así hai un arquitecto, posibel construtor da Torres de Hercules, segundo figura nunha inscrición colocada ao seu pé, varios exatores ou cobradores de de trabuços na Coruña o que pódenos dar unha idea da importancia daquela cidade, unha *ornatrix* ou peluqueira, en Lugo, etc.

Un feito interesante nesta época son as migracións. Pola epigrafía sábese de xente que marchou a traballar fora de Galicia para servir ao exercito. Outros marcharon por razóns económicas e de traballo coma os que fixeron de mineiros no Suroeste da Península. Noutra ocasións viña xente a este territorio destinada a labores administrativos ou ben a emigración producíase pola procura dun posto de traballo. Tal foi o caso dun grupo procedente de Clunia (Coruña do Conde, Birgos) que chegaron a Vigo atraídos, sen dúbida, polas posibilidades que aquela cidade ofrecía dada a súa importancia comercial.

FERNANDO ACUÑA CASTROVIEJO

colexio Daniel Castelao



Daniel Castelao

JOSE ANTONIO, 91-ENTLO.
(Entrada Cine Plata)
Telfs.: 412311 - 412511
VIGO

— Centro de Formación Profesional de Primeiro e Segundo Grados (Aprobado Oficialmente)

— Centro de Enseñanza Permanente de Adultos (Aprobado Oficialmente)

FP - 1
— Administrativa e Comercial

— Delineación
— Química

FP - 2
— Administrativa e Comercial
— Hostelería e Turismo

PERMANENTE DE ADULTOS
— Graduado Escolar

APROXIMACION A UNHA XENESE DA ETNIA GALEGA

O coñecimento dos diversos aportes raciais que conformaron historicamente a etnia galega é na actualidade un tema complexo. A escasez de restos osteolóxicos a causa da extremada acidez do chan, e a falta doutros vestixios máis ou menos indirectos (representacións figurativas no arte, etc.) limitan sobremaneira a investigación. É necesario agardar por novos achádegos que permitan unha caracterización máis completa da nosa etnoxénese.

Dentro desta problemática, as vías principais que se nos ofrecen para tentar unha aproximación á paleoantropoloxía galega son a antropolóxica, a literaria, a lingüística e, en menor medida, a arqueolóxica.

Dentro da primeira, poucos son os restos datábeis en horizontes prehistóricos. Só as zonas de rocas calcáreas do oriente galego ou as condicións especiais das áreas das praias, son médios propicios para a fosilización ou a conservación de materias orgánicas. Con todo, son moi poucas as evidencias que chegaron astra nós e, na súa grande maioría, pertencen xa a plena época histórica, co que o estabelecemento dos distintos pobos prehistóricos que deixaron o selo da súa cultura en Galicia ten que ser en grande medida hipotético.

Da cova do Rei Cintolo (Mondoñedo) proceden restos humanos en estudo, presumiblemente antigos, pero desgraciadamente descontextualizados, co cal a súa valoración é moi incerta. Maior interés revisten os fragmentos óseos asoellados nun enterramento en cista na parroquia de Cazás (Xermade, Lugo), atribuíbel cronolóxicamente ao Bronce inicial.

A un horizonte datábel na cultura castrexa pertencen uns escasos fragmentos, restos dunha cremación defectuosa, da necrópole do castro de Meiras (A Coruña). O veredito antropolóxico só pudo diagnosticar o sexo: tratase dunha muller de idade superior aos 20 anos e a talla enclavada no grupo mesosomo.

Os demais restos osteolóxicos antigos que se poden aducir proceden xa de necrópoles baixorromanas e suélicas. Os estudos efectuados sobre os mesmos (Fusté e fundamentalmente, Carro Otero) detectan a presenza dos seguintes sustratos raciais:

- Cromañóide: recoñecíbel en dous esqueletos da necrópole baixorromana da Lanzada (Pontevedra).
- Mediterráneo: necrópoles baixorromanas da Coruña e A Lanzada.
- Nórdico: necrópole da Lanzada.
- Alpino: necrópoles baixorromanas da Coruña, San Vicente do Grove, Pontevedra, e suélica de Santiago.

Agás o componente racial representado polos cromañóides da Lanzada, que cabería situar como o máis antigo, os restantes, por coexistir nos mesmos xacementos, non permiten por agora establecer un orde de superposición temporal.

Desde a perspectiva da paleoetnografía, da arqueoloxía e da lingüística, as evidencias que temos para a clarificación da etnoxénese galega son, desgraciadamente,

tamén limitadas. Pouco é o que podemos tirar destas fontes no estado actual da investigación. E o mesmo cabe dicir da escasez e a obscuridade dos testemuños escritos sobre o noroeste, que nos legaron xeógrafos e historiadores gregos e romanos. A súa análise non permite traxer con seguridade o panorama étnico ao fin do primeiro milenio antes de Cristo.

Cuevillas e Bouza Brey (1929) quixeron identificar aos poboadores do Bronce final cos Oestrímnios, pobo nomeado na obra *Ora marítima*, do procónsul latino do século IV d.C. Rufo Festo Avieno e presumiblemente baseada en periplos realizados no século VI a.C. Aparecen os Oestrímnios naquel poema expulsados do occidente por unha invasión de serpes.

Segundo o relato, o extremo occidental ficou habitado posteriormente polos Saefes, termo que foi reducido ao grego *sepes*, isto é, serpes. Esta redución levou aos autores citados a concluir que na invasión narrada no poema se acocha realmente a chegada a Galicia dos Saefes, tidos como celtas, e que se denominarían entre aqueles pobos. En canto aos Oestrímnios, serían os descendentes dos construtores

de mamoas e dos primeiros metalurxistas, relacionados coas xentes que habitaban os outros fisteras atlánticos e que constituíron a parte máis importante dos pobos que conformaron a cultura castrexa. Ademais do propio poema, Cuevillas e Bouza Brey aducen como apoio a esta redución razóns de tipo arqueolóxico e folclórico.


Acéptese ou non esta interpretación do pasaxe do poema, isto é, identificando aos Oestrímnios como os poboadores do Bronce final, a complexidade racial (alpinos, nórdicos) e étnica (celtas, poemanos, ambrones, belgas, turones, etc.) das xentes que a partir do século VI a.C. arribaron a Galicia é manifesta. Desgraciadamente, as informacións que nos transmitiron as fontes escritas gregas e romanas son neste punto confusas, nuns casos, e incompletas noutros. Dos testemuños máis fiábeis, Meila e Plinio, por exemplo, tense que concluir que na Galicia castrexa deberon coexistir, xunto con elementos célticos, grupos celtizados no seu desprazamento chegados a partir do século VI, outros de tipo indoeuropeo precelticos (protoceltas do Bronce final) e os descendentes das poboacións que ergueron os megalitos e que fabricaron os primeiros úteis de metal.

Logo da tentativa de Cuevillas e Bouza Brey, Monteagudo (1953) estruturou unha interesante teoría sobre o componente étnico en Galicia de finais da Edade do Bronce (900-600). Para este investigador, a industria do Bronce IV (Bronce final) sería introducida no século VII a.C. por elementos que el denomina celtoalpinos ilirizados e que se corresponderían, en liñas xerais, cos protoceltas dalguns autores españois (Almagro). Este aporte étnico sobreporíase ao sustrato preponderante desde o megalítico ao Bronce III, o elemento mediterráneo, dolicocefalo moreno. Basea Monteagudo a súa teoría en proxos paralelos de tipo arqueolóxico (petroglifos, metais e cerámica, etnografía) e filolóxicos (toponimia, lingüística). O interés desta teoría reside no illamento dun componente alpino, morfoloxía racial que foi detectada posteriormente nalgunhas necrópoles históricas galegas. Con todo, a fixación temporal deste ingrediente é aínda problemática. De ser correcta a hipótese de Monteagudo situando os primeiros elementos no Bronce final, habería que pensar en posibles reforzamentos coa chegada de grupos celtas, e incluso coa inmigración de xentes bretónas no século V da era cristiá.

Máis recentemente, Alonso del Real (1969) tentou estratificar os distintos integrantes que conformarían historicamente a etnia galega. En síntese, distingue no orde temporal un sustrato de tipo mediterráneo (ao que chama "o eterno campesino neolítico"), verosimilmente presente xa desde o eneolítico; e uns componentes nórdicos (teuto e dalonórdicos) mezclados con elementos alpinos ou incluso dinaricos, que chegarían no Bronce final e logo coas invasións do século VI a.C., e historicamente coa chegada das vagas xermánicas. Xunto a estes elementos cabería destacar uns "mínimos aportes doutras procedencias", armenoides, xudeos, etc., chegados xa en épocas plenamente históricas. Esta estruturación atopa a súa correspondencia noutras vías de investigación, como o folclore, a lingua e a arqueoloxía. No primeiro é recoñecíbel un forte sustrato de índole neolítica, seguido polos aportes dun horizonte de romanización e doutro, moi importante, xermánico. No que atinxe á lingua, cabería distinguir un nivel pre-indoeuropeo, detectábel pola toponimia e factíbelmente correlacionábel co mundo da neolitización e co horizonte megalítico un nivel indoeuropeo precelta, quizais correspondente aos elementos nórdicos do Bronce final; un nivel céltico; xa en épocas históricas, os aportes romanos e xermánicos, fundamentalmente. Desde o eido arqueolóxico, confirmábase tamén unha perspectiva parella: unha romanización que actúa sobre un fondo neolítico-megalítico, preceltico e céltico.

En termos xerais, as teses de Del Real coinciden e completan as expostas anteriormente por Monteagudo. Non obstante, as súas conclusións, ás que temos que engadir as procedentes do eido da antropoloxía física, teñen que valorarse con todas as reservas ás que obriga o estado actual da investigación.

CARLOS GARCIA MARTINEZ



Dibuxo SECANIE

*Para Margarita
ledo todos y
comunicacións
del real
73*

Librería COUCEIRO

República de El Salvador, 9
Teléfono 59 58 12

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Bar
Trangallán

Lepanto, 12
OURENSE

LIBRERIA
PAPELERIA
CERAMICA GALEGA
SALA DE CULTURA



ALFONSO R. CASTELAO

JOSE ANTONIO, 130 - ENTRECHAN
(ENTRADA POR PIZARRO)
TELEF. 41 97 59

VIGO (GALIZIA)

MELCHOR LOPEZ

Un mestre de capela de catedral de Santiago

TEATRO

E FESTAS POPULARES

MIGUEL PEREZ ROMERO

O problema de definición do que é a música galega é non só un problema cultural-ideolóxico, senón sobre todo un problema histórico. E é na súa meirande parte un problema de ignorancia. Ignorancia xeral de todos nós por falta de investigacións suficientes e de balances dunha historia cultural, e ignorancia por parte de certos sectores —por outra parte moi militantes— non só do pouco que hai xa estudado, senón astra faltos da máis elemental preparación técnica e da mínima humildade para o recoñecer e curiosidade para se informaren de certas cousas, e como a ignorancia é moi atrevida, así se explican certas afirmacións feitas en público coa máis desarmante "inocencia" ou caradura, como a de que a música galega non ten ritmos ternario. Fuxan os Ventos, que ese pretendido retorno ás orixes do celtismo invadente i ideolóxicamente asoballante e sulagante (Cfr. artigo de Carreira: "Jo, que vienen los celtas", en Ritmo, n. 495, octubre 1975, p. 27).

Para estes sectores falar da música que se fixo nas nosas Catedrais. Santiago, Mondoñedo, Lugo, Ourense..., a única verdadeira música culta que se fixo en Galicia astra hai moi poucos anos, non é, obviamente, falar de música galega. Así que eu empezo pedindo disculpas polo atrevemento —pois si, teño ese atrevemento— de falar hoxe dun Mestre de Capela da Catedral de Santiago que ademais non naceu en Galicia.

Pois Melchor López naceu no 1760 (segundo o P. López-Calo) en Hueva, Guadalajara. Aprendeu música en Madrid no "Real (Colegio) de música de su Majestad en esta Corte (de Madrid)". Foi nomeado Mestre de Capela de Santiago o 23 de marzo do 1784 aos 25 "años cumplidos". E en Santiago, despois de case 40 anos interrompidos de servicio na Catedral, morreu, 19 de agosto do 1822. Se algunha vez ides ao claustro da Catedral podeades ver ali a súa lápida renovada por López Ferreiro no centenário da súa morte.

Todo o que se coñece dele, hoxe por hoxe, está no Arquivo da Catedral de Santiago. De paso digamos que no Catálogo que o P. López-Calo tivo a paciencia de elaborar —a el lle debemos o coñecemento de Melchor López e de tantos outros autores— figuran 2.300 obras case todas compostas ex-profeso para ela polos seus mestres de Capela. E de paso digamos tamén que os catálogos de outras Catedrais: Mondoñedo, Lugo, etc., está aínda por facer. Mas estabamos falando de Mel-

chor López; pois del conservan-se neste Arquivo, segundo o Catálogo Musical del Archivo de la S. I. Catedral de Santiago, de José López-Calo, Inst. de Mús. Relig. de Cuenca, 1972, 663 obras: 15 misas, 30 salmos, 20 motetes, 14 amentacións, 140 vilancicos de Nadal e Reis, 150 de Corpus, etc... e case todas coñ orquestra.

Baste dicir que se conservan 17 volumes manuscritos autógrafos —era un home moi meticuloso— nos que a pesar de todo non están todas as súas obras.

Mas agora eu quero só falar dalgunhas características da súa música. En primeiro lugar quero afirmar e afirmo —son así de atrevido— que Melchor López é un dos máis grandes compositores galegos —e insisto no de galégos—, senón o máis grande, de toda a nosa historia. E galego porque aquí viviu practicamente toda a súa vida, dos 25 anos astra a súa morte, porque aquí escribiu toda a súa produción —foi Santiago quen lle dou a posibilidade de o facer, pero sobretudo é galego porque soubo compenetrar-se profundamente deses nosa forma tan particular e ao mesmo tempo tan indefinível de sentir e de nos expresar; soubo se servir da nosa canción popular e soubo assimilar o o seu espírito criando melodias orixinais que moi ben poden pasar por melodias populares. E todo isto en formas musicais classicistas, como corresponde ao seu período histórico, nun estilo semllante ao de Haydn e Mozart, seus contemporáneos.

E grande, grandísimo, pola súa inspiración, pola súa pureza formal, polo seu equilibrio orquestral. Alguns dos meus lectores tiveron, quizabes, a sorte de escoitar algunhas das súas obras que fun presentando nalguns concertos, para os outros quero só anunciar que moi pronto publicarei en Edicións do Castro algunhas partituras súas e que por conta da nova casa Ruada vamos pronto grabar un disco, o Coro Ars Musicae de Pontevedra e a Orquestra de Santiago, con cuatro vilancicos de Melchor López, e así todos teredes a oportunidade de coñecer directamente o noso autor e tamén de contrastar as miñas afirmacións.

No Arquivo da Catedral de Santiago —noutros tamén hai— hai tres únicas composicións con texto galego, tres vilancicos: "A nosa Gaita" (1975) para só de Soprano, 2 coros e orquestra; "Ai, perdone sua mercede" (1793) para só de tenor, 2 coros e orqu. e "Da Ulla a meu cabo veño" (1790) para so Soprano 2 coros e orquestra, os tres que se van a publicar e grabar. Os tres de Melchor López.

Lembra devos que Melchor Lopez chegou a Santiago no 1784, pois no 1876 escribe un vilancico para tenor e orqu., no que inclue unha esplendida muiñeira, mezcla de temas orixinais e temas populares en prodixio de finura timbrica e de orquestración.

"A nosa Gaita" e unha "tonadilla" —pastorela, con ritmo case de muiñeira e unha melodía orixinal pero que resulta case imposibel de distinguir dunha popular. Desta peza, segundo me contaron uns amigos, a Coral Polifónica de Pontevedra posei unha transcripción de Santiago Tafall (1858-1930) outro Mestre de Capela da Catedral — para coro a capela. "Ai, perdone sua mercede" consta dun coro inicial unisónico dunha extraordinaria beleza pola súa inspiración e pola finura e eficacia da orquestración. Logo ven un brillante Allegro, cuxo unico defeito, se iso é un defeito e a súa brevidade. Por último unha "tonadilla" na que recolle a melodía dunha coñecidísima foliada galega (en ritmo ternario), tratada con moita delicadeza. "Da Ulla a meu cabo veño" é, sen dúbida o vilancico mellor de todos estes, ademais de o máis ambicioso. Consta dun Allegro moderato, inicial no que contrasta a beleza e ornamentación do so de Soprano coa sinxeleza e efectividade da parte a 2 coros. Logo ven a "tonadilla", unha especie de canción de berce, de melodía orixinal, moi refinada e culta e ao mesmo tempo de ar extremadamente popular e sobre todo rezumando esa tenrura característica tan típica da canción de berce galega. E unha melodía dunha inspiración exquisita e dunha sutil pero impresionante forza emotiva. E para min a expresión mais funda da profunda, pero non "folclórica" galeguidade do noso autor.

A música de Melchor Lopez é funda e predominantemente lírica, e este seu lirismo seu expresase sen trabas e asoballantemente nas partes a so e na orquestra que é a verdadeira protagonista da súa música. Unha orquestra de grande pureza e economía de medios, baseada fundamentalmente na gracia e elegancia e no refinamento de certas ornamentacións timbricas e das armonías. O orgánico e sempre o mesmo, 2 oboes, 2 cornos, cuarteto de corda, algunha vez a flauta, o fagot.

Moito máis habería que dicir do noso autor —so falamos de cuatro das súas 700 obras—, pero co dito coído que chega para nos facer unha idea e ao mello astra mesmo para aumentar o interese pola nosa auténtica historia musical. Deus o queira.

JOAM TRILLO

Hai unha actitude, totalmente lícita, de, por unha banda, recuperar as festas populares (de ámbito rural) e, pola outra, incorporar algunhas desas festas —ou algun dos seus elementos— ad teatro e, dando un paso máis, converter este nunha festa.

As festas populares van esmorecendo con moita presa. Douz son os factores a considerar fundamentalmente. A consumo, o propio esmorecemento factor endoxeno, cando a festa reducida a comunidade por efectos da emigración xa ao estranxeiro xa a cidade, que neste caso ven sendo o mesmo —deixa de ter sentido de ter razón de ser, ao faltar o elemento humano sustentante— e non so materialmente e ao mesmo tempo axente actor e espectador da festa. E un factor exógeno, mais intimamente relacionado co anterior, a comunidade urbana cunha coexión cultural máis feble que a rural —incapaz de crear un folclore propio e sentindo, pola outra banda, a súa necesidade, lanzase sobre as escasas manifestacións do folclore rural que aínda quedan introducindo ben e certo que non perda un dos seus elementos definitivos a reversibilidade ou función de actor e espectador. Os forasteiros convírtense en espectadores pasivos, non en participantes activos —agas naqueles aspectos máis xeralizados e valeirados de contido: o baile e o xantar, por exemplo. Cando a festa deixa de selo para converterse nun espectáculo —en sentido negativo, por canto non é a súa función específica e única— pódese dicir que a súa morte está cumprida.

Aquí enlazamos co teatro. Moito deste intento de recuperar as festas populares ven como consecuencia lóxica da busca da das raigañas, da pescuda dunha identidade cultural. E un sector do teatro galego esta hoxe en día a buscar esa identidade na recuperación e utilización do que se ven chamando formas parateatrais. Chamámoslle parateatrais sen nos meter por hoxe en máis fonduras a aquelas festas e manifestacións da cultura popular nas que se poden atopar xermolos do teatro, agromaran ou non.

O intento é moi lícito e tamen moi necesario. Compre investigar e estudar as festas e manifestacións da cultura tradicional, coñecer moi ben todo ese material parateatral. Agora ben moi distinto e o uso indiscriminado dese material, a incrustación artificial e inustificada dese material en representacións teatrais. O estudo e investigación teñen que ser suficientemente serios como para non facer transplantes artificiosos, valeirando de contidos eses materiais. Evitando así cair nun dobre erro histórico e político. Pero disto compriria falar máis de vagar.

regalos

MASIDE
rua do Vilar, 4

Xelmírez, 10 e Rua Nova, 14
SANTIAGO

Xonelo
Arte popular

GALAXIA DISTRIBUCION

Libros pro ensino do galego

Gramática elemental, C. Calero	390
O galego hoxe (método)	300
	1: 400
Galego 1-2-3, (método) Universidade	2: 400
	3: 250
Faragullas 1-2-3 (4 e 5 anos)	200 (cada)
As cousas de cada día 1-2 (5 a.)	250 /c
Vocabulario castellano-galego	325
Vocabulario galego-castelán	300
Diccionario galego-castelán	980
Prosa galega 1, Universidade	700
Prosa galega 2, Universidade	775
Historia literaria galega	350

Están a súa disposición en tódalas librerías

UN PAIS E GRANDE POLA SUA CULTURA

...MERCADO LIBROS GALEGOS

OLLO SILANDEIRO Construción da primeira cámara fotográfica galega

No último viaxe a Nosa Terra que este servidor fixo non hai nen quince días, daba voltas arredor da catedral de Santiago, cargado cunha cámara desas fabricadas alá lonxe no Singapur ou no Honk-Kong, seas cámaras negras con moitos e caprichosos botóns, luceciñas, ruídos.... E ce supeto, lembreime dos anos que eu pasara vendo facer o mesmo a outros vikingos e invasores do norte con idénticos ou máis raros aparatos— aos que os meus ollos seguían con envexa. Hoxe nen todos os equipos fotográficos poden dar-me na emigración a sansación que os meus ollos recollían dan- dando voltas ao embrigo do reino.

Farto da complexidade e sofisticación dos terbellos de "fotografo" din maquina nun cachorro que fose barrato, fíxese fotos, sen ese patético realismo que dan os obxectivos, á vez que fose divertido e didáctico para quen nunca colleu unha máquina de fotos ou non sabe revelar.

Na primeira fase explicábase como **construír a máquina**, na segunda, falei de **como revelar** e traballar no laboratorio **as fotos máis realistas** desta cámara e finalmente como se pode construír unha cámara-zoom e outras con distinción de ángulos de visión.

Para rematar e para quen seguiu con interese o curso abrírase un concurso de fotos deste modelo de **máquina**, sinalando as bases, os premios, xurado, prazo e incompatibilidades para concursar.

Da cámara máquina a cámara-bote.

En principio é indispensable fabricar unha "cámara oscura" ou sea de materiais impermeables a luz e resistente. Pode facerse ben fácil cun bote de cartón metalizado, como os botes de

Cola-Cao, ou semellantes, sempre que teñan unha tapa de lata que que sea practicable. Logo píntase por dentro para que non haxa reflexos, por algo se lle chama oscura.

1.— Tendo escollido xa o corpo de cámara temos que facerlle o obxectivo da seguinte maneira: do lado contrario da tapa, ou sea no cú do bote, faise cunha punta algo gorda un burato, entón métese meténdolle unha palla ou arame por este, astra tocar a tapa, a distancia que hai desde o burato á tapa en m.m. A esta distancia chamarémolle logo C.

2.— Pégaselle ben tenso un papel de estaño sobre o burato que fixemos coa punta, e perforase cunha agulla de coser, que normalmente teñen 0,7 mm de gordo, — convén calibrala antes —, facendo o buratiño con enerxía sobre o corcho, para que teña unhas beiras definidas.

3.— Agora diviremos, para calcular o tempo de exposición da cámara, a distancia que chamamos C polo diámetro ou goso da agulla, neste caso 0,7 mm. Supoñendo que a distancia fose de (255:0,7—364), daríanos que acabamos de conseguir fabricar a primeira cámara-bote galega cunha luminosidade, ou número F, de 364. Tendo en conta que as actuais cámaras fabricadas polas multinacionais teñen un número F de 1,2 e 1,5, a nosa é practicamente 362,8 veces máis lenta, nembregantes non é peor.

4.— ¡Veredes! Agora hai que inventar calquer método para soste un cacho de papel fotográfico contra a tapa, pode ser un anaco de cinta de cello en cada esquina ou un cello que pegue polos dous lados, por todo o respaldo, ou facéndolle con chapa de folla de lata dúas guías para que corra e quede plano. Esta parte chámase o chace, ie a cámara-bote xa está

completa! podendo engadirlle os perfeccionistas un tornillo por fora soldado ou apretado cunha tuerca para poder suxetala nun trípode de fotografía (os que o teñan).

Calculando o tempo de exposición

En primeiro lugar, hai que aclarar que a **rapidez** das películas veñen dados en valores DIN, en Europa, ou en valores ASA, en América. Os veladores DIN méduran en proporción xeométrica, e os ASA méduran en forma aritmética, polo que 400 ASA é dobre derrapado que 200. Hai outro método inglés de medida o BSI, pero por estar en desuso deixámolo aparte.

O termo "rapidez" non quer decir que a película ou papel fotográfico sensible, corra ou se mova, senón que a maior rapidez menos luz necesita para a súa sensibilización, tendo xa que logo tempos de exposición menores.

Regla do número inverso.

Se nos temos unha película 125 ASA para fotografar con luz de sol forte, usando diagrama f:16, temos que facelo somentes durante unha centésima de segundo.

Está ben claro que nós non temos unha cámara-bote coa posibilidade de dividir un segundo en 125 parte, pero iso non debe preocuparnos pois a sensibilidade aproximada do papel fotográfico só chega a 4 ASA, e o número C da nosa cámara non é f:16, senón f:364. En-

tón debemos facer unha taboa que se acomode ao noso caso, e seguindo a regra xa anunciada.

¡Xa está!, con tempo soleado a nosa cámara de luminosidade f:360 correspóndelle 128 seg., que son tamen 2 min e 8 seg.

Imos a un cuarto onde non entre luz algunha e pegamos un anaco de papel fotográfico que antes mercaremos nunha tenda, indicando que debe ser papel normal e do formato máis pequeno que teñan, por exemplo de 8x10. A marca dá o mesmo, é se vos intentan vender un que din plastificado ter en conta que non representa moita ventaxa pra nós, e en cambio é máis caro.

Agora nun día soleado ao campo, e tendo a cámara cargada co papel, co "obxectivo" tapado co dedo ou cun anaco de cinta aislante negra orientámos de forma que o sol nos de polo lombo ou millor por enriba dun hombreiro, e apoiámos firme a cámara-bote nun trípode, nuha pedra, nun carballo, e destapamos o obxectivo e contamos 2 minutos e 8 seg. tapamos e xa temos feita a primeira foto artesana e popular.

Seguiremos, pois, cando xa teñades feita a **máquina**, calculando a súa luminosidade, e mercando o papel, co revelado da primeira foto.

Se algún se vos ríe á cara e vos di que non ten senso o que facedes, que son millores as fotografías Palaroid, recordádelle que neste caso trátase dun redescubrimento de fotografía, como da primeira que fixo Nicephore Niepce, hai máis de cen anos, e a que tivo que darlle oito horas de exposición. As veces para andar para adiante hai que andar antes para atrás.

Camino

MILLADOIRO

A GALICIA DE MAELOC

NOVEDADES:



RUADA

editorial discográfica galega

¡XA ESTAN NAS TENDAS!

MERCAR **RUADA**
E DEFENDER A NOSA
CULTURA E OS NOSOS
MEDIOS DE EXPRESION...



DE PROXIMA APARICION:



"PIANO CLASICO GALEGO"

(NATALIA LAMAS INTERPRETA PEZAS DE A. GAOS E R. GROBA)



"CONTOS QUE VAN PRA A FEIRA"

(POR FIN UNHA GRABACION ESPERADA DE CARLOS "O XESTAL")

da arte e dos xeitos

POR FELIPE SENEN

AS GÁRGOLAS DE COMPOSTELA

As gárgolas sempre foron motivo de inspiración, máis para os poetas que para os escultores ou os pintores. E velaí unha fonte para tomar motivos e enriquecer o arte galega, íla construíndo de vagariño.

Temos, pois que botarlle unha ollada ás gárgolas composteláns, reparar nelas ou tan xiquera pararse nas dos moitos mosteiros de Galicia. Atopáremos con algo inédito, con algo que vasi desde a sinxela das formas que semellan un cañón deica as máis rebircadas, eróticas e monstruosas. Toda unha lección de simboloxía e de creatividade feita na pedra para trousar água desde os tellados.

Achegarémolos en Compostela á Ruas de Valdediós que seguindo os Herrerianos balados de San Martiño Pinario lévanos cara

a San Francisco a carón do moimento obra de Asorey. Alí ollamos o ballet de monstruos asomando desde o tellado, alegorías aos vicios, temas herdados do Románico, dos canicelos das moitas ermidas que inzan os arredores de Compostela. O mundo luxurioso da nobreza, dos titiriteros, a alquímia, os trasnos, as meigas... Enseñas do carpeiro, da envexa, do lacazán, da gula e todo con dada sua nota erótica, temas que aínda hoxe nos poñen as meixelas vermellas. Temos que reparar nos gárgolas atoparemos un misterio da arte e das fontes para facer a arte galega.

Cavilo en que moitos artistas que presumen de solo nen tan xiquera coñocen este aspecto, esta lección que se nos amosira no tellado do Hospital Real de Compostela na Plaza do Obradoiro, antoloxía de formas grotescas, de arremedos e de



caricaturas queixaludas e fartas. Temas que xa o Mestre Mateo tratou nas mesmas bases do Portico da Gloria, onde aparecen os oito monstruos apocalípticos. Nesta están moitas obras de Goya, ese mundo máxico que semella aprendido en Compostela e quizais no seu viaxe a Sargadelos convidado por Ibañez... Calquera o sabe, pero o certo é que neste artista está o monstruoso, o gris dos canicelos, das gárgolas, da superstición.

Tamén Asorey enxergou a arte das gárgolas e no seu moimento a Curros para Coruña pon ao poeta coa seua arpa de ferro pisando á insusticia, á cacidquería á soberbia, grotescas con cara de corvo e do porco; enseñas dos vicios da nosa nación. Pasado e futuro tecen arte.

Enrrugas simétricas, ollos e espreitando, bocas trousando

água a borbótóns, encadeadas as gárgolas cara ao ceo gris. Nelas hai un algo que está na pintura de Laxeiro, nesas caras redondas como luas ou mazáns, nas que látexa un sono panteista, ha aquí un algo que esta tamén na obra de D. Otero Pedrayo, mentras que soberon enxergar a arte de Galicia.

Mouchos, sapos, corvos, castróns...vertendo água choiva coa. Que non aconteza coma a Capitania da Coruña que a tuaron as gárgolas con canos, semellan gárgolas muas. Elas están feitas para choiva, para estar castigadas, encadeadas no tellado seres máxicos que somentes rinas treboadas, enseñas que os artistas, os pintores, os escultores, os fotógrafos e as novas formas de facer arte deberán aprender para seguir enredando na raíces, na identidade e na sensibilidade do arte do noso pobo.

andando a terra

Por M. HOTAS VILANOVA

UNHA SENTENCIA DO SECULO XVI

Unhos dos persoaxes galegos que entraron no reino da lenda e no da fantasía foi o célebre Pedro Alvarez de Sotomaior, que pasou a Historia co nome de Pedro Madruga. De los son coñecidas as facherías de Pedro Madruga e as súas barbaridades incurso andan en romances. Lembremos agora os espolios contra a eirexa de... e a prisión do seu bispo, ó que tivo certo tempo pechado na gaiola de ferro. Ou cando paseou por Ribadavia ó abade de San Clodio acabou dun arro e cunha resta de altos ó escozo. E a súa intervención decisiva, na derrota dos irmandiños. Dín as crónicas que na batalla de Almaciga, perto de Compostela, fixo pasar a coitelo unhos sete mil irmandiños. E tamén a súa rebelión contra Isabel de Castela, a chamada "Católica".

Como é sabido, Pedro Madrugaera Conde de Camiña por estar casado coa dona portuguesa don Terixa de Tavora, p... ante de reises. Dahi a influencia

que Pedro Madruga tivo co rei Pedro IV de Portugal, chamado o "Africano". Estas axuda do rei dos portugueses foi decisiva pra derrotar ós irmandiños.

Pedro Madruga tivo un fillo que levou o seu mesmo nome e os seus mesmos apelidos. E como de caste lle viña ó galgo matou a súa propia nai. Primeiramente intentou enveliñala. Pro non pudo. Mais con xente de seu logrou darlle morte, dun xeito cruel e espantoso. Do ano 1.518 é a sentenza dictada contra D. Pedro Alvarez Sotomaior — fillo — polo licenciado Ronquillo e que publicou enterira o poeta e erudito D. Antonio Rey Soto.

Velaquí como conta a sentenza o envenenamento: "...e estando así ferida e a punto de morte, e echada en cama en casa del dicho Mendo Alonso, clérigo, en el dicho lugar de Arbol, el dicho don Pedro creyendo que la dicha Condesa, su madre, no morería de las dichas heridas e palletadas que tenía en sel cuerpo, reinando en él Satanás, que había ya entrado en su corazón, e por dar fin a los días de dicha Condesa, su madre,

con mucha diligencia y prisa, desde el lugar de Morentán, donde al presente vivía e envié a un criado suyo, e a otras personas, al Reyno de Portugal por ponzoña e yerba e solimán para acabar de matar a la Condesa, summadre.— De que no se pudo hallar la dicha yerba a ponzoña e solimán por el dicho criado del dicho don Pedro, e por las otras personas con quien lo envié a buscar, continuando el dicho don Pedro su diabólico propósito, alevosía e traidora intención..." ordenou que unhos criados seus remataran a súa nai xa ferida. E os criados... "le tiraron las dichas palletadas, con las dichas ballestas, la una de

las cuales le dio por los pechos e le quirtó luego la habla; e luego echaron mano a sus espadas e le dieron dez e ocho heridas e cuchilladas..." O que ven de seguido é ben doado de adiviñar. Despois de morta a Condesa, o seu fillo saqueou o castelo no que vivía súa nai.

A parte dispositiva da sentenza contra don Pedro di, entre outras cousas: "...le debo condenar e condeno

que, en podendo ser habido e preso en cualquier ciudad, villa o lugar destes Reynos e señoríos de sus Altezas, sea sacado de la cárcel pública, atado a la cola d'un macho o rocín, arrastrando su cuerpo por el suelo, por las calles públicas acostumbradas de de la tal ciudad, villa o lugar donde fuere preso, con voz alta de pregonero, diciendo la causa de su culpa, hasta un río, o mar, o lago profundo más cercano, e allí sea metido vivo en un cuero o cuba, e dentro del, un gato, e un perro, e un gallo, e una serpiente, e cerrado el dicho cuero o cuba, e echado e lanzado

en el dicho río, luego metido dentro y vivo, por manera que estando vivo comience a carecer e carezca de la vista e participación de todos los cuatro elementos, de la tierra su muerte natural e del espíritu vital, e de

allí después de muerto, sea sacado, e descuarticen su cuerpo, e fagan cuatro cuartos, los cuales mando que sean puestos en cuatro puertas públicas de la ciudad, villa o lugar do fuese preso, porque su cuerpo padezca tantas maneras de énero de penas acu

cuantas él intentó de dar e... a la dicha Condesa su madre... Además a condena contem... otras penas como son a confesión dos seus bés que... lo aplico e confisco todo a la cámara e fisco de la Reyna y Reynos Señores e a sua corona real. "Os que se chamen a estes bés perderán os propios e cortarán lle a lingoas. Os que encubran a don Pedro perderán os bés e a vida. As penas prós cómplices de don Pedro son arrepiantes. Por exemplo Xoán Martínez e Domingo Troiteiro foron condenados a ser arrastrados polas vías públicas atados ó rabo dun macho ou "rocín". Logo levaríanos ó tándado ou picota... e allí con tenazas de fierro ardiendo, sean sus carnes de sus cuerpos despedazadas fasta tanto que allí mueran de su muerte natural, e den su espíritu vital..."

Non sei cal sería a sorte deste cómplices. Sospeito que sería a mesma do amo. Porque don Pedro Alvarez de pra decir con lingoaxe xurídico "non puido ser habitado". Fuxo pra Italia. E a sentenza non se puido cumprir.

arredor de nós

por CHAIRA

A AGUA

Todo o mundo ten coñecemento das características da água como líquido que, en grandes cantidades, presenta cor azulada, pero que non estando así é incoloro, inodoro e insípido.


Unha característica deste elemento é a posibilidade de evaporación que presenta polo efecto da calor ou de se solidificar pola acción das baixas temperaturas formando o xelo que presenta unha menor densidade polo que aboia na superficie da água.

Tanto pode actuar como sustancia disociante e rescom-

pondo materias diversas, e presentando unha importancia características como é a capacidade para a acumulación de calor na natureza equilibrando fluctuacións térmicas.

A água na sua forma líquida cobre arredor do 71 por cen da superficie terrestre, dando lugar aos mares, rios, lagos e águas soterráneas, mentras que na súa forma sólida constitue a neve e o xelo.

A existencia dun complexo ciclo da água é moi importante, integrado polos procesos de precipitación, escorrentia e evaporación, abranxando todo o planeta, e entrando a formar partes dos seus vivos como un



tema de crencia. Son moitos os testemuños deste culto; personificándose e divinizándose rios, fontes, lagoas..., atribuíndoselles moitas veces o seren morada dos encantos, xigantes, xarais, home-peixes..., e a água como fonte de vida é loxicamente susceptible de ter un culto á fertilidade e á fecundidade.

Parelo a un aumento da poboación medra a demanda dunha serie de recursos nos que se encontra a água.

Non sería doado imaxinar a vida sen a presenza do sol e da água, esta água abundosa en Galicia e como noutras partes do planeta estase a despilgarrar contaminando a natureza.

compenente imprescindible.

No corpo humano a água forma o 60 ou 70 por cento mesmo, superando o 90 por cento en algun animais e vexetais. As relacións bioquímicas, polo tanto os procesos vitais danse en presenza dunha fase acuosa, polo que a sua fall repercute nas actividades vitais podendo producir a morte.

Tanto o sol, o lume, a terra e mais a água son e foron obxecto de culto desde ben antigo. Probabelmente derivado de ser un elemento básico para a vida deu lugar en Galicia a crencia do tipo naturalista-animista integrándose o culto á água neste as-

LIBROS

HISTORIA DE GALICIA, do FRENTENCULTURALDAANPG

Por MANUEL MÁRIA

OS EDITORES

Deiante da necesidade, longamente e fondamente sentida, dunha historia da nosa nación escrita dun xeito didáctico, científico e nacionalista, o Frente Cultural da Asambleia Nacional-Popular Galego (AN-PG), cumprindo unha obriga, propuxose levar a bó rama esta urxente tarefa pra que os galegos poideramos coñecer a nosa propia historia. Este cometido cumpriuse. A mellor proba é que os dous meses de sair a rúa a obra esgotouse, tendo a tirada do libro tres mil exemplares, feito singular cunha publicación galega e máis se se ten en conta a falla de apoio publicitario e mesmo de recensións nos xornais. Como o costume os loubadores e chufos de libros, colaboradores habituais da prensa que se edita en Galicia, esqueceronse desta historia.

O volume consta de 214 páxinas. A impresión é digna e sobria. Leva unha portada a tres cores feita polo pintor ourensán Perfeito A. Estevez. Imprimeuse en Pontevedra no obradoiro da viuda de Miguel Lopez Torre, en novembro de 1979. Estase a preparar unha nova edición, con moi pequenas correccións.

OS AUTORES

Este manual foi escrito por varios especialistas, a saber:

O capitulo titulado A PREHISTORIA E A EDADE ANTIGA escribiuno FELIPE SENEN, director do Museo Arqueolóxico do Castelo de San Antón da Cruña, coñecido prehistoriador e conferenciante. E moi lida a súa colaboración semanal en A NOSA TERRA referida ó arte galego, cunha preferencia especial dirixida cara ó arte popular.

O capitulo adicado a EDADE MEDIA escribiuno ANSELMO LOPEZ CARREIRA, licenciado en Historia e profesor de Instituto de Bachillerato.

A EDADE MODERNA e o capitulo redactado por FRANCISCO CARBALLLO, profesor en Vigo e coñecido historiador, especialista en temas de historia de Galicia.

E a parte adicada a EDADE CONTEMPORANEA ATE 1936 é obra de Xose R. BARREIRO FERNANDEZ, Profesor da Universidade Compostela e ben coñecido polos seus libros sobre dispersos aspectos do século XIX en Galicia.

O volume comprébase cun APEN

DICE referido A EDADE CONTEMPORANEA DESDE 1939 ATE 1979, moi sucinto, elaborado por FRANCISCO CARBALLLO.

Pese a diversidade autores, o volume resultou moi ben artellado e o seu galego é bastante homoxeneo, cousa que lle hai que agradecer o coordinador, o poeta ourensano MILLAN PICOUTO.

ANTECEDENTES DA OBRA

Entre os antecedentes deste manual, entre outros de Murguía, Otero Pedraio e Alvaro María de las Casas, compre señalar o **Resumo de Historia de Galicia**, de Florencio Vaamonde Lores, impreso no 1889 e a **Historia sintética de Galicia**, cunha primeira edición e de 1927, de Ramón Vilar Ponte. En español circulaba polas librerías o volume de Vicente Risco, **Historia de Galicia**, cunha cantidade increíble de datos mais moi incompleto no que se refire ós séculos XIX e XX. Os libros de Vaamonde e de Vilar Ponte son xa pezas de bibliófilos e están moi rebasados en tódolos senso, aínda que eso non queira dicir que non teñan a súa utilidade.

Noutras nacións do estado hespañol habia, dende hai anos, manuais de historia moi asequibles, traducidos o español en algúns casos. E lembramos pra Euzkadi o de Martín de Ugalde. E pra Catalunya os de Soldevila e o de Reglá.

O CONTIDO DA OBRA

A obra é o que pretende ser: un manual de Historia de Galicia. Nin máis nin menos. Mais e un manual escrito con solvencia intelectual e con rigor científico. E tamén con amenidade. Coidamos que, neste senso, non se lle pode pedir máis.

Hai que ter en conta que a Historia de Galicia ten unhas lagoas enormes. Hai feitos e incluso épocas das que se sabe moi pouquiño ou case nada. Na medida do posible estas lagoas estanse enchendo. Cada día van aparecendo novos estudos, mais monografías encol de temas determinados, fanse máis descubrimentos. E así como se vai completando as fallas de información que tiñamos do noso pasado. Dende logo que se notou xa a creación do Departamento de Historia de Galicia na Universidade Santiagués. Xa temos moitos traballos que saíron del. E aínda virán máis. Era unha verdadeira vergoña que na Universidade de Compostela houbera un Departamento de Historia de América. E nembargantes que non o houbera de Historia de Galicia.

Somos profanos na materia. Uni-

camente unhos modestos aficionados, que procuramos estar informados, na medida das nosas posibilidades, da historia da nosa nación. Por eso este pequeno artigo non é mais que as impresiós que pode ter un galego do común. A gran aportación deste manual, no que entendemos, e que estudada con certa amplitude os movementos sociais da nosa nación, a demografía, a economía, os fios sotiles que tecen a historia dos povos e que son esenciais pra determinar o destino deses povos. Si non se estudan a fondo as motivaciós económicas non se poden entender tampouco os movementos sociais. Por primeira vez temos un manual de Historia que non é unha tulla de sucesos guerreiros e unha lista de varos ilustres e de reises alleos a nós. Este xeito de entender a historia entendemos que é crarificador e útil. O resto e sempre erudición.

En moitos dos capiduos trae unha bibliografía moi útil. Coido que nos capiduos que falta había que poñela. O mesmo que unha taboa cronolóxica cos feitos máis sobresalientes, que sería dunha grande utilidade. Esa taboa cronolóxica está feita, e publícase incluso, por algún dos coautores do volume. Sería cousa de adaptala pra esta publicación. Así os galegos decataríamos das nosas propias emerxencias.

Persoalmente gustaríame que algúns persoaxes e algúns dos fastos da nosa Historia, que diría Pondal, estiveran tratados con mais amplitude. Con todo coidamos que así está ben. E que realmente, pra ser un manual saíu unha obra redonda.

REMATE

Recomendamos a tódolos galegos a lectura desta HISTORIA DE GALICIA, cunha segunda edición estará axiña a venda. Co coñecemento da nosa Historia moitos galegos abrirán os ollos. E descolonizaranse. Pra outros moitos vai sér motivo de cavilación. E ós patriotas galegos afirmaraos mais no amor a súa patria. Desto estamos ben seguros.

Este libro non pode faltar, non debe faltar, en ningún lar galego.

MUSICA

O DESAFIO DE CEN SEMANAS

Logo de pasar cen sema-

nas mantendo unha sección na que se falou de folclore, musicoloxía, concertos, obras estrenadas, historia da música, socioloxía, novidades discográficas, etc. Coido que compre falar un pouco da propia sección que naceu como un desafío aos complexos de inferioridade dunha boa parte do microcosmos intelectual do País.

A idea é tan simple como pode sélo o escribir en galego tendo claro que Galicia é un país europeo e a súa cultura é partícipe da cultura europea. Non existía razón de ningún tipo que impedira tentar que a nosa sección tivera a competencia que pode ter unha semellante dunha publicación non especializada de Italia, Francia ou Inglaterra. Tampouco existía razón de ningún tipo para que non se publicara nun semanario galego unha información resumida sobre traballos — propios ou alleos — importantes para a nosa cultura que verían a luz noutras línguas e en revistas de especialidade. Doutra banda, coidamos preciso manter unha información sobre labores creativos ou de investigación realizadas fora de Galicia basándonos en razóns tan simples como as do intercambio cultural. Finalmente, e isto é o máis importante, prantexar a necesidade de facer crítica musical desde criterios musicais e non desde a crencia, a superstición ou a intuición. Moitas veces, especialmente no eido da música comercial, exercitar a crítica musical significou ir contra opinións fortalecidas por propaganda e tópicos e sentimentalmente vinculadas a actitudes políticas, e que cren que o factor sonoro e desbotábel no tratamento do tema musical. Presumo que cumprimos co compromiso de construír unha sección musical comparable coas boas de prensa non especializada de Europa e bastante superior no tratamento e instrumental crítico utilizado, á meirande parte das publicacións en castelán, catalán ou euskera. Para nos, que os nosos traballos para A NOSA TERRA seán solicitados e citados por especialistas europeos proba que se pode facer cultura en galego coa seguridade de que se o que dices ten interés, será respetado o mesmo que se o teu traballo se fixo en inglés ou en alemán. O único problema é que exista intercambio de información e

este é esencial para traballar sen perder o tempo.

Limitándonos á cultura galega, coido que o ter axudado ao despertar do interés pola obra dos nosos músicos históricos — Vaquedano, Muelas, Verdugo, Adalid, Gaos, Soutullo, Melchor López, etc. — é o someter a críticas as novas composicións dos vivos — Groba, Bal, Macías, Trillo, etc. — e a faciana máis interesante destes cen números de labor, ao marxe dos debates e valoracións sobre a problemática da pedagogía musical e conservatorios; as orquestras; a investigación musicolóxica; a investigación folclórica e o tratamento do tema "música lixeira" e o seu papel na sociedade musical, que ocuparon moito do noso espacioso.

Loxicamente, seguiremos a estudar figuras importantes da composición internacional, — delca falamos agora fundamentalmente de creadores ibéricos — Jesús Villa Rojo, Agustín González Acilu, Joan Guinjoan, José Luis Isasa, Xavier Benguerel, etc. — máis temos proxeccionado artigos sobre outros músicos europeos vivos. Seguiremos sendo testigos do que facer musical extragalico e, novamente, comentaremos os concursos de composición aos que teñamos asistido, así como aos actos que coidemos de información importante para a TERRA.

Finalmente, e tras desta proluxa auto-promoción do labor de Margarita Soto, Lois Rodríguez e a miña propia, quisera agradecer a súa colaboración a Manuel Balboa, Xulio Andrade, Xesus Coeiro e Xan Trillo que cederon traballos sempre que se lles solicitou.

E marxinalmente, por se aínda queda dúbida, insistir no agradecemento a A NOSA TERRA pola total e absoluta independencia concedida á sección de música; independencia que lle custou á revista algún disgusto que outro, e que saben recoñecer incluso os que no nome de bilingüismo cultural atacan á revista. Podo atestiguar, pola miña publicación, de calquer signo ou lingua, coa excepción de Ritmo. Ah!, e ique escribindo en galego, en revistas galegas, tiven máis problemas que noutras publicacións nin de esquerdas nin de galegistas pero con respecto polo traballo intelectual.

XOAN M. CARREIRA.

AXENDA

MOSTRAS

SOBRAL. Astra o 30. Na Saa de Arte do Ministerio de Cultura. Rua do Vilar. Santiago.

"CENTENARIO DEL DESCUBRIMIENTO DE ALTAMIRA". Fotografías e paneis. Astra o 12 de abril. Museo do Pobo Galego. Santiago.

BUCIÑOS. Escultura. Astra o 2 de abril. Galeria "Catro". Tabernas-4. A Coruña.

HUGO BRICEÑO. Galeria "Centro d'Art". O Ferrol.

MANUEL GONZALEZ NUÑEZ "MAGNU". Pintura. Saa do "Banco de Credito e Inversiones". Astra o 2 de abril. Lugo.

"ABRACADABRA", grupo de pintores. Astra o 30. Paraninfo da Diputación. Lugo.

ALFONSO DIAZ JATO. Oleos. Astra o 2 de abril. Diputación. Lugo.

ANXEL. Lignografías. Astra o 30. Galeria "Prisma". Lugo.

CURSOS

CLASES DE GALEGO EN MADRID, por profesores nativos. Xoves, as 7 do serán, na Agrupación Cultural Galega "Lóstrego". Calle Barquillo-18. Madrid.

A ASOCIACION SOCIO-PEDAGOGICA GALEGA impartirá cursos de Preescolar e de Medio Ambiente Natural, Flora e Fauna Galegas na Escola Universitaria de E.X.B. de Santiago. Os Cursos empezarán o día

11 de abril as 6 da tarde. A matrícula está aberta na Librería Couceiro hastra o día 8 de abril. Están tamén na Librería Couceiro os diplomas de todos os que asistiron a cursos anteriores impartidos pola A.S.-P.G.

CERTAMES E CONCURSOS

II CONCURSO LITERARIO "NOS". Organiza o Grupo "Nós" de Sabadell, en combinación coa Comisión de Cultura do "Centro Gallego de Barcelona", co gallo do "Día das Letras Galegas". Duas categorías (Xuvenil, astra os 17 anos, e Aberto a todas as edades) nas modalidades de prosa e poesía (conxunto de tres poemas). Os traballos en prosa terán un mínimo de 5 follós e un máximo de 10, por unha cara e a dobre espácio. Irpan por duplicado, dentro dun sobre que diga "Pró Concurso Literario", con indicación de categoría e modalidade. Dentro dese sobre irá outro pechado cos datos persoais do concursante, e o lema ou pseudónimo. O prazo de admisión pechase o 3 de maio, e o fallo darase o 17; nun acto organizado polo "Centro Gallego" no Paraninfo da Universidade Central. Os primeiros premios premiaranse con dez mil pesetas en metálico ou libros, e publicaranse en maqueta especial nun número extra que publicará o "Centro Gallego" co gallo das "Xornadas das Letras Galegas", e do que os

gañadores serán obsequiados con 100 exemplares. O Grupo "Nós" reservase o dereito de gardar os orixinais, e o feito de concursar implica a aceptación das Bases.



PUBLICACIONES

INSTITUTO PARA A NOSA COMARCA. Informa da Asambleia Nacional Popular Galega para os concellos de Ares, Mugaridos, Fene, Neda e A Capela.

ACTOS

BERNARDINO GRAÑA. Recital de poesía na "Sala Carral", do Círculo Ourensán-Vigués, para sócios da saa. Día 29, ás 20,30. Vigo.

PROBLEMATICA DA ARTE RUPESTRE DO NOROESTE, mesa redonda con Vitor de Oliveira Lorge, e máis Carlos Alberto Ferreira de Almeida, da Universidade do Porto, J. de la Peña Santos, Xosé Manuel Vázquez Varela e máis Carlos García Martínez. Co gallo da mostra "Cien años del descubrimiento de Altamira". Día 28, as 8 do serán, no Museo do Pobo Galego. Santiago.

AUDIOVISUAL SOBRE A "ARTE RUPESTRE GALEGA", montado coa colaboración do Laboratorio de Formas de Sargadelos. Todos os días, ás 12,30, 17,30 e 20 horas. Co gallo da mostra devandita, no Museo do Pobo Galego. Santiago.

DISCOS

Wolfgang Amadeus Mozart. — OS CONCERTOS PRA FLAUTA E ORQUESTA.

Solista. — Jean-Pierre Rampal. Orquesta de Cámara do Centro Musical de Jerusalem.

Dtor. — Isaac Stern. ERATO — Hispavox S 60.368. Grabación. — 8 — Interpretación. — 8.

Unha fermosa interpretación dos concertos mozartianos, nos que Rampal amosa unha vez máis a súa

musicalidade e o seu inimitábel son. Resulta curioso atopar como director ao coñecido violinista xudeo Isaac Stern ao fronte dunha orquesta israelí. Unha versión interesante que podemos recomendar.

Charles Gounod. — SINFONIA NUM. 2 EN MI BEMOL MAIOR. Orquesta Filarmónica Rumana do Estado de Transilvania.

Director. — Jean-Louis Petit. Arión-Hispavox. 60.334. Arión, o selo adicado a "obras raras", presenta desta volta unha partitura claramente menor de Gounod, o grande operista francés. O interés é moi limitado.

John Renbourn. — THE BLACK BALLON. CFE-Guimbarda GS-11073.

O grande guitarrista inglés volve neste disco á máis importante época da historia da música anglosaxona, a victoriana, e presenta fermosas interpretacións de pezas do repertorio renacentista, así coma composicións suas ao xeito da época.

CINE

O PROCESO, de Orson Welles. Día 28 de marzo. Cine Avenida, as 10,30. Cine-club Marín.

"UOMINI CONTROL", de F. Rossi. Italiana. Día 28 de marzo. Na Casa da Cultura, as 10,30. Cine-club "Padre Feijoo". Ourense.

curso de lingua

DAZANOVE

X. M. DOBARRO PAZ
M. P. GARCIA NEGRO

CASTELAO:
Sempre en Galiza (III)

LANCE TERCEIRO
ESCEA I

(Fondo negro e chan negro. Aparece Pimpinela sentada, coa nai a súa dereita e o pai a súa esquerda.)

A NAI.- ¡Anda Pimpinela! Anda miña variña de avelao.

PIMPINELA.- ¡Non!

A NAI.- ¿Non reparas na que che espera se te casas con ese ese cuspe? Vivires nunha terreira como esta, andares coma min. Chegares do traballo feita un esterco, sen roupa que mudar, sen frescuriña para mudar sen frescuriña para botares no xergón de casulo. (O pai tuse para impor respeto)

PIMPINELA.- ¡Non!

A NAI.- ¡Ai, meu caravel de cera! ¡Ai, como te deixaches rular por un pito caíro! ¡Ai de ti, se non te coutas! Andarás sempre co corazón enloitado, se pan no forno, sen lume na lareira, sen estrume na corte. Mirrada de frío e chubada de fame.

O PAI.- ¡Faille caso á tua nai, Pimpinela!

PIMPINELA.- ¡Non!

A NAI.- Esvaeranse as coores que che pintou Noso-Señor a man tenta. Deixaras de ser mazán e cereixa. Trocaraste un figo merado. Coberta de remendos, torrada pola raxeira, a fuxires dos espellos para non verte. En troques....

O PAI.- En troques, se lle pos cara ao señor Fuco.....

PIMPINELA.- ¡Non!

A NAI.- ¡Ti que dis, toliña! ¿Quen te cegou para non veres a regalia do mundo? ¿Quen che botou terra nos ollos? ¡Desperta!

PIMPINELA.- ¡Non!

O PAI.- ¿Ques ser un baldreu coma moitas?

A NAI.- terías unha casa de vinte fiestras e unha solaina, terías criadas e criados ao teu servizo, terías fartura de pan, de viño e de todo canto pode dar a terra.

O PAI.- Dúas xuntas de bois e sete vacas.

A NAI.- Arderían carballos enteiros para que a tua parrumeira botase fume e o señor Fuco cegaría coa tua fermosura.

O PAI.- E todos saíramos desta probeza.

A NAI.- Arcas acuguladas de lenzo, almários cheos de roupa, e ti a rir sempre coma se foses unha fidalga. ¡Ainda meu lucreiro!

O PAI.- ¡E que diaño! O señor Fuco é un vello e cando lle chegue a súa hora, xa veras ti como chaman na tua porta os mellores mozos da parroquia.

A NAI.- O señor Fuco é un home de ben e anda ceguño por ti. ¡E valo despreciar, meu corazón!

(O pai volve a tusir para impor respeto)

A NAI.- ¿Serás quen de desbotares os consellos dos teus pais? ¡Unha filla tan boa coma ti....!

PIMPINELA.- ¡Non!

O PAI.- ¡Xa o creio que o pensarás!

A NAI.- Compara, miña filla, e cavila no que che espera con un e con outro. Dunha banda, o rir, e da outra, o chorar.

O PAI.- O día e a noite. O pan e a fame. ¡Escolle!

(Vaise a nai por un lado e o pai polo outro. Pimpinela fica sentada.)

No intento de ofrecermos unha mostra o máis representativa posibel de Castelao, hoxe seleccionamos outro aspecto importante da súa obra literaria. Trátase dun anaco da única peza dramática que escribiu e que é un dos fitos máis importantes na historia do noso teatro. Ao igual que o resto da súa obra, Castelao concebeu "Os vellos non deben de namorarse" con mentalidade dun pintor. E isto non só na parte técnica (escenografía, caretas, decorados, traxes, dos actores....) senón tamen na mesma composición dos diálogos, cheos de pastichade e colorido, como nos explicita o mesmo Castelao: "Esta é unha obra maxinada por un pintor e non por un literato".

Carballo Calero ten trazado o esquema desta "artimaña escenográfica" —como a chamou o mesmo autor—, esquema que imos seguir aquí. A obra consta de tres lances, que gardan un total paralelismo entre si, non só polos personaxes —versións do mesmo tipo— senón tamén polo tema desenvolvido. O protagonista é o Vello (don Satúrio, do Ramón, o señor Fuco), a antagonista é a Moza e o xogo teatral está arredor da oposición do Amor e a Morte. O amor senil como precipitación da morte dos vellos. A simetría entre os tres lances —simetría tan característica de toda a arte popular é total e está reforzada mesmo a nivel fonico cunha recurrencia facilmente identificábel nos nomes das rapazas. Lela, Micaela, Pimpinela. O Epilogo danos a visión dos tres vellos xa mortos sobre o seu erro pasado e resume a intención "moral" da obra.

O anaco que seleccionamos é a primeira escena do Lance III e reproduce, como se ve, o diálogo tenso entre pai e filla a propósito do casamento desta co vello señor Fuco, que os pais dela queren concertar a toda costa. Que o matrimonio para a muller funcionaba como unha das poucas posibilidades —a única, en moitos casos— e si moi real na nosa sociedade. Por riba de escollas, a alternativa estaba efectivamente entre o pan e a fame, o día e a noite, como se di na obra. Pimpinela casa co vello, pero o "orde" queda restabelecido finalmente, unha vez morto aquel e cando ela casa co seu antigo mozo.

Lingüísticamente repararemos en primeiro termo en **escea**, ao que se lle suprime o **n** por hiperenxebribo ou mesmo que acontece con palabras como **zoa**, **argaizar**, **reaccionario**... que en galego son **escena**, **zona**, **organizar**, **reaccionario**...

Te casas. Hai en galego unha serie de verbos que poden funcionar como

transitivos ou reflexivos como **casar**, **afogar calar**, **ansar**, **apartar**, **apodrecer**, **despertar**, **esquecer**, **marchar**, **morrer**, **quecer**, **secar**.... se ben e

máis frecuente o seu uso como transitivos.

Na escena que escollemos como na obra de Castelao en xeral, comprende un abundante uso que fai do infinitivo conxugado. Esta forma de infinitivo, moi peculiar do galego-portugués, que ten como paradigma **andar**, **andares**, **andar**, **andarmos**, **andades**, **andaren**, está moi viva na fala popular aínda que hai zonas do país nas que non se rexistra. O seu emprego máis frecuente é nas oracións adverbiais, sobre todo nas finais, e cando o infinitivo é complemento dun sustantivo. No caso das perífrases non debemos empregalo a non ser que o infinitivo esteña distante do verbo do que depende. Neste texto todos os que aparecen están en segunda persoa **vivires**, **andares**, **chegares**, **borares**, **fuxires**, **veres**, **desbotares**, e todos eles responden perfectamente aos usos da fala popular.

Ques é unha variante do máis habitual **queser**.

Merado é un adxectivo que indica o dano producido pola **mera**, isto é, a neboa mesta e húmida. Por extensión, pode funcionar como sinónimo

de danado, botado a perder, derramado, murcho, seco, etc.

Raxeira é o sol que aparece os días cubertos entre as nubes, de cando en vez e que, normalmente, non é sano.

Fiestra é moi usado na literatura por **ventana**. A razón é diferenciar lista como noutros temos que xa te mos visto. Debemos usar esta ou **xanela** e reservar **fiestra** para as ventanas pequenas por exemplo dunha igrexa.

Ficar é sinónimo de **quedar** **permanecer** **seguir** **continuar**.

Seras quen de desbotares... e quivale a "seras capaz de...". Esta expresión sobre todo cando é negativa, ten unha perífrase no noso idioma, que é "non dar feito algo como non deu rematado o traballo" non da chamado por teléfono, co sentido tamén de non conseguir non acabar de... etc.

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73	74	75	76	77	78	79	80	81	82	83	84	85	86	87	88	89	90	91	92	93	94	95	96	97	98	99	100
---	---	---	---	---	---	---	---	---	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	-----

- A) 130 41 115 71 8 21 86 6 116 123 44 66 12 65 30
- B) 7 22 78 128 39 109 125 52 42 40 2
- C) 18 32 99 50 13 106 78 40 44 83
- D) 72 60 34 102 3 73 27 108 96
- E) 61 16 88 33 54 48 101 117 24
- F) 23 4 62 31 10 120 77 43
- G) 84 20 51 44 110 82 105 58
- H) 44 43 104 132 81 103 118 18
- I) 53 100 82 72 26 42 131
- J) 75 45 30 14 11 29 65
- K) 44 69 118 124 80 84
- L) 41 128 35 126 64 111
- M) 25 94 4 28 39
- N) 70 5 40 85 29
- O) 61 155 14 121 37
- P) 53 54 112 102
- Q) 13 114 40 46
- R) 68 45 1 73
- S) 34 48 71

- A) Cidade onde vive M. Hortas Vilanova.
- B) O poeta da Terra Chá.
- C) Aquí facemos A Nosa Terra.
- D) Alá fan os encaixes.
- E) Saltos de agua.
- F) Tempos da máscara.
- G) Son para barrer.
- H) o que traballa no ferro.
- I) E de Lalín e pinta.
- K) Xa están pasados.
- L) Praia de Ribeira.
- M) Monte entre Antas e A Golada.
- N) As máis afectadas polo Estatuto do Leite.
- O) Así están os caciques.
- P) Fíxoma o zapato que me aperta.
- Q) Bebida nacional do Brasil.
- R) Home pequeno.
- S) Prolongación de brazo do mariñeiro.
- J) Non esta, nin aquela.

A TODAS AS UNIONS DA CTG-CSUT

Dende o pasado día 2 de Febreiro non pertenczo oficialmente á CTG-CSUT. O obxectivo desta carta é dobre: comunicar as razóns do meu abandono as miñas reflexións sobre a situación sindical en Galicia e o papel que nela cumpliu e cumpre a CTG. Por outra banda, tamen, sen dúbida, esta carta é unha despedida oficial a xente coa que compartín durante estes últimos anos a idea da CTG, as loitas sindicais desde a súa formación. Tendo en conta que sen embargo esta despedida é aos homes e mulleres da CTG máis nunca o sindicalismo de clase e a loita sindical galega. Sen máis paso a referir, esquemáticamente, as miñas reflexións.

Dende facía aproximadamente un ano a miña presenza na CTG e, especialmente, na dirección da Unión Local de Santiago, mantiñase máis por motivos de tipo persoal que por coincidencia política e sindical. Agora coído que, isto, non era exclusivo meu, senon que lle sucedía e sucede a máis compañeiros.

Despóis de analizar, criticamente, o pasado máis inmediato da práctica política e sindical da CTG cheguei a unha única pero importante conclusión, certa ou non, que fixo me decidira a abandonar o sindicato que tiña contribuído a levantar. Esta conclusión é a seguinte:

A CTG lonxe de contribuir a clarificar o panorama sindical galego confunde.
-A CTG lonxe de fortalecer o campo dos que pretenden cambiar real e radicalmente a nosa nación o debilita.
-A CTG, polo espazo sindical que ocupa (entre o sindicalismo reformista e pseudo patronal de CC.OO. e UGT e o sindicalismo nacionalista consecuente da ING) confunde o panorama sindical galego, impide a completa clarificación sindical e debilita o campo do nacionalismo.
Por esta sinxela razón, moitos traballadores que hoxe militan na CTG

e dedican a ela uns esforzos, están debilitando o campo dos que unca e exclusivamente, sinxela e consecuentemente, pretenden, cunha liña sindical xusta e cunha política clara e intransigente cambiar real e radicalmente a situación dos traballadores da nosa nación.

Se a todo isto xungimos actual situación da CTG encorsetada nuns gremios moi localizados, sen política na que apoiar a súa práctica sindical, so bandazos contínuos, o ser, en moitos casos, simples apéndice radicais de CC.OO. e UGT, a imposibilidade de brindar aos traballadores galegos os servizos sindicais que merecen e a formación política que necesitan.... se temos todo isto en conta, pretender manter por máis tempo esta situación e, canto menos, suicida.

A pretendida idea salvadora da Central Sindical Galega faise cada día máis improbable. Sen posibilidades reais de deixar de ser unha idea bondadosa pero sen garantías de ningún tipo de que non vai ser unha nova Central Sindical con todos os males apuntados para a CTG.

Máis deixar morrer progresivamente un sindicato como a CTG, ou pretender suministrarlle oxixeno con ideas salvadoras cando se acentúan as crises é facerlle un flaco servizo ó noso pobo....

Espero que estas liñas lle sirvan a alguen para reflexionar sobre o futuro da CTG. Penso que a mellor alternativa, sinceramente falando, sería demandar a entrada na ING, sindicato que máis coincide coa esencia dos homes e mulleres que levantaron e manteñen a CTG. Se así fora, esta despedida sería tan só temporal e Galicia sería beneficiada. Seguir mantendo a idea da CTG, coste o que costa, cúa quen caia ou buscarlle falsas saídas dilatorias da única solución real leva aparelado a desintegración progresiva a desesperación e ao abandono de moitos traballadores que aínda a pesares das dificultades, manteñen a esperanza.

MANOLO DIOS

A NOSA TERRA

O INICIO DA COLONIZACION DE GALICIA

Na situación colonial un país carece de clase dirixente independente e propia. Actualmente Galicia carece de gran burguesía e é a oligarquía española quen realmente exerce a dirección sobre o noso país contando, eso si, co servizo dunha burguesía intermediaria que se favorece desta situación.

Pero a colonización non é un fenómeno recente entre nós, producido polo capital financeiro neste século, nen e por suposto e a pesar dos pesares, un reclamo político inventado polas forzas patrióticas.

Polo contrario e por desgracia tratase dunha realidade forxada nun longo proceso histórico de sucesivas frustracións que pode ser perfectamente captado e medido cientificamente.

Debemos preguntarnos por que a burguesía non logrou exercer aquí o control sobre o seu país no caso de que tal clase chegara a ter existido. E por que ese papel non o puido realizar outra clase social galega. Para atopar contestacións a xeitadas debemos remontarnos á época medieval, que é cando vai coallando o poder e o papel histórico da burguesía en Europa.

Desde o século XII resulta ineludible admitir a existencia da burguesía galega mensurable, claro está ao nivel dos tempos. Atopábase en proceso de formación estaba constituída por artesáns e sobre todo mercaderes que, consolidándose ao calor do Camiño de Santiago (gran vía económica medieval) e instalados nas distintas cidades (Santiago Ourense Lugo Pontevedra, Tui, Betanzos, Mondoñedo Coruña...) e vilas, ían medrando cuantitativa e cualitativamente durante a Baixa Edade Media cubrindo o país coa súa rede de negocios.

Paralelamente ao seu crecente papel económico desenvólvese o seu papel político, reflexado nas innumerables revoltas urbanas que levan adiante para conseguir rachar o dominio dos grandes señores feudais (especialmente o arcebispo e os distintos bispos) e instalar un goberno democrático nas cidades. Os distintos movementos dan como froito un gran rebaixamento do señorío feudal e a consecución dun amplo poder por parte da burguesía.

Non obstante o enfrontamento entre dúas clases antagónicas remata sendo definitivo. Deberán aparecer as circunstancias obxectivas que o fagan inevitabel trarse fraguando desde o século XIV.

É este un século de crises que trae fame e a peste sobre as clases populares galegas e de toda Europa (peste Negra de 1348-49). Labregos e burgueses ven truncada a súa lenta evolución cara a unhas condicións de vida máis humanas. E como a clase dominante da Galicia de entón a nobreza, non está disposta a sufrir no máis mínimo as consecuencias da crise, despois dunha longa guerra civil (en Galicia dura de 1336 a 1387) logra substituír a monarquía de Pedro I pola reaccionaria e antiburguesa de Enrique II Trastámara.

Desde ese momento comenza o paulatino ascenso da mediana nobreza trastamarista a costa de algunhas casas grandes. Os novos señores son aínda máis cobizosos e intentan paliar a súa fraxil situación económica cunha acentuada explotación do pobo, a súa presión sobre este aumenta astra límites difíceis de aturar.

Tanto máis se se ten en conta que desde finais do XIV e principios do XV o esforzo popular logra ir remontando a crise e o freno que continuamente vera diante, será o apetito señorial reducindo á nada os xa pequenos escudados burgueses e, sobre todo, labregos.

Dibuxo: XESUS CAMPOS



Para facerlles frente o pobo comenza a organizarse, creándose nas cidades primeiro e logo no campo as Irmandades, dispostas a enfrontarse ao poder do clero e os nobres.

No ano 1431 os labregos irmandados da zona de Pontedeume chantanse cara ao seu señor o conde de Andrade. Logo dunha violenta guerra seran esmagados, rematando así a Irmandade chamada "fusquenilla", dirixida por Roi Xordo.

Pero isto foi unha preparación, xunto cos continos "desordes" urbanos, da gran Revolución Irmandiña, que comenza o ano 1466 nas cidades galegas, desde onde rapidamente se estende ao campo.

Durante dous anos os Irmandiños gobernan o seu país, despois de por en fuga ou baixo control aos nobres.

Reorganizados e armados estes en Portugal e Castilla e contando co apoio dos respectivos estados lánzanse a ofensiva en 1469 e poñen fin a etapa revolucionaria.

O resultado social máis importante foi sen dúbida a anulación política e mesmo económica da clase social máis comprometida no movemento e cun papel futuro máis importante que era a burguesía en desenvolvemento. Mentras, o campesinado ficaba de novo na total sumisión e pasividade. Dabase así o paso fundamental no camiño da colonización de Galicia. Estábamos precocemente privados da clase dirixente dos países modernos, a burguesía.

A debilitada nobreza galega mantén difícilmente o seu poder, dividida e enfrontada entre si. Sería fácil presa para unha monarquía centralizada de novo corte, ben organizada e dirixindo a expansión colonial dun país en pleno auxe, como era o reino de Castilla. Galicia sería simplemente unha etapa no seu natural despegue colonial, sinalado tamen por Canarias, Granada e, finalmente, Ultramar (América, Filipinas...).

O motivo que permitiu a intervención

da Coroa no Reino de Galicia foi o alineamento da nobreza laica galega ao lado de Xoana "a Beltranexa" na guerra civil que a ententaba pola sucesión ao trono con Isabel "a Católica", permitiulle a esta continuar a campaña contra os nobres galegos e ocupar Galicia. A resistencia foi mantida polo conde de Camiña (Pedro Madruga) e sobre todo polo mariscal Pedro Pardo de Cela. En 1483 este é executado en Mondoñedo en no noso país instálanse unha vez rematada a que se chamou "castración y doma del Reino de Galicia", os organismos administrativos (Audiencia) e represores (Santa Hermandad) castelanos.

Galicia sen clases dirixentes propias sería en adiante explotada pola clase dirixente española e dominada polo seu aparello estatal o Estado Español. As formas cambiarán no futuro, pero non o fondo.

ANSELMO LOPEZ CARREIRA